

Plan director da
**industria das
TIC**

2026-2028



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Edita:

Consellería de Economía e Industria

En colaboración co **Clúster TIC de Galicia** no marco do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster TIC de Galicia para a elaboración do Plan director da Industria das TIC

Colaboración e apoio institucional:

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Maquetación:

Zabala Innovation


Santiago de Compostela, 2026

Plan director da
**industria das
TIC**

2026-2028



XUNTA
DE GALICIA



Índice

1.	Introdución	6
2.	Liñas xerais e directrices	10
3.	Instrumentos de apoio á industria	22
4.	Dimensionamento e caracterización da industria galega	36
5.	Análise da situación actual do sector TIC	52
6.	Tendencias e proxección de futuro do sector TIC	66
7.	Obxectivos estratéxicos e criterios esenciais de intervención	78
8.	Prioridades sectoriais	86
9.	Plan de acción. Medidas e mecanismos para fortalecer a industria	96
10.	Marco económico-financeiro e planificación	146
11.	Sistema de gobernanza: procedemento de seguimento e avaliación	160
12.	Conclusións	176
	ANEXO I. Medidas	178
	ANEXO II. Relación de participantes no plan	250
	ANEXO III. Glosario de termos	252

01.





Introducción

A industria galega desempeña un papel fundamental no desenvolvemento económico e social de Galicia. Coa diversidade de sectores existentes na Comunidade, entre os que destacan a industria da automoción, a da construción naval, a do sector metalmeccánico, a industria forestal, a agroalimentaria ou a das TIC, Galicia ten unha estrutura industrial que contribúe de maneira significativa ao PIB rexional e á creación de emprego.

Nos últimos anos, a industria galega enfróntase a importantes desafíos derivados da globalización; da cambiante contorna tras diferentes acontecementos xeopolíticos a nivel mundial; da transición cara a unha economía verde e dixital; ou da necesidade de mellorar a competitividade en mercados cada vez máis esixentes, especialmente en Europa coas normativas e regulacións existentes. Con todo, Galicia tamén conta con importantes oportunidades para impulsar o seu crecemento sustentable a longo prazo, como a dispoñibilidade de recursos naturais, a transformación dixital e a innovación tecnolóxica, intrínsecas ao sector industrial, a colaboración público-privada ou a resposta aos esforzos de Europa cara á reindustrialización dos países da Unión.

O 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia: construción naval, automoción, industria das TIC, metalmeccánico, forestal-madeira e loxística. Grazas a esta declaración, estes sectores contarían con plans directores industriais específicos que servirían como folla de ruta, integrando as medidas, os mecanismos e os recursos necesarios para o seu impulso e, en xeral, para o desenvolvemento do territorio. O 17 de febreiro de 2025, o Consello da Xunta acordou declarar tres novos sectores como estratéxicos: alimentario, téxtil e confección, e industria da construción.

**O obxectivo destes documentos
é fortalecer o sector industrial
en Galicia, co fin de incrementar
o emprego de calidade e o
investimento, reforzando así todo
o tecido empresarial e as sinerxías
sectoriais e/ou intersectoriais.**

Os plans directores dos distintos sectores industriais de Galicia xorden dunha estreita colaboración público-privada entre a Xunta de Galicia e os destinatarios das medidas. Así, ao longo de varios meses, desenvolveuse dentro do sector TIC un proceso participativo e colaborativo de interlocución con todo o sector, onde se recolleron inputs de todos os representantes das diferentes cadeas de valor, desde clústeres e organizacións empresarias a grandes empresas e pemes, axentes de coñecemento, entidades de innovación, axentes sociais, representantes das persoas traballadoras, etc. Con todos eles desenvóléronse grupos de traballo e mesas redondas agrupadas en diferentes ámbitos, para analizar e identificar necesidades e posibles liñas de actuación que cómpre desenvolver a nivel sectorial. Posteriormente, esas necesidades priorizáronse para facilitar a súa resposta a través da definición das medidas e dos recursos que debe poñer en marcha a Xunta de Galicia para impulsar o sector.

O resultado de todo ese proceso recóllese nun documento que contén tres bloques de contido:

- **Bloque 1:** fai referencia aos contextos políticos rexional, nacional e europeo que enmarcan todo o plan, buscando identificar liñas clave que acheguen unha coherencia coa política europea e as súas fontes de financiamento.
- **Bloque 2:** analízase a cadea de valor TIC e a situación actual de cada un dos elementos desta, detectando puntos de mellora e puntos fortes en que apoiarse. Inclúese neste bloque unha análise e caracterización da industria galega das TIC.
- **Bloque 3:** establécense os obxectivos estratéxicos e os criterios esenciais sobre os que se asentará o plan, para pasar a reflectir as prioridades sectoriais e a resposta que a Xunta de Galicia lles dá a estas en forma de medidas, recollidas no plan de acción, e de recursos, previstos no marco económico-financeiro.

Por último, recóllese o procedemento de seguimento e avaliación do plan director. Este procedemento garante non só a revisión do plan prevista normativamente, senón tamén que se converta nunha canle estable de comunicación co sector, nunha ferramenta viva de política industrial e nun medio que facilite a toma de decisións por parte da Xunta de Galicia.



02.





Liñas xerais e directrices

- 2.1 Contexto actual: transición verde e dixital
- 2.2 Política industrial de Galicia
- 2.3 PEG 2022-2030 e outras políticas relacionadas

02. | Liñas xerais e directrices

►► 2.1 Contexto actual: transición verde e dixital



A industria debe liderar a dobre transformación verde e dixital, que supón un novo paradigma e constitúe, actualmente, o gran reto da sociedade europea. Esta transición verde e dixital é un proceso vital e dinámico que reflicte a necesidade urxente de abordar desafíos sociais, ambientais e económicos, promovendo a sustentabilidade e a competitividade nun mundo cada vez máis dixitalizado.

O paradigma da *twin transition* da UE implica que se deban abordar simultaneamente a transformación no consumo de enerxía e na dixitalización da economía europea. Esta dobre transición está impulsada por diversas estratexias políticas e técnicas tanto a escala europea como nacional e rexional.

No sector das TIC, o impulso político á transformación dixital quere facer evolucionar todos os sectores económicos e sociais. A Estratexia Dixital Europea busca facer de Europa unha líder global na economía dixital, centrándose en áreas como a intelixencia artificial, o 5G, os semicondutores, a robótica, a ciberseguridade e a dixitalización da industria. Esta estratexia complementase co Programa Europa Dixital, que financia diversas actuacións que van desde mellorar a infraestrutura dixital a desenvolver competencias dixitais avanzadas entre a cidadanía europea. Máis en concreto, a Comisión Europea lanzou en marzo de 2021 unha iniciativa destinada a promover e acelerar a transformación dixital de Europa para 2030, chamada **Década Dixital para 2030**. Esta estratexia establece unha folla de ruta e uns obxectivos claros para garantir que a Unión Europea (UE) poida aproveitar ao máximo as oportunidades que ofrece a dixitalización en todos os ámbitos económicos e sociais.

A estratexia da Década Dixital Europea marca un punto de inflexión a nivel internacional, ao amosar a diferenciación de Europa fronte a outras rexións, cunha clara orientación cara ao apoio do progreso tecnolóxico e, ao mesmo tempo, á defensa dos seus valores desde unha perspectiva centrada na sociedade. Neste sentido, pon o foco na ética, no reforzo das capacidades das persoas e na sustentabilidade, alén de buscar de forma decidida a soberanía tecnolóxica europea en áreas clave como: IA, redes, ciberseguridade, chips, tecnoloxía cuántica, robótica, xestión dos datos, a dixitalización do tecido empresarial, e a preservación da cultura, o patrimonio e os contidos.

2030 DÉCADA DIXITAL




Ilustración 1: Liñas da Década Dixital Europea e da Axenda España Dixital 2025

Fonte: Elaboración propia baseándose en infografías da UE e MITECO

ESPAÑA DIXITAL 2026

1. Garantir unha conectividade dixital adecuada para toda a poboación, promovendo a desaparición da fenda dixital entre zonas rurais e urbanas.
2. Seguir liderando o despregamento da tecnoloxía 5G en Europa.
3. Incrementar as capacidades de ciberseguridade en España.
4. Transitar cara a unha economía do dato, garantindo a seguridade e privacidade e aproveitando as oportunidades que ofrece a Intelixencia Artificial.
5. Impulsar a dixitalización das Administracións Públicas.
6. Acelerar a dixitalización das empresas.
7. Impulsar a transformación dixital e sostible en varios sectores estratéxicos: agroalimentario, saúde, mobilidade, turismo e comercio.
8. Impulsar España como *Hub* Audiovisual.
9. Reforzar as competencias dixitais da forza laboral e do conxunto da cidadanía.
10. Garantir os dereitos dixitais da cidadanía.


En España, a Axenda España Dixital 2026 recolle un conxunto de medidas, reformas e investimentos, articulados en dez eixes estratéxicos, aliñados coas políticas dixitais marcadas pola Comisión Europea, aos que se suman dous novos eixes transversais para impulsar proxectos estratéxicos de grande impacto. Este plan estratéxico abarca o despregamento de infraestruturas dixitais de última xeración, a promoción da economía dixital e a mellora das competencias dixitais da poboación. Ademais, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia asigna unha parte substancial dos seus fondos á dixitalización da economía e da Administración pública, co obxectivo de tratar que España aproveite as oportunidades que ofrece a innovación tecnolóxica.

A actualización da axenda no último ano incorporou as prioridades para os próximos meses e dous novos eixes transversais referidos aos Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE) e a iniciativa Retech, unha rede de proxectos estratéxicos emblemáticos transformadores na área dixital propostos polas comunidades autónomas.

Ao mesmo tempo, o seu compoñente número 12 (Política Industrial España 2030) define un obxectivo xeral: o impulso da modernización e a produtividade do ecosistema español de industria-servizos mediante a dixitalización da cadea de valor, o impulso da produtividade, a competitividade e a mellora da eficiencia enerxética dos sectores estratéxicos claves na transición ecolóxica e transformación dixital.

O anterior materialízase nos seguintes obxectivos concretos:

- Dixitalización de sectores estratéxicos, establecendo mecanismos de colaboración público-privada para desenvolver solucións tecnolóxicas que incrementen a produtividade en toda a cadea de valor destes sectores.
- Modernización e sustentabilidade da industria, con especial atención ao acompañamento da transformación da industria electrointensiva.
- Promoción das industrias de condución “verde” e dixital, incluíndo proxectos de interese común europeo.
- Estratexia Española de Economía Circular e modernización do sistema de transporte, xestión e tratamento de residuos.



A **Estratexia Galicia Dixital 2030** constitúe a folla de ruta para potenciar o aproveitamento das tecnoloxías dixitais co fin de acadar os obxectivos de desenvolvemento rexional. A dita estratexia pretende situar Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sustentable nas súas tres vertentes: social, económica e medioambiental. Este plan director debe concretar medidas para que, desde o ecosistema sectorial TIC e o tecido empresarial, se poidan alcanzar os resultados propostos nesta estratexia.

Aliñada coa anterior, a **Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030** conta con diversas liñas de actuación que inclúen: adoptar a IA no sector público, para o que é necesario fomentar a colaboración público-privada para integrar a intelixencia artificial nos servizos públicos; abordar a economía do dato e a soberanía dixital no marco do espazo europeo de datos; e, por último, determinar como fundamental a adopción de tecnoloxías intelixentes nas pemes e o desenvolvemento de habilidades dixitais.




Ilustración 2: Eixes da Estratexia Dixital 2030

Fonte: Xunta de Galicia. Amtega. 2020




Ilustración 3: Liñas principais do Pacto Verde

Fonte: Unión Europea 2020

Á súa vez, Europa atópase inmersa nunha profunda transición verde, detallada no **Pacto Verde Europeo**, co ambicioso obxectivo de converter Europa no primeiro continente climaticamente neutro para 2050. Dentro do propio Pacto Verde, existe un plan industrial que busca incrementar a competitividade da industria europea mediante a adopción de medidas que conduzan a cero emisións netas, impulsando así a transición cara á neutralidade climática. Para asegurar a súa correcta implantación, desenvolvéronse lexislacións específicas, como a Lei europea do clima e o paquete "Fit for 55".

España, en liña cos obxectivos europeos, estableceu a súa propia folla de ruta para a transición verde. O Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, revisado posteriormente para o período 2023-2030, é un documento estratéxico

que fixa metas concretas para a redución de emisións, a mellora da eficiencia enerxética e a promoción de enerxías renovables. Complementando este plan, a Lei de cambio climático e transición enerxética, aprobada en 2021, ten como obxecto facilitar a descarbonización da economía española e a súa transición a un modelo circular.

Finalmente, as estratexias europeas, nacionais e autonómicas conflúen aliándose cos obxectivos da Estratexia Industrial Europea lanzada en marzo de 2020 e actualizada en maio de 2021. Esta estratexia céntrase sobre tres liñas principais: mellorar a resiliencia do mercado único europeo, reforzar a autonomía estratéxica da UE e acelerar a dobre transición ecolóxica e dixital. Inclúe, ademais, medidas para apoiar a innovación, para modernizar industrias existentes, para promover tecnoloxías limpas e dixitais e para crear empregos cualificados, así como para fomentar a cooperación transnacional e a formación en competencias dixitais.

Máis recentemente, a Unión Europea reforzou de maneira decidida a súa política industrial cun enfoque orientado á autonomía estratéxica aberta, á competitividade e á seguridade económica, tal e como se reflicte na actualización da Estratexia Industrial Europea impulsada pola Comisión Europea. Neste contexto, destaca o Pacto por unha Industria Limpa (Clean Industrial Deal), orientado a garantir condicións favorables para a produción industrial en Europa mediante enerxía accesible, marcos regulatorios máis simples e un acceso a financiamento máis áxil; o Critical Raw Materials Act, aprobado para reducir dependencias externas en materias primas estratéxicas esenciais para a transición verde, dixital e para a defensa; ou os plans de acción sectoriais lanzados en 2024-2025 para industrias clave como a química, a automoción ou as tecnoloxías limpas. A estas políticas súmase o avance dunha axenda europea de seguridade económica e industrial, que incorpora por primeira vez de forma explícita a dimensión de defensa e resiliencia industrial, reforzando a produción interna, a cooperación entre Estados

membros e a protección das cadeas de valor críticas. En conxunto, estas iniciativas evidencian un cambio estrutural na UE, que trata de pasar dunha política baseada case exclusivamente no mercado a unha política industrial máis activa, coordinada e orientada a buscar capacidade produtiva propia, emprego industrial e liderado tecnolóxico a longo prazo.

No seu conxunto, desde un punto de vista socioeconómico, a transición dixital e verde representa unha oportunidade para impulsar a innovación e a competitividade en Galicia, incrementando as compoñentes tecnolóxicas nos diferentes sectores industriais e situando mellor a Comunidade para aproveitar novos mercados e crear empregos en ámbitos emerxentes, algúns deles relacionados co aproveitamento das enerxías renovables, os das tecnoloxías da información e da comunicación, os da intelixencia artificial e os da economía circular. No seguinte apartado descríbese con máis detalle a política industrial na Comunidade.




Ilustración 4: Eixes da política europea
Fonte: Unión Europea 2017.

Existe consenso europeo, nacional e rexional sobre a importancia das tecnoloxías dixitais para a competitividade e soberanía; porén, non se abordou nin o impulso da cadea de valor no seu conxunto nin o recoñecemento deste ámbito como un sector estratéxico que require unha abordaxe singular, ao tratarse dun sector mixto industrial e de servizos. A aposta da Xunta de Galicia por dotar o sector TIC galego de medidas de apoio cunha visión integral permitirá fortalecer o conxunto da economía e da sociedade que precisan solucións dixitais. Para iso, cómpre poñer o foco, en primeiro lugar, en instrumentos e medidas adaptadas á singularidade das empresas TIC e, en segundo lugar, no reforzo das necesidades do resto de entidades e axentes usuarios da dixitalización.

►► 2.2

Política industrial de Galicia



A política industrial en Galicia está enfocada a **fortalecer e modernizar o seu tecido produtivo, a mellorar a competitividade das súas empresas e a fomentar un desenvolvemento sustentable e inclusivo**. A industria na Comunidade é diversa e inclúe sectores consolidados como o naval, o metalmecánico, a automoción, a forestal-madeira, a loxística ou a alimentación, e tamén sectores emerxentes como a industria das tecnoloxías da información e a das enerxías renovables e do almacenamento enerxético.

Como parte fundamental do tecido empresarial galego, a industria vese afectada por distintos documentos estratéxicos. A continuación, resúmense algúns destes documentos que inclúen medidas para o desenvolvemento da industria durante os últimos anos:

1. Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030
2. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 2015-2020
3. Estratexia Galega de Economía Circular 2019
4. Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023
5. Axenda Enerxética de Galicia 2030
6. Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050
7. Estratexia Galicia Dixital 2030
8. Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030
9. Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia) 2021-2027
10. Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027

Alén desa presenza transversal en distintos documentos, existe un marco legal específico para o desenvolvemento da política industrial, como é o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, que ten entre os seus obxectivos **deseñar os instrumentos precisos para a eficaz e eficiente realización das actividades de planificación e de promoción no ámbito das competencias que o Estatuto de autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia**.

No título II (Planificación da política industrial) do devandito texto refundido, recóllense dous instrumentos para a planificación da política industrial na Comunidade:

- **Os plans directores dos distintos sectores industriais**, que son instrumentos de carácter estratéxico que teñen como finalidade promover o desenvolvemento da actividade industrial no sector específico que corresponda, mediante a definición das medidas necesarias para o seu impulso.
- **O plan autonómico de impulso e aceleración dos proxectos industriais**, que é o instrumento para facilitar a implantación e ampliación de determinados proxectos industriais en Galicia e reducir os seus prazos, tendo en conta a súa relevancia e o seu interese no marco da política industrial.

É no primeiro dos instrumentos onde se encaixa este Plan Director da Industria das TIC, así como o resto dos plans sectoriais dos distintos sectores industriais (algúns deles xa aprobados, como o do sector da automoción e o da construción naval). O funcionamento do citado instrumento debullarase nos seguintes apartados.

►► 2.3

PEG 2022-2030 e outras políticas relacionadas




Tanto a política industrial en si mesma como as outras políticas relacionadas encádranse na estratexia xeral da Comunidade, delimitadas no **Plan Estratéxico de Galicia para o período 2022-2030**. A estratexia xorde dunha análise exhaustiva da situación socioeconómica e territorial de Galicia, tendo en conta os escenarios macroeconómicos e financeiros previstos para os próximos anos. O plan céntrase en deseñar medidas que aborden os desafíos demográficos, que impulsen a sustentabilidade ambiental e a dixitalización, que fomenten a innovación e o capital humano, que valoren os aspectos distintivos da comunidade autónoma e que promovan unha recuperación económica resistente e sustentable. O anterior plasmasse en cinco eixes, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos, resumidos a alto nivel no cadro da seguinte páxina.

A intersección entre as políticas industrial, enerxética e económica en Galicia supón un eixe fundamental para trazar unha folla de ruta cara a un desenvolvemento económico sustentable e resiliente na Comunidade Autónoma. Neste contexto, a política enerxética de Galicia cobra unha

relevancia crucial ao orientar o rumbo cara a unha matriz enerxética máis diversificada, limpa e sustentable, porque as tecnoloxías dixitais deben ser sustentables. Os investimentos das industrias e infraestruturas relativas ao sector TIC –por exemplo, os centros de procesamento de datos– teñen a necesidade de buscar territorios con dispoñibilidade de recursos renovables para implementar as súas iniciativas, co fin de poder alcanzar o obxectivo da descarbonización. Esta é unha das razóns polas que Galicia está a ser un lugar que concentra o interese dos investidores e está a aproveitar unha oportunidade que lle outorga unha importante vantaxe competitiva.

A aposta polas enerxías renovables, pola eficiencia enerxética e pola descarbonización da economía presenta oportunidades de creación de emprego e crecemento económico. Ademais, Galicia despregou un abanico de iniciativas complementarias, como a **Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2025 e o Plan Rexional de Integrado de Enerxía e Clima 2030**, ambos actualizados en xaneiro de 2025.



Neste marco, o **Programa Galego de Intelixencia Artificial 2026-2028** presenta unha relación directa cos fins do Plan Director da Industria TIC, ao contribuír á adopción estratéxica da IA nas empresas e nos servizos públicos.

A **Estratexia para a Educación Dixital 2030**, pola súa parte, ten como obxectivo promover o desenvolvemento da contorna educativa dixital e mellorar as habilidades dixitais das comunidades educativas a través de accións dirixidas a estudantes, profesorado, familias, institucións educativas e a comunidade en xeral. En liña con estes aspectos, tamén destacan a **Estratexia de Inclusión Educativa de Galicia** (EduInclusión 2030) e a **Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030**.

Tamén hai iniciativas sectoriais; por exemplo, a **Estratexia de Dixitalización e Innovación en Materia de Estradas de Galicia**, que require no-

vas tecnoloxías adaptadas á singularidade de dimensión e impacto deste tipo de infraestruturas. No campo da atención sanitaria e hospitalaria, a dixitalización é unha das pancas sinaladas na misión da **Estratexia Galega de Saúde 2030**, onde se identifican as tecnoloxías como a intelixencia artificial, a robótica, o *big data*, a monitorización remota do paciente (RMP), a telemedicina, as aplicacións e os dispositivos móbiles, ou o deseño de hospitais líquidos, que teñen que contribuír ao modelo de atención integral e holístico da saúde das persoas baseado no modelo das 6P, pero tamén mellorar a experiencia do paciente e a súa calidade de vida.

Por último, as accións previstas na **Estratexia Retorna e na Estratexia Galega de Acción Exterior 2025-2029** permiten abordar os retos da industria fronte aos cambios demográficos e a internacionalización empresarial.

A dixitalización é unha constante en calquera plan e estratexia actuais, xa que é un facilitador imprescindible para o despregamento de novas solucións. Por este motivo, o plan director debe recoller a visión do sector TIC, pero tamén a perspectiva dos principais actores públicos e privados, sectoriais ou doutra índole, para garantir que o tecido empresarial TIC de Galicia sexa capaz de dar resposta e crecer paralelamente ao ritmo e capacidade, e nos mesmos ámbitos, que demanda o resto da economía.

Ilustración 5: Eixes do Plan Estratéxico de Galicia para o período 2022-2030.

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Eixe 1. O reto demográfico	1.1 Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada.
	1.2 Mellorar a atención ao benestar e a calidade de vida das familias.
	1.3 Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade.
	1.4 Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.
Eixe 2. Galicia verde e sostible	2.1 Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade ás fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico.
	2.2 Garantir unha mobilidade sustentable.
	2.3 Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.
	2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e á protección do patrimonio natural.
Eixe 3. Competitividade e crecemento	3.1 Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas.
	3.2 Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible.
	3.3 Impulsar o crecemento e competitividade das pemes, a transición industrial e o emprendemento.
	3.4 Promover as infraestruturas produtivas.
	3.5 Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo.
	3.6 Fomentar o turismo sustentable e de calidade.
Eixe 4. Cohesión social e territorial	4.1 Promover unha educación inclusiva e de calidade.
	4.2 Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e para a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante. Garantir a igualdade de trato e a non discriminación.
	4.3 Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.
	4.4 Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única.
Eixe 5. Gobernanza	5.1 Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade.
	5.2 Unhas finanzas sustentables para un crecemento san.
	5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa.

03.





Instrumentos de apoio à industria

3.1 Mapa industrial

3.2 Plans directores sectoriais

3.3 Outros instrumentos

03. | Instrumentos de apoio á industria



Como se recolle no apartado anterior, as actuacións da Xunta de Galicia en materia de política industrial afectan de maneira transversal a distintos instrumentos de planificación. Neste capítulo analizaranse os instrumentos adoptados pola Xunta de Galicia especificamente para apoiar e desenvolver o tecido industrial rexional. En particular, centrarase a atención en dous instrumentos fundamentais: **o mapa industrial e os plans directores sectoriais da industria**.

Ambos están regulados polo mesmo marco normativo, definido no Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legislativas da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, modificado pola Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Por unha banda, o **mapa industrial** que se está desenvolvendo desde a Xunta de Galicia vaixe converter nunha ferramenta cartográfica estratéxica que delineará as actividades industriais na comunidade autónoma. Non só identificará as áreas industriais existentes, senón que tamén servirá como instrumento predictivo para orientar os investimentos futuros e as políticas de desenvolvemento territorial.

Ao mesmo tempo, **os plans directores sectoriais da industria** son cruciais na política industrial galega, establecendo estratexias e directrices para desenvolver os sectores industriais estratéxicos. Abordan aspectos como a promoción da innovación, o reforzo da competitividade das empresas locais e a creación de sinerxías entre os diversos axentes do sector.

Ambos os instrumentos, malia as súas particularidades, **comparten unha estrutura e unha metodoloxía comúns** establecidas polo marco normativo vixente, garantindo coherencia e eficacia nas estratexias adoptadas para o fortalecemento do tecido industrial galego.

Aseguir, faise referencia a cada un dos instrumentos.

▶▶ 3.1 Mapa industrial



O mapa industrial de Galicia concíbese como un **instrumento complementario aos plans directores** sectoriais que achegará información sobre as estruturas esenciais e necesarias para a súa planificación e desenvolvemento.

Este instrumento de política industrial presenta un valor e unha utilidade propios. Neste sentido, a súa funcionalidade principal establécese arredor de tres actividades básicas:



- **Análise:** o mapa industrial debe servir para compoñer unha perspectiva analítica exhaustiva e fundamentada en fontes oficiais e cuantitativas da situación da industria galega.



- **Consulta:** o mapa debe servir como instrumento de consulta de información fiable, actualizada, contextualizada, comparable e visual para os responsables públicos implicados no deseño e no desenvolvemento de políticas de planificación e promoción industrial.



- **Medición de impacto:** ademais de incluír un cadro de mando de indicadores propio para medir o impacto das súas medidas, o mapa industrial é unha canle pola que comprobar os seus resultados finais e a súa capacidade de transformación do tecido industrial.

Este instrumento é, na súa perspectiva máis básica, unha matriz de datos que se estruturará nunha serie de eixes que conforman a súa estrutura temática:



Eixe de empresas industriais

Que serve para caracterizar as organizacións produtivas que operan nos sectores industriais en termos de natureza, número, tamaño e forza de traballo.



Eixe de territorio

Que se emprega para definir as características do territorio en que se atopan as empresas industriais, fundamentalmente desde o punto de vista socioeconómico.



Eixe de solo industrial

Que ten como propósito informar sobre a situación do solo dispoñible para as actividades industriais.

Máis alá da súa función á hora de determinar os sectores estratéxicos da industria galega, a través da información contida no mapa poderá facerse un seguimento dos plans directores, pero tamén ter información actualizada que permita obter informes, cadros de mando, gráficas, sistemas de alerta, DAFO e demais datos de análise que poidan servir como base para tomar decisións estratéxicas en política industrial.

Cada eixe está definido por un conxunto de variables ou indicadores específicos que axudan a concretar e definir os eixes.

Eixe	Empresas industriais	Territorio	Solo industrial
Variable	• Caracterización de empresas • Densidade empresarial • Crecemento de empresas • Especialización industrial	• Man de obra dispoñible • Risco de despoboamento • Situación económica • Emprendemento	• Dimensión • Accesibilidade • Dotacións • Conexións

Cada variable está, á súa vez, definida por un conxunto de dimensións que permiten matizar a información resultante e, así, a propia variable pode adecuarse ás necesidades específicas que xurdan con cada consulta.

Estes datos derivan do procesamento de datos obtidos dunha ou varias fontes de información.

En resumo, o mapa industrial de Galicia está a conformarse como unha ferramenta de información fundamental no deseño de políticas públicas, xunto cos plans directores sectoriais, que se recollen no seguinte apartado.


▶▶ 3.2 Plans directores sectoriais



Os **plans directores sectoriais** son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas.

O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e o mantemento do emprego na industria.

As medidas previstas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O obxectivo último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais. Por iso é polo que, como se verá no apartado correspondente, **as prioridades sectoriais están agrupadas ao redor dos seguintes ámbitos:**



Ao mesmo tempo, os plans directores industriais sectoriais fixan os seus obxectivos dentro dun período temporal concreto; no caso deste plan director, eses obxectivos abranguerán o **período 2026-2028**, malia que o enfoque derivado das tendencias e prioridades sectoriais abarcan unha **visión 2030**. Dentro deste marco temporal trienal, especifícanse **os mecanismos e recursos necesarios para lograr estes obxectivos**, así como os sistemas que se utilizarán para avaliar a eficacia e a eficiencia das medidas implantadas. Estes plans non só establecerán un camiño claro para o desenvolvemento industrial, senón que tamén proporcionarán un marco para a avaliación continua e a adaptación, asegurando que as estratexias sigan sendo relevantes e efectivas nun contorno industrial en constante cambio.



En resumo, estes plans buscan identificar e **superar as barreiras que poidan impedir o crecemento industrial**, promovendo un ámbito favorable para a innovación e a modernización das infraestruturas industriais cun enfoque centrado nas persoas.

Ao mesmo tempo, destácase a importancia da sustentabilidade, asegurando que o crecemento industrial non só sexa economicamente viable, senón tamén ambientalmente responsable e socialmente inclusivo.

En canto á metodoloxía, os plans directores sectoriais seguen un enfoque de **cuádrupla hélice**, implicando no proceso a Administración e o tecido empresarial, xunto á denominada academia/centros de competencias e a propia cidadanía.



- **Cidadanía.** Ábrese unha dobre ventá para as achegas da cidadanía. De feito, unha das primeiras accións foi a publicación no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia da posta en marcha do proceso de elaboración do plan director. E haberá unha segunda publicación aberta tras a súa aprobación formal.
- **Academia/centros de competencia.** Integrados na cadea de valor do sector, foron incluídos no proceso igual que a propia industria.
- **Tecido empresarial e axentes sociais.** No anexo II recóllese a relación de axentes que participaron de maneira directa na elaboración do plan.
- **Administración.** Creouse un grupo de traballo coas distintas entidades da Xunta de Galicia competentes na materia.

O proceso dividiuse en varias fases:



Fase 1. Fase de lanzamento

- **Declaración dos sectores estratéxicos.** Baseándose en distintas fontes de información, entre as que se atopa a información manexada para a articulación do futuro mapa industrial, o Consello da Xunta do 29 de febreiro de 2024 declara estratéxicos:
 - Automoción
 - Construción naval
 - Industria metalmecánica
 - Industria das TIC
 - Sector forestal-madeira
 - Loxística industrial

O 17 de febreiro de 2025, o Consello da Xunta acordou declarar tres novos sectores como estratéxicos: alimentario, téxtil e confección, e a industria da construción.

- **Definición da metodoloxía e recollida de información base.**
- **Publicación no Portal de Transparencia da Xunta.**



Fase 2. Fase de análise

Esta fase centrouse no tratamento exhaustivo da información existente seguindo as indicacións e os contidos previstos no marco legal dos plans directores sectoriais.



Fase 3. Fase de interlocución sectorial

Probablemente sexa esta a fase máis relevante, dado que o estreito contacto co sector industrial avala o contido deste plan. Tanto os datos sectoriais como as tendencias e, sobre todo, as prioridades sectoriais xorden nesta fase de interlocución. Houbo varios tipos de contacto:

Houbo varios tipos de contacto:

Informante de primeiro nivel. Nesta categoría atópanse varios axentes:

- Os clústeres e agrupacións sectoriais industriais como representantes das diferentes cadeas de valor.
- As empresas e entidades do sector TIC que participaron nos *focus group* para detectar necesidades e determinar prioridades ou que, no caso de centros tecnolóxicos e doutras entidades de referencia para cada sector, foron entrevistados de maneira individual.

Outros informantes clave, tamén de dous tipos:

- Representantes das persoas traballadoras e axentes sociais.
- Representantes doutras cadeas de valor estreitamente ligadas ao sector.

Así, os plans directores industriais sectoriais están baseados nas necesidades reais manifestadas polo propio sector durante esa fase de interlocución.



Fase 4.

Identificación e priorización de medidas e redacción dos plans directores industriais sectoriais

Nesta fase **identificáronse as medidas específicas e estimouse o orzamento necesario para soste as iniciativas propostas baseándose nos resultados obtidos da priorización de necesidades e solucións**. Defínese un conxunto de accións concretas e asígnanse os recursos necesarios para a súa implantación, asegurando que as iniciativas sexan viables e efectivas. Unha vez recompiladas as necesidades e priorizadas e identificadas as liñas de actuación, a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial organizou un grupo de traballo (GT) con todos os órganos da Xunta que teñen competencias sobre as medidas que cómpre poñer en marcha. O GT foi o encargado de proporcionar e validar as medidas e de definir o seu marco financeiro.

O resultado final é a elaboración e redacción dos plans directores industriais. Este enfoque metodolóxico **garante que os plans directores industriais sexan froito dun proceso riguroso e colaborativo, aliñado coas necesidades reais do tecido industrial galego**. Ademais, permite a participación activa dos actores clave do sector, asegurándose de que as medidas propostas sexan relevantes e teñan un impacto positivo no desenvolvemento industrial da comunidade autónoma.



Fase 5.

Fase final

Esta fase está liderada pola Xunta de Galicia, por ser o axente principal de dúas das tres actividades:

- Determinación das medidas que dan resposta ás necesidades/prioridades sectoriais, calendarización e determinación do seu marco económico-financeiro.
- Trámites de aprobación formal dos plans directores industriais sectoriais polo Consello da Xunta tras informar ao Consello Económico e Social e ao Consello de Economía e Competitividade, así como publicación no Portal de Transparencia.
- Paralelamente ao anterior, deseñase o sistema de seguimento e avaliación do plan, así como o seu sistema de gobernanza.

O enfoque de cuádrupla hélice e o esquema en distintas fases, coa participación activa de todo o sector e da Xunta de Galicia no seu conxunto, garanten a conexión entre as prioridades sectoriais aquí recollidas e as necesidades reais dos sectores industriais de Galicia.

▶▶ 3.3 Outros instrumentos



3.3.1 *Impulso de proxectos industriais*

A lexislación autonómica regula dúas figuras orientadas a impulsar os proxectos industriais en Galicia co obxectivo de contribuír a que poidan executarse no menor tempo posible, mediante o acompañamento e asesoramento ás persoas promotoras dos investimentos durante as tramitacións administrativas que sexan necesarias, así como a simplificación e axilización das ditas tramitacións. Estas figuras son os proxectos incluídos dentro do Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais e os proxectos industriais estratéxicos (PIE).

Trátase de dúas ferramentas de atracción de investimentos e axilización administrativa que permiten o acompañamento e o asesoramento ás persoas promotoras durante as tramitacións administrativas que sexa necesario realizar ante a Administración xeral da Comunidade Autónoma e outras administracións públicas, co obxectivo de contribuír a que os proxectos industriais poidan ser executados no menor tempo posible.

No caso do Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, os proxectos que aspiren a ser incluídos nel deben acreditar un investimento superior a 800.000 euros en activos fixos, excluídos os terreos. Mediante este plan, alén de darse o indicado acompañamento e asesoramento, e reducirse os prazos na tramitación dos procedementos, colabórase co concello onde se vai a implantar o proxecto, asegurando a coordinación entre as administracións, así como a cooperación e asistencia activa que puidese precisar a Administración municipal para o eficaz

cumprimento das súas competencias en relación coa implantación do proxecto, coa finalidade de lograr a posta en marcha do proxecto industrial no menor tempo posible.

Pola súa banda, a figura dos proxectos industriais estratéxicos (PIE), cuxa tramitación urxente está impulsada de oficio pola Xunta de Galicia, está deseñada para que se poidan acoller a ela os proxectos que acrediten, entre outros requisitos, un investimento superior a dous millóns de euros en activos fixos, excluídos os terreos, e a creación dun mínimo de 25 empregos. Esta figura busca atraer e potenciar novos investimentos nacionais e internacionais, fomentar a innovación, a internacionalización e a competitividade, así como simplificar os procedementos administrativos necesarios para a súa implantación.

Igualmente, atópase en fase de tramitación o anteproxecto de lei de administración ambiental de Galicia que, no marco da regulación básica estatal, busca establecer o marco normativo para a prevención e o control integrados da contaminación, mellorar a eficiencia no uso sostible dos recursos e promover a economía circular e a descarbonización, co fin de alcanzar un nivel elevado de protección do medio ambiente e da saúde humana na Comunidade Autónoma de Galicia, así como realizar unha simplificación regulatoria, ao recoller nun único texto a regulación das distintas técnicas de ordenación e avaliación ambiental, integrando, axilizando e simplificando diversos trámites ambientais.



3.3.2 Medidas de fomento de dispoñibilidade de solo empresarial

Nos últimos anos, impulsáronse distintas iniciativas legislativas que incorporaron instrumentos de apoio á industria, dirixidos a fomentar a dispoñibilidade de solo empresarial, que buscan facilitar o desenvolvemento e a implantación de proxectos empresariais en Galicia.


No ano 2024 estendeuse o réxime de dereito de superficie a todas as parcelas propiedade da sociedade Xestión do Solo de Galicia (Xestur, S.A.), incluíndo os oito primeiros anos de utilización de forma gratuíta.

Por outra banda, coa finalidade de dar resposta ás demandas urxentes de creación de solo empresarial e de implantación de proxectos industriais, así como para reducir os prazos de inicio das actividades económicas, deseñouse unha nova figura que permite a creación de solo empresarial nas áreas en que se promovan iniciativas empresariais que poidan ser cualificadas como proxectos industriais estratéxicos, mediante a posibilidade de tramitar conxuntamente tanto o instrumento urbanístico de creación de solo empresarial (a través dun Proxecto de interese autonómico) como a propia tramitación dos proxectos industriais estratéxicos. Ademais, co obxecto de favorecer a implantación de iniciativas empresariais e industrias en áreas rurais, a redución dos prazos de inicio das actividades económicas, a creación de empregos e o impulso e a dinamización demográfica, o sector público autonómico está a fomentar a creación de solo empresarial en concellos rurais. Con este fin, e como medida temporal e extraordinaria, habilitouse a posibilidade de declarar e aprobar proxectos de interese autonómico de creación de solo empresarial en concellos cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.

Nos dous instrumentos indicados no parágrafo anterior, establécese unha tramitación áxil e que reduce ao máximo os prazos de tramitación, coa finalidade de conseguir que as industrias poidan dispoñer do solo empresarial que requiren para a súa implantación ou ampliación, acelerando o máximo posible o inicio da súa actividade económica e de creación de emprego industrial. Ademais, prevese a posibilidade de que as entidades instrumentais do sector público autonómico con competencias en materia de creación de solo empresarial, ou as entidades do sector público local, poidan participar na sociedade que desenvolva o proxecto de interese autonómico, fomentando a colaboración público-privada na creación de solo empresarial.

En xaneiro do ano 2026, entraron en vigor novas normas incluídas na Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como a aplicación da tramitación de de urxencia e, polo tanto, redución á metade os prazos de tramitación de todas as figuras de planificación, desenvolvemento e execución de solo empresarial previstas na Lei de áreas empresariais de Galicia; ou o establecemento de medidas para facer máis eficientes e flexibles os mecanismos de venda ou alugueiro de solo empresarial promovido pola Sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

Finalmente, estanse a adoptar outras medidas que teñen o mesmo obxectivo de colaborar co sector nos aspectos relativos a facilitar a selección e utilización do solo empresarial, como a delimitación de zonas de implantación prioritarias de proxectos industriais, que permite identificar e difundir áreas con características especialmente aptas para albergar novas iniciativas industriais, ou as melloras na xestión e operación do Censo de solo empresarial de Galicia, o que permitirá que o sector industrial teña un mellor coñecemento das parcelas dispoñibles para implantar os seus proxectos.



3.3.3 Medidas dirixidas a reducir os custos enerxéticos da industria galega a través do aproveitamento de recursos naturais

Un dos problemas aos que se enfrontan as empresas na actualidade é o elevado custo enerxético, así como a súa variabilidade.

Neste contexto, o tecido produtivo reclama propostas concretas en materia enerxética que posibiliten dispoñer de prezos estables e competitivos que lle permita crecer e, asemade, poder cumprir o reto da descarbonización da súa actividade.

Neste contexto, o pasado 11 de novembro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. O obxecto desta lei é promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego mediante a regulación e a promoción dunha serie de actuacións e instrumentos, entre os que se atopa a busca do maior beneficio social e económico na execución dos proxectos que aproveitan recursos naturais en Galicia (fontes de enerxía renovables, concesións de augas para certos usos ou proxectos mineiros). Na relación de posibles beneficios sociais e económicos que se buscan mediante esta lei inclúense, entre outros, diminuír os custos da enerxía e reducir a dependencia enerxética das persoas consumidoras locais e industrias das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos ou da Comunidade Autónoma.

En coherencia cos obxectivos desta lei, mediante a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, propúxose incorporar unha serie de medidas dirixidas a que o aproveitamento de recursos naturais en Galicia repercuta dunha forma beneficiosa nos consumidores de enerxía galegos e, entre eles, na industria galega.

As modificacións introducidas, que afectan tanto ás novas instalacións de aproveitamento de enerxía eólica como ás infraestruturas destinadas a usos industriais para producir enerxía eléctrica que revertesen á Administración autonómica nos casos de extinción de concesións, buscan que unha parte da enerxía producida (en xeral, un 50 %) teña que ser destinada a contratos de subministración de enerxía a medio ou longo prazo (PPA) a un prezo predeterminado para a súa utilización por consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos, ou, no caso de que non existisen consumidores solicitados nessas zonas, situados na Comunidade Autónoma de Galicia.


Desta forma, contribuírase a reducir os custos da enerxía e a diminuír a dependencia enerxética dos consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos, fomentando a constitución de comunidades de enerxías renovables e garantindo, en xeral, a dispoñibilidade dunha parte da enerxía xerada polos parques eólicos e instalacións hidroeléctricas por parte dos consumidores galegos con prezos estables a medio e longo prazo, evitando a variabilidade dos custos enerxéticos e mellorando a súa competitividade.

3.3.4 *Seguridade industrial*


Todos os sectores produtivos de Galicia, algúns de tanta transcendencia como a agricultura, a automoción, a enerxía, a minaría e o sector naval ou o comercio, están directamente afectados pola normativa de seguridade industrial.

Tradicionalmente, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo actuacións que permitan incrementar o nivel de cumprimento da normativa en seguridade industrial e, polo tanto, a prevención e limitación dos riscos asociados á seguridade das instalacións que afecten a persoas, bens e contorna.

Co fin de intensificar os resultados destas actuacións, desde o ano 2024 a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, está a desenvolver un conxunto extraordinario de actuacións para mellorar a seguridade industrial en Galicia. Entre as actuacións que se están levando a cabo, cómpre destacar:



- A creación do **Consello Galego da Seguridade Industrial**, a través dunha modificación do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro. Trátase dun órgano colexiado da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á Consellería de Economía e Industria, de natureza consultiva e de participación, para o impulso e coordinación dos criterios e actuacións en materia de seguridade industrial. Neste órgano están presentes as asociacións empresariais e sindicais máis representativas, os colexios profesionais con competencias en materia de industria, os axentes do sector industrial e do sistema da seguridade industrial de Galicia, así como os órganos da Administración autonómica competentes en materia de industria, enerxía, traballo, sanidade, medio ambiente, protección civil e ordenación do territorio. Este órgano permite avanzar na idónea aplicación das medidas dirixidas a garantir a seguridade industrial en Galicia, cunha estratexia coordinada con todos os axentes implicados na infraestrutura da seguridade e calidade industriais.
- O desenvolvemento de **plans extraordinarios de inspección de seguridade industrial**, que complementan os plans comúns que anualmente desenvolve a Consellería de Economía e Industria, e que teñen como finalidade colaborar coas empresas e persoas traballadoras na detección de posibles incidencias que poidan supoñer riscos para a seguridade das persoas ou dos bens.
- A implantación de **medidas de difusión e formación sobre seguridade industrial**, dirixidas a mellorar a formación das persoas responsables da seguridade industrial nas empresas, así como a difundir as vantaxes do cumprimento da normativa aplicable, co fin de concienciar a cidadanía sobre as vantaxes que supón manter as instalacións coa máxima calidade desde un punto de vista de seguridade. Entre as actuacións que se están desenvolvendo no marco deste plan, atópanse a realización de xornadas técnicas, o Congreso Anual de Seguridade Industrial ou a elaboración de guías didácticas nesta materia.



04.





Dimensionamento e caracterización da industria galega

4.1 Crecemento económico: VAB industrial

4.2 Emprego industrial

4.3 Productividade por persoa ocupada

4.4 Exportacións

4.5 Conclusións e retos



04.

Dimensionamento e caracterización da industria galega

Para analizar e dimensionar o peso da industria galega, tanto desde o punto de vista económico como en termos de emprego xerado, pártese da análise das seguintes variables:

- **Valor agregado bruto (VAB) da industria galega** – Evolución en cifras absolutas e referencia ao peso estrutural por contribución ao PIB.
- **Análise da ocupación industrial** – Cifra absoluta, porcentaxe con respecto ao total de ocupación galega, peso das diferentes ramas industriais, caracterización do perfil máis habitual da industria e o papel do emprego feminino.
- **Productividade por persoa traballadora**, calculada como un indicador que parte do VAB industrial e da cifra de poboación ocupada na industria.
- **Exportacións**, como variable de medida da internacionalización da industria galega.

Dentro da implantación do futuro mapa industrial de Galicia, teranse en conta outras variables de actividade industrial e o seu peso nos diferentes ámbitos territoriais, pero, para desenvolver este apartado, tomáronse variables macroeconómicas representativas que sirvan para perfilar a situación de partida do sector industrial galego.

►► 4.1 Crecemento económico: VAB industrial



O valor agregado bruto da industria galega reflicte unha tendencia positiva nos últimos anos, aínda que experimentou caídas derivadas do impacto da pandemia.




Ilustración 6: Evolución do VAB industrial (en miles de euros). Serie 2009-2024.

*Os datos anuais de 2022 son provisionais. Os datos anuais de 2023 e 2024 son avances

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE: contas económicas trimestrais

Como dato de referencia, debemos citar que, anteriormente á covid-19, o ano 2018 é o que marca o mellor rexistro en termos de VAB industrial, rexistrando o nivel máis alto desde 2009.

En período pospandemia, 2021 marca o inicio da recuperación, alcanzando un nivel de valor engadido bruto próximo aos mellores resultados dos anos precedentes. Porén, é no período 2022-2024 cando se consolida esta tendencia alcista, logrando rexistros récord e marcando os mellores resultados de toda a serie histórica de datos. Hai que destacar que en 2024 segue a mellorar o nivel de VAB industrial, ao rexistrar un incremento interanual do 2,6% sobre o ano precedente (incremento calculado a prezos correntes). Desde o punto de vista estrutural, **ao longo de 2024 a contribución media da industria ao PIB galego sitúase arredor do 16 %.**

En conclusión, podemos falar dun ciclo **positivo na evolución da cifra absoluta do VAB industrial**, pero o peso estrutural debería seguir incrementándose, tendo como **obxectivo alcanzar o 20 % da contribución da industria ao PIB galego.**



▶▶ 4.2 Emprego industrial



Partindo dos datos anuais da EPA para o ano 2024, a industria galega representa un 16% do total da poboación ocupada en Galicia, porcentaxe que supera a media estatal, que é do 13,3%. Baseándose nestes datos, pódese afirmar que, estruturalmente, o emprego industrial galego ten un peso superior ao de España.

A evolución da ocupación media industrial no período 2010-2024 queda reflectida na seguinte gráfica:




Ilustración 7: Evolución da ocupación industrial en Galicia.

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE EPA 2010-2024

Con respecto ao comezo da serie de datos, a ocupación industrial reflicte unha suba de 10.600 persoas, o que supón un ascenso do 6,14%. No ano 2024, Galicia rexistrou unha media de 183.300 persoas ocupadas na industria, incrementando a ocupación nun 9% con respecto ao dato de 2023, e alcanzando a cifra máis alta de toda a serie histórica de datos proporcionada desde o IGE. Procede resaltar que esta evolución positiva está a producirse malia a caída de poboación activa, 42.100 persoas menos que en 2010, un descenso do -3,23%.

+ 9% ↑

No ano 2024, Galicia rexistrou **unha media de 183.300 persoas ocupadas na industria**, incrementando **a ocupación nun 9%** con respecto ao dato de 2023

A seguir, caracterízase a ocupación industrial en Galicia, tanto desde o punto de vista da actividade como do perfil tipo das persoas que traballan no sector.




4.2.1 Caracterización da ocupación por ramas de actividade

A repartición da ocupación por ramas de actividade indica que a rama de alimentación e bebidas aglutina o 24% do total da ocupación industrial galega, é dicir, 1 de cada 4 persoas que traballan na industria galega fano nestas actividades. En segundo lugar, a fabricación de material de transporte (inclúe automoción e naval) representa un 22%, seguida de preto pola industria metalmecánica, cun 21%.

Destácase tamén a porcentaxe da industria da madeira e moble, cun 9%, e a do sector téxtil, cun 5%, ambos os sectores declarados industriais estratéxicos para os efectos de elaborar o seu plan director.

Ilustración 8: Distribución da ocupación industrial en Galicia

Fonte: Elaboración propia con datos IGE: EPA 2024



4.2.2 Caracterización das persoas ocupadas na industria galega

A análise das variables proporcionadas desde a EPA permite caracterizar a industria como un sector fortemente masculinizado que conta cun colectivo de persoas traballadoras de idades intermedias, aínda que lixeiramente nesgado cara ao segmento de 45-54 anos.





Cómpre destacar que a **poboación ocupada con menos de 30 anos representa o 10,58 % do sector industrial.**

Ilustración 9:

Perfís máis habituais e situación laboral da ocupación industrial

Fonte:

Elaboración propia a partir de datos IGE EPA



- Menos de 1 ano
- De 1 ano a menos de 2 anos
- De 2 anos a menos de 3 anos
- De 3 anos a menos de 6 anos
- 6 anos ou máis

Procede destacar que esta información permite debuxar un sector estable, con **traballos maioritariamente a tempo completo e onde o 61% das persoas ocupadas levan máis de 6 anos na mesma empresa**. Por outra banda, o sector industrial, xunto coa construción, son os sectores cunha menor taxa de temporalidade. No caso da industria, o 12% das persoas asalariadas teñen un contrato temporal, fronte a un 16% de media galega. Dito doutro xeito, **o 88% da poboación asalariada na industria conta cun contrato indefinido**.



Complementando esta información, **os salarios industriais superan os custos salariais da construción e dos servizos.**



Con respecto ao cuarto trimestre de 2023, todos os sectores económicos experimentaron unha suba salarial en 2024, pero é o sector industrial o que presenta un maior ritmo de crecemento interanual, concretamente un 7,32%, fronte a un incremento medio do 4,77%.

4.2.3 Emprego industrial feminino

As mulleres representan o 28% do total das persoas ocupadas na industria galega, pero esta sobre-representación feminina non se produce na industria téxtil, onde a muller concentra un 82% da ocupación, nin na industria de alimentación e bebidas, onde a participación de ambos os dous sexos aparece equilibrada.


Ilustración 10: Custos salariais/mes por sectores económicos.

Fonte:
INE enquisa trimestral de custo laboral T4 2024



Ilustración 11: Distribución da ocupación industrial por sexos*.

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE EPA 2024



*Os datos da EPA están estimados con base nos resultados da mostra, polo que os resultados agregados das variables poden dar lugar a sumas totais que superen o 100% en termos porcentuais.

A subrepresentación feminina concéntrase noutras ramas de actividade industrial máis técnicas, especialmente nas industrias extractivas, onde as mulleres só rexistran un 10% de ocupación.


►► 4.3

Produtividade por persoa ocupada

Contrapoiñendo as estatísticas dos dous apartados anteriores, podemos calcular o VAB industrial por persoa traballadora, é dicir, a riqueza que achega a industria ao PIB en termos de persoa ocupada no sector.

Ilustración 12:

Evolución do VAB/Evolución produtividade (en miles de euros).*



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE *contas económicas trimestrais*** EPA 2024.

Esta gráfica pon en evidencia que no período 2021-2023 o crecemento do VAB industrial foi acompañado dun incremento da produtividade por persoa ocupada no sector, logrando tamén cifras récord e mostrando unha evolución paralela por parte das dúas medicións. No ano 2024, o VAB segue a súa evolución positiva e a produtividade alcanza o terceiro mellor resultado da serie histórica en datos.

A dixitalización é un factor que beneficia claramente a produtividade. As novas maneiras de traballar supoñen cambios fundamentais no modelo de organización, fomentando a axilidade grazas á asistencia da tecnoloxía dixital. Estes cambios tamén requiren potenciar novas habilidades e experiencias colaborativas e compartidas intra e intersectoriais.

*A produtividade calculouse dividindo o VAB industrial anual entre o número de ocupados medios na industria ese mesmo ano.

**Os datos anuais de 2022 son provisionais. Os datos anuais de 2023 e 2024 son avances.



Os plans directores contan con eixes estratéxicos que tratan de **fomentar o desenvolvemento da dixitalización e a formación das persoas**, como vía de aumentar a produtividade e a competitividade das empresas.

Todo este proceso de cambio debe entenderse dentro da xa citada transformación dixital e verde, dado que a sustentabilidade é outro vector clave neste proceso de cambio dos sistemas produtivos e do modelo de negocio.


►► 4.4 Exportacións

Outro factor que favorece a expansión da industria galega, e que serve para diversificar mercados e minimizar riscos, é a internacionalización das empresas.

Ilustración 13: Evolución das exportacións 2009-2024
Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

Cifras récord,

As exportacións galegas están a marcar cifras récord, **superando os 31.000 millóns de euros no ano 2024.**




(Datos en miles de euros)

O maior peso das exportacións corresponde ao sector industrial, xa que supón ao redor do 95% do total das exportacións galegas. Centrándose nos resultados referidos a CNAE industriais (desde o 05 ao 39), a cifra de exportacións industriais supera os 29.600 millóns de euros atendendo ao resultado do ano 2024.

A internacionalización, o desenvolvemento de negocio e a apertura de novos mercados constitúen outro vector de competitividade que fomenta a diversificación de clientes e a minimización de riscos.

►► 4.5 Conclusións e retos



A industria galega evolucionou positivamente no ano 2024 a pesar do contexto socioeconómico cambiante dos últimos anos: inestabilidade económica global marcada polos conflitos xeopolíticos, os cales tiveron un efecto importante nas cadeas de subministración combinada coa crise enerxética que afectou negativamente á produción e á exportación. Ao mesmo tempo, os esforzos en sustentabilidade e a adaptación ás normativas ambientais esixiron investimentos significativos que, aínda que necesarios a longo prazo, supuxeron un verdadeiro reto inmediato.

En conxunto, a industria galega demostrou unha sobresaliente capacidade de resiliencia e adaptación, sentando as bases para un futuro promecedor, mais con importantes desafíos por superar.

Boa mostra é que, malia este contexto global, a industria galega evolucionou positivamente en cifras de VAB industrial e xeración de emprego, e está a conseguir cifras récord en exportacións.

Estes datos positivos resultan esperanzadores, pero, no actual contexto de transición dixital e verde, a industria debe adaptarse e situarse neste novo contexto produtivo para mellorar a súa competitividade e para converter Galicia nun polo de atracción de novos investimentos e proxectos industriais.



Deste xeito, a posta en marcha dos plans directores debe ir orientada a alcanzar novos retos e obxectivos:



O VAB industrial debe aumentar o seu peso estrutural e continuar cunha senda de evolución positiva que nos permita lograr o obxectivo do 20%.



A cifra de ocupación industrial debe seguir aumentando nos próximos anos, fomentando a incorporación das mulleres en ramas industriais fortemente masculinizadas.



Deben impulsarse medidas que sirvan de estímulo para atraer man de obra, especialmente de persoas mozas, e para mellorar a imaxe da industria na sociedade, co fin de combater a escaseza de persoal e a falta de remuda xeracional.



A produtividade industrial debe mellorarse coa incorporación das novas tecnoloxías, coa dixitalización de procesos e coa adaptación aos novos requisitos do mercado de traballo. O fomento da innovación servirá de panca para acadar estes obxectivos.



O impulso da internacionalización vai permitir que se sigan alcanzando cifras récord nos próximos anos.



Por último, cómpre fomentar un ecosistema industrial que facilite a implantación de novos proxectos e que proporcione as políticas públicas que promovan o impulso e a consolidación da industria galega.



A análise de cada actividade industrial estratéxica vai permitir profundar en todos estes retos e definir outros que poidan xurdir das diferentes prioridades demandadas desde o sector.

Esta información servirá como punto de partida para deseñar e planificar a política industrial de Galicia.



Plan director da industria das TIC





Tras unha análise e caracterización da industria en Galicia, que pon de manifesto o seu carácter estratéxico para a comunidade autónoma, elaboráronse os diferentes plans directores de industrias sectoriais, cada un orientado a abordar as particularidades e necesidades de sectores clave para nosa economía. O Plan Director da Industria das TIC preséntase como un documento estratéxico esencial para fomentar a innovación, a eficiencia e a competitividade no sector galego das tecnoloxías da información e da comunicación.

No marco do compromiso da Xunta de Galicia co desenvolvemento industrial sustentable e a promoción da competitividade dos sectores estratéxicos, levouse a cabo unha análise exhaustiva do sector da industria TIC en Galicia. Esta análise permitiu identificar as fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas específicas do sector, proporcionando un contexto sólido e detallado para deseñar intervencións específicas.

Este plan non só reflicte as conclusións da análise sectorial previa, senón que tamén propón accións concretas e metas alcanzables que permitirán consolidar a posición de Galicia como referente no ámbito das TIC a escala nacional e internacional. As ditas accións, como xa se puxo de manifesto nos anteriores apartados, están aliñadas coas distintas políticas europeas e nacionais, ás que complementan desde o ámbito máis próximo e que mellor coñece o tecido industrial: o rexional. Así, a través deste plan, a Xunta de Galicia impulsará a transformación tecnolóxica, a capacitación dos profesionais e a colaboración entre empresas, centros de investigación e administracións públicas, asegurando deste xeito un futuro próspero para o sector das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia.

05.





Análise da situación actual do sector TIC

5.1 O sector TIC

5.2 O sector TIC galego

5.3 Proxectos estratéxicos

5.4 Cadea de valor do sector TIC

5.5 DAFO

05. | Análise da situación actual do sector TIC

▶▶ 5.1 O sector TIC



O grupo G20 da OCDE acordou a mellor definición da economía dixital como: "toda actividade económica que depende ou se ve significativamente mellorada polo uso de tecnoloxías e datos dixitais". A partir desta definición, tal como recolle o informe do Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade (ONTSI)*, pódese entender a economía dixital como varios niveis que teñen como orixe a actividade económica das entidades produtoras de contido dixital, bens e servizos TIC. A partir destes, deriva a actividade das empresas que dependen das tecnoloxías e dos datos dixitais, e, sobre estas, a das empresas significativamente mellorada polo uso de tecnoloxías e datos dixitais. Por último, a sociedade dixital esténdese máis aló da economía dixital, incorporando interaccións e actividades dixitalizadas excluídas do límite de produción do PIB, é dicir, servizos dixitais de prezo cero.

A industria TIC está formada polas industrias manufactureiras e de servizos nas cales a súa actividade principal está vinculada co desenvolvemento, produción, comercialización e uso intensivo das tecnoloxías da información e da comunicación. O sector TIC caracterízase por altas taxas de innovación, progreso tecnolóxico e produtividade, polo que ten un considerable impacto na actividade económica. Para os efectos estatísticos, a definición de sector TIC realízase mediante unha enumeración exhaustiva das ramas de actividade correspondentes ás empresas TIC (enfoque por sectores), a partir das metodoloxías da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e a Oficina Europea de Estatística (Eurostat).

De conformidade co informe do ONTSI, en 2021 o sector TIC achegou o 3,3% do PIB nacional**. Segundo datos do INE, en 2022 o sector TIC español tiña máis de 75 mil empresas que deron emprego a preto de 622 mil persoas. Neste sector pódese diferenciar entre: (i) empresas de servizos, (ii) empresas comerciais, e (iii) as industrias manufactureiras, as englobadas nos CNAE 2611, 2612, 2630, 2640, 2680. **A diferenza doutros sectores estratéxicos eminentemente industriais, no sector TIC os servizos supoñen o 98% das empresas e o 98% do valor engadido do sector nacional.** Con todo, o sector TIC é o pilar da transformación dixital, que proporciona a infraestrutura e os bens e servizos relacionados con esta, e que permite que outros sectores da economía aproveiten a dixitalización para o seu propio beneficio.

... O 98% das empresas e do valor
engadido do sector é xerado
... pola prestación de servizos
...

* Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade —ONTSI—, Red.es, Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Sector TIC, los medios y los servicios audiovisuales. Edición 2023. Datos 2022, dispoñible en: <https://www.ontsi.es/es/publicaciones/Sector-TIC-los-medios-y-los-servicios-audiovisuales-2022> [consulta: 18 de xuño de 2025].

** Comisión Europea, Eurostat, Statistics Explained, dispoñible en: <https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?oldid=673052> [consulta: 18 de xuño de 2025].




Ilustración 14: Modelo de medición da economía dixital segundo o G20

Fonte: Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade

►► 5.2 O sector TIC galego

O informe máis detallado sobre o sector galego recóllese no estudo *Indicadores do sector TIC. Galicia Dixital: sistema de indicadores*, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) a partir dos datos do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga) publicado en xuño de 2025, baseado en datos de 2023.

O sector TIC galego é cuantitativamente significativo para o conxunto da economía galega, pois supón o **2,5% do PIB** e o **2,2% do emprego de Galicia**, cunha facturación en 2023 de **3.714 millóns de euros en 3.108 empresas**, segundo fontes do Informe Osimga, o que supuxo un **crecemento dun 28% desde 2020**. Porén, a contribución ao PIB contraeuse un **11%** nestes mesmos anos. Ademais, segundo datos de COTEC, o **18,6% do VAB de Galicia** provén de actividades dixitais directas e indirectas.

Evolución do volume de negocio do sector TIC en
Galicia (millóns de euros)




Ilustración 15: Evolución do volume de negocio do sector TIC en Galicia.

Fonte: Osimga




Ilustración 16: Evolución do VAB do sector TIC en Galicia

Fonte: Osimga

Por número de empresas e emprego, Galicia ocupa a posición sexta, por detrás da Comunidade de Madrid, Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana e o País Vasco. De conformidade con datos do IGE*, en 2023 Galicia contaba con 3.108 empresas. Destas, 237 compañías tiñan a súa sede social fóra de Galicia. O sector caracterízase por

un tamaño empresarial moi reducido, xa que o 79% das empresas tiñan entre 0 e 2 asalariados e asalariadas; isto limita considerablemente a capacidade de dinamización e require dun profundo coñecemento sobre as oportunidades de facer políticas eficaces para lograr a súa competitividade e crecemento.

Obviando autónomos e microempresas (menos de 10 empregados), o núcleo do tecido empresarial estaría formado por 291 empresas (o 9%), das cales só 39 empresas tiñan 100 ou máis persoas asalariadas (o que supón o 1,25%). Por localización, o 42% das empresas TIC están na Coruña, o 37% en Pontevedra e o 14% restante distribúese practicamente a partes iguais entre Lugo e Ourense.

En termos de emprendemento, segundo o informe sobre as empresas tecnolóxicas e innovadoras de Galicia para o ano 2025 da publicación "El Referente", Galicia é a sexta Comunidade Autónoma en emprendemento, con 229 *startups* e 15 *scaleups*, das cales 27 están especializadas en *software as a service* (SaaS), é dicir o 11%.

A **atomización do sector** e as limitadas empresas de tamaño medio e grande son unha das **principais debilidades sectoriais**. O **Plan Director da Industria das TIC** debe incluír medidas sostidas no tempo para fomentar o **crecemento empresarial orgánico e inorgánico** a curto e medio prazo, facilitando especialmente a concentración e asociación de empresas TIC para gañar **capacidades técnicas e comerciais**, sobre todo internacionais.

N.º de persoas asalariadas	N.º empresas TIC	% sobre o total
de 0 a 2	2.459	91%
de 3 a 5	230	
de 6 a 9	128	
de 10 a 19	127	
de 20 a 49	86	9%
de 50 a 99	39	
de 100 a 249	30	
de 250 ou máis	9	




Ilustración 17: Evolución do número de empresas do sector TIC en Galicia.
Fonte: Osimga

* Para os efectos estatísticos, o sector TIC comprende os CNAE-09: 26.1, 26.2, 26.3, 26.4, 26.8, 46.5, 58.2, 61.1, 61.2, 61.3, 61.9, 62.0, 63.1, 95.1.

Segundo o informe Osimga, en 2024 alcanzáronse as 23.467 afiliacións á Seguridade Social no sector TIC, o que supón un 2,2% respecto ao emprego total da comunidade autónoma no devandito período. O 13% destas afiliacións son no réxime de autónomos. O sector experimentou un rápido crecemento nos últimos 4 anos; o emprego no sector TIC incrementouse un 21% desde 2020, incorporando máis de 4.000 novos profesionais.




Ilustración 18: Persoas afiliadas á Seguridade Social no sector TIC de Galicia.

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE 2024

O 40% do persoal traballador das empresas TIC ten titulación universitaria, seguido dun 28% de titulados en formación profesional STEM. A porcentaxe de homes é do 69%, mentres que a representación feminina se sitúa no 31% pero, atendendo ao persoal con formación universitaria STEM, esta porcentaxe é aínda inferior, xa que só o 11% do persoal é muller na industria TIC. Non obstante, cando analizamos a presenza de xénero nas funcións empresariais, en contraposición, este desequilibrio non se produce nas tarefas non TIC das empresas do sector, onde aumenta a presenza de mulleres en posicións máis de ámbito administrativo ou xerais.

O salario anual medio dos especialistas TIC en España en 2023 era de 55.859 € fronte aos 39.104 € do salario medio na economía, aínda que, segundo o INE, o custo salarial medio no sector foi de 20,12 €/hora en 2022, pero chegou aos 25 €/h no campo dos servizos de telecomunicacións. As comunidades autónomas que mellor pagan aos seus especialistas dixitais TIC son tamén aquelas onde máis creceu esta remuneración en termos reais, especialmente en Madrid (4,2%), pero tamén en Galicia (4,2%). Con todo, a produtividade do sector TIC en España é menor que a doutros países (por exemplo, en Francia e Alemaña é un 79% e 71% superiores), así como o investimento en I+D empresarial, segundo COTEC.

No relativo á actividade destas empresas, segundo o seu CNAE, o 67% das empresas dedícanse a actividades de programación e consultoría, o que supón 2.084 empresas. O segundo subsector máis numeroso é a reparación de equipos, con 287 empresas. Non se dispón de información segmentada por tamaño de empresas, pero, á vista do tamaño empresarial, gran parte deste indicador débese á presenza de autónomos e microempresas que operan nestes CNAE.

O modelo de negocio predominante no sector TIC é B2B, xa que o 71% dos seus clientes son empresas. As administracións públicas supoñen un 11% da facturación, pero este modelo B2G* debe ser entendido no marco de que a maioría de servizos a este tipo de organismos son prestados polas grandes ou UTE, e unha parte relevante do tecido empresarial traballa indirectamente para a Administración subcontratada por algún destes, modelo B2B2G**.

En canto á orixe da devandita facturación, as empresas TIC galegas teñen unha forte dependencia do mercado rexional e unha balanza comercial negativa (con 135,61 millóns de euros en exportacións, que supoñen un 3,65% da facturación do sector, e 146,98 millóns de euros en importacións), xa que o 68% da súa facturación é a clientes galegos, o 22% é nacional, e tan só o 4% e o 6% é na UE e no resto do mundo, respectivamente.

* B2G (business to government) refírese a modelos de negocio onde unha empresa presta servizos ou vendas a administracións públicas.

** B2B2G (business to business to government) enlaza os dous conceptos previos, onde se prestan servizos á Administración a través de empresas que, á súa vez, requiren servizos ou produtos a outras empresas.

Os servizos **TIC**, pola súa propia natureza, presentan en xeral compoñentes de **alto volume de actividade**, pero tamén **unha elevada competitividade**, unha alta dependencia comercial exterior e unha baixa rendibilidade, o que desemboca nun sector con **escasa capacidade para investir en I+D** nos niveis que se acadan noutros países cun maior peso da produción de **produtos TIC** fronte aos servizos. Polo tanto, para fortalecer o sector galego, o plan director debe impulsar a creación de novas solucións TIC que acheguen máis VAB ao sector que a actividade de servizos.

Outro dato de interese é o investimento en actividades innovadoras no conxunto estatal; segundo o INE, o sector investiu 10.902 millóns de euros en I+D e 4.008 millóns de euros en innovación en 2022. O 39% das empresas TIC fixeron gastos en innovación nese mesmo ano, investindo un 3,64% da súa facturación nestas actividades innovadoras, taxa que se eleva a máis do 5% entre as empresas que fan I+D no sector. Ademais, o 49% das empresas son innovadoras en produto ou servizos e o 55% realizaron actividades innovadoras no último ano. Por último, o sector contou con 125.529 persoas en I+D, das cales o 52% é persoal investigador. A presenza feminina é reducida, cunha ratio do 31% do persoal de I+D. No relativo á intensidade, o 37% das empresas TIC realizaron actividades innovadoras nos últimos 3 anos, pero son as empresas que superan os 50 empregados as que maior investimento realizan en I+D+i, pois alcanzan o 65%.

As tecnoloxías dixitais teñen unha presenza importante en canto á captación de fondos públicos nacionais, xa que o 16% dos proxectos financiados por CDTI en Galicia, nos últimos 10 anos, foron en áreas sectoriais relacionadas coas TIC, sumando un total de 61,6 M€, unha porcentaxe que nos últimos dous anos alcanzou máis do 20%. En canto ao retorno para empresas con CNAE TIC, as cales participan en proxectos dixitais e doutros ámbitos de actividade, as empresas galegas con CNAE de información e comunicacións captaron máis de 65 M€, o que supón un 17% dos fondos distribuídos a entidades galegas nos últimos 10 anos. Este é o segundo ámbito con maior retorno, só por detrás de proxectos enfocados á industria manufactureira.

►► 5.3 Proxectos estratéxicos



Entre os fitos da Comunidade nos últimos anos, destacan varias infraestruturas e servizos postos en marcha cun grande impacto no conxunto do ecosistema resultantes da colaboración público-privada; estas son: a constitución e finalización da primeira fase da Cidade das TIC, a consolidación do Campus Dual, a configuración do Polo de Tecnoloxías Cuánticas e a implantación da Factoría de Intelixencia Artificial 1HealthAI.

Cidade das TIC

En 2021, creouse o Centro de Servizos Avanzados (CSA) da Cidade das TIC, que é, sen dúbida, o proxecto máis ambicioso dos últimos anos no sector. Nesta actuación participan 13 entidades (incluídas 11 empresas do sector). A Cidade das TIC foi inaugurada en outubro de 2023 e pronto alcanzou o 100% de ocupación con 6 empresas TIC que suman máis de 3.000 empregos: ALTIA, CINFO, ITG, ENXENIO, KELEA, ODEENE.

Tamén se integran, en réxime de *coworking*, 10 entidades máis, todas elas con algunha área no ámbito da tecnoloxía. Entre os seus servizos dispoñibles, está dotada de tres laboratorios de innovación en tecnoloxía audiovisual, intelixencia artificial e Internet das cousas, así como de espazos de formación, incubación de *startups* e reunións, e un *datacenter* específico de IA con máis de 60 máquinas de alta capacidade. A súa orientación como centro de servizos compartidos está complementada coa súa visión a longo prazo de campus mixto empresa-universidade aberto. O CSA foi, así mesmo, un exemplo de recuperación urbanística, pola rehabilitación da Fábrica de Armas da cidade, o que supón unha revitalización da contorna social.

Campus Dual TIC

En 2020, coa colaboración do Clúster TIC Galicia, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e Imatía, púxose en marcha o Campus Dual TIC, que facilita a rápida adquisición de coñecemento práctico e unha rápida incorporación ao mercado laboral baseándose no formato *bootcamp*. Esta iniciativa conta con financiamento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a través de tres convenios asinados desde 2022, que investiron máis de 5 millóns de euros en impartir máis de 600 cursos para formar 15.000 alumnas e alumnos. O Campus Dual tamén se integra no mestrado da UVigo de desenvolvemento de *software* e negocio dixital, unificando así todas as demandas de formación áxil do sector.

Polo de Tecnoloxías Cuánticas

A Xunta de Galicia está a realizar unha firme aposta por situar a nosa Comunidade Autónoma no ámbito das tecnoloxías cuánticas, apoiándose nas capacidades existentes no sistema galego de I+D+i. Esta aposta estrutúrase arredor do Polo de Tecnoloxías Cuánticas de Galicia, liderado polo Centro de Supercomputación de Galicia, como ecosistema de desenvolvemento científico tecnolóxico e de innovación, e da Rede de Tecnoloxías Cuánticas de Galicia, como instrumento de gobernanza e coordinación entre os distintos axentes, liderada pola Axencia Galega de Innovación.

Na Rede intégranse os principais axentes do sistema galego de I+D+i, incluíndo universidades, centros de investigación e tecnolóxicos, infraestruturas científicas, empresas, *digital innovation hubs*, asociacións empresariais e a propia Administración pública, co obxectivo de artellar un marco de colaboración estable que impulse tanto a xeración de coñecemento como a súa transferencia, valorización e aplicación no mercado no ámbito das tecnoloxías cuánticas. Este modelo articula a participación dos diferentes axentes do ecosistema galego de I+D+i en tecnoloxías cuánticas, establecendo un marco común para o desenvolvemento de capacidades, a colaboración e a coordinación das actuacións.

Factoría de Intelixencia Artificial 1HealthAI

A Factoría de IA do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) constitúe unha infraestrutura estratéxica para o desenvolvemento e adopción da intelixencia artificial en Galicia, no marco das iniciativas europeas de reforzo das capacidades en computación avanzada e IA. Liderada polo Cesga e en colaboración con axentes do sistema científico e tecnolóxico a nivel galego, estatal e europeo, esta infraestrutura sitúa a Galicia nunha posición relevante dentro da rede europea de factorías de intelixencia artificial, configurándose como un nodo especializado de referencia.

A Factoría de IA está orientada ao desenvolvemento, experimentación e despregamento de solucións baseadas en intelixencia artificial, apoiándose en infraestruturas de supercomputación e plataformas avanzadas de procesamento de datos. O seu enfoque temático céntrase especialmente no ámbito da saúde, incluíndo a saúde humana, animal e ambiental, e permitirá abordar retos como a vixilancia epidemiolóxica ou a detección temperá de riscos, ao tempo que facilita o acceso a capacidades avanzadas de IA a universidades, centros tecnolóxicos, administracións e empresas, impulsando así a transferencia de coñecemento e a innovación no tecido produtivo.

►► 5.4 Cadea de valor do sector TIC



O sector TIC non pode ser inequivocamente identificado cunha única cadea de valor, senón que cada tipoloxía de produto, servizo, clientes e modelo de negocio ten unha natureza e unhas interrelacións diferentes, pero a grandes liñas os elos principais comúns a todos os ámbitos TIC son os que se mostran na ilustración seguinte:

A principal cadea de valor do produto TIC é a relativa ao *software* como servizo (SaaS, polas súas siglas en inglés); este é o modelo predominante hoxe en día. Non obstante, a maior parte das empresas TIC de Galicia non migraron a este o seu coñecemento adquirido a través da prestación de servizos e outros produtos de software a este modelo, que é o favorecido polo mercado e que se basea na prestación directa de servizos desde a nube.

Polas oportunidades de mercado e rendibilidade do modelo, sería conveniente impulsar a creación de novos produtos **SaaS** por parte das empresas do sector galego. Ademais, existe unha grande oportunidade na creación dunha **nube de coñecemento** en forma de servizos creados por todos os centros tecnolóxicos e de investigación de Galicia.

A continuación, procedemos a describir os principais axentes da cuádrupla hélice da cadea de valor.

En canto á oferta formativa en Galicia, existen titulacións relativas ás TIC nas tres universidades públicas galegas (UDC, USC, UVigo) e na Universidade Intercontinental da Empresa (UIE). En total, ofertáronse nos últimos cursos máis de 1.000 prazas en 16 graos, máis de 300 prazas de máster, 13 cátedras universitarias e máis de 7.800 prazas nun total de 42 ciclos de grao básico, 27 ciclos de grao medio e 18 ciclos de grao superior en TIC.

Así mesmo, as universidades desempeñan un papel moi relevante en canto ás capacidades de I+D da comunidade autónoma; en Galicia existen tres centros de investigación universitaria especializada en TIC: CITIC, CITIUS e ATLANTTIC, cada un deles adscrito a unha universidade pública: UDC, USC e UVigo, respectivamente. Xunto con estes centros, destaca o Cesga, o centro de investigación público promovido pola Xunta de Galicia, e o CSIC, que é Instalación Científico Técnica Singular do Estado (ICTS) e Nodo da Rede Española de Supercomputación. O ecosistema de I+D+i complétase cos centros tecnolóxicos adscritos a Atiga, que, aínda que todos dispoñen de liñas tecnolóxicas dixitais, destacamos a especialización unívoca de Gradient en tecnoloxías dixitais, así como a orientación transversal do centro ITG.

MODELOS DE NEGOCIO

B2B

B2C

B2B2C

B2G

B2B2G

PRODUTOS E SERVIZOS DA CADEA DE VALOR DO SECTOR TIC

PLATAFORMAS TIC



Aplicacións e sw especializado



Desenvolvemento de solucións á medida (portais web, solucións de mobilidade)



Desenvolvemento de aplicacións (xestión, busca de información, realidade virtual, localización e monitorización)



Produción e servizos de contidos dixitais, multimedia e 3D, e contidos GIS



Solucións de xestión empresarial

SERVIZOS TIC

(Incluídos os que están na nube)



Software e servizos de licenzas (SaaS)



Servizos de telecomunicacións



Leasing ou servizos de arrendamento de equipos TIC



Consultoría de contidos, sistemas, seguridade informática, accesibilidade e usabilidade



Outros servizos TIC

HARDWARE

INFRAESTRUTURA, EQUIPAMENTO E COMPOÑENTES



Equipos e aparellos periféricos



Paquete integral de comunicacións



Equipos electrónicos de consumo



Compoñentes e bens TIC



Robótica



Fogar dixital e domótica



Localización e monitorización

SERVIZOS E ACTIVIDADES DE APOIO



INFRAESTRUTURA

Redes espectro radioeléctrico

Fibra óptica

Instalacións de telecomunicacións esenciais e disruptivas

Espazos de experimentación e colaboración

Laboratorios de I+D+i

Centros de procesamento de datos

Sandboxes públicos



RECURSOS HUMANOS

Centros de Formación profesional

Universidades

Centros de formación privada

Centros públicos de formación

Administracións públicas

Empresas de selección e RRHH

Cesión de talento, *bodyshopping*



I+D+i

Universidades e centros de investigación universitaria

Centros de investigación e ICTS

Centros tecnolóxicos e de innovación

Startups

DIH

Colaboración con *hubs* de referencia nacional e internacional



SUBMINISTRACIÓNS

Datos e espazos de datos

Reparación, reciclaxe e tratamento de equipamento electrónico

Regulatoria & *compliance*

Consultoría

Certificación

Energía e refrigeración

Marketing & comunicación dixital

A **valorización e transferencia de coñecemento desde os organismos de I+D** teñen aínda un longo percorrido de mellora, pois existen oportunidades no mercado cun gran potencial. Polo tanto, sendo o obxectivo do plan director fortalecer e fomentar o crecemento do tecido empresarial TIC, cómpre incluír nel medidas para impulsar a creación de **spin offs exitosas** por parte dos centros de coñecemento de Galicia, e son necesarios mecanismos que axuden a **aliñar a investigación básica coas aplicacións e nichos de mercado** que permitan retornar á sociedade o investimento realizado no ecosistema científico.

Á súa vez, o ecosistema ten o Clúster TIC Galicia, con 146 socios, e INEO, con 47 socios, como representantes sectoriais. O recoñecemento en 2020 dos Digital Innovation Hubs rexionais (DIH): Datalife e DIHGIGAL, complementou os anteriores organismos intermedios.

En termos de capacidade tractora da Administración pública, a Xunta de Galicia desempeña un factor clave tanto na formación da sociedade como na modernización de infraestruturas e na dinamización do tecido empresarial a través dos plans estratéxicos e axudas públicas. Dentro da Xunta de Galicia, o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) favorece a formación continua en tecnoloxías e ferramentas avanzadas, axudando á actualización de profesionais e á incorporación de novos perfís a este sector. Doutra parte, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) é a entidade clave na modernización da Administración rexional, pero tamén crucial nas interaccións e dinamización do ecosistema no seu conxunto.



FORTALEZAS (+)

- 1 Sector relevante: 2,5 % do PIB e 2,2 % do emprego en Galicia.
- 2 Taxa de crecemento elevada: 28 % en facturación e 21 % en emprego desde 2020.
- 3 Posición 6.^a en España en contribución ao VAB; o sector achega o 18,6 % do VAB rexional.
- 4 Maior intensidade dixital dos sectores: actividades profesionais, a Administración pública e defensa.
- 5 Alta colaboración entre tecido empresarial e administracións autonómicas.
- 6 Impulso estratéxico e liderado da Xunta de Galicia en termos de modernización dixital en España.
- 7 Posición destacada en dixitalización do sector sanitario público.
- 8 Existencia de políticas públicas pioneiras e de gran visión que inclúen tecnoloxía dixital.
- 9 Posicionamento claro da comunidade autónoma en impulso e lexislación de tecnoloxías críticas como a IA, e aposta investidora en I+D en tecnoloxías emerxentes, polo de tecnoloxías cuánticas.
- 10 Sector declarado como estratéxico en Galicia.
- 11 Galicia é líder en persoas matriculadas en ciclos de FP de grao superior en TIC.
- 12 Intensa aposta pola formación nas súas diversas vertentes públicas e privadas.
- 13 Existencia de organismos públicos relevantes no eido rexional (Amtega) e nacional (AESIA).
- 14 Presenza nas redes e plataformas europeas tecnolóxicas por parte dos organismos de I+D+i galegos.
- 15 Alta participación en programas europeos de I+D+i.
- 16 Programas rexionais de apoio á creación de *spin-off*.

DEBILIDADES (-)

- 1 Moi pequeno tamaño das empresas; o 79 % teñen menos de 5 asalariados.
- 2 Poucas empresas de mediano e gran tamaño; só o 1 % do total en Galicia.
- 3 Contracción da contribución ao PIB (11 % menos, malia o crecemento en facturación).
- 4 Alta dependencia de facturación ao sector público e sanidade (15 % nos socios do clúster).
- 5 Limitada intensidade dixital da industria rexional en comparanza con outros sectores.
- 6 Falta de estrutura comercial das empresas, na súa maioría pemes, o que dificulta a capacidade de coñecer os mercados e o seu desenvolvemento.
- 7 Falta de apoio a infraestruturas e servizos clave en tecnoloxías críticas dixitais, como IA e semicondutores.
- 8 Limitada colaboración empresa-organismos de investigación e innovación.
- 9 Barreiras de conectividade, especialmente nalgunhas zonas do rural.
- 10 Competitividade local con escasa especialización dos polos referentes na comunidade autónoma.
- 11 Falta de produto tecnolóxico propio e forte dependencia de servizos, o que limita a escalabilidade e o crecemento das empresas.
- 12 Sector intensivo en man de obra, por ser alta especialización en prestación de servizos.
- 13 Falta de medidas específicas para a atracción e retención de talento no sector TIC.
- 14 Diversidade de axentes que dificulta a visión e o apoio claro ao conxunto do sector.
- 15 Fenda dixital territorial; Galicia por baixo en uso de Internet.
- 16 Falta de información estatística detallada e actualizada a nivel de microdatos sobre o sector.
- 17 Carencia de estudos comparativos da rexión con outras referentes nacionais e europeas.
- 18 Escasa presenza rexional en organismos prescritores da Comisión Europea.
- 19 Falta de estratexia internacional específica para o sector.
- 20 Pouca participación de entidades TIC en programas europeos destinados á transferencia de coñecemento, p.e. EIC.
- 21 Limitados apoios ás *startups* TIC en Galicia, ausencia de programas de aceleración.
- 22 Pouca difusión externa á Comunidade Autónoma sobre os casos de éxito e capacidades do ecosistema galego, o que limita a atracción de investimentos, talento e vendas.

OPORTUNIDADES (+)

- 1 Alta demanda de solucións no mercado pola crecente dixitalización multisectorial.
- 2 Incremento de investimentos en centros de procesamento de datos e centros de I+D vinculados a novas tecnoloxías onde as políticas industriais e de I+D poden atraer novas actuacións.
- 3 Necesaria transformación dixital nas administracións locais.
- 4 Elevado coñecemento sectorial e especialización en servizos profesionais, que supón unha barreira para competidores, especialmente no relativo a servizos á Administración pública.
- 5 Análise do impacto indirecto do sector na economía galega.
- 6 O sector TIC ten potencial para alcanzar o 3% do PIB galego en 2030.
- 7 O crecemento do sector TIC ten capacidade para atraer talento ata os 30.000 afiliados.
- 8 Integración das novas xeracións ás especialidades de formación STEM, especialmente por parte das mozas.
- 9 Desenvolvemento de habilidades para xestionar as tecnoloxías, pero tamén outras relacionadas coa xestión do cambio, cultura e dirección.
- 10 Incorporación de ferramentas TIC que incrementen a produtividade en todos os sectores.
- 11 Despregamento de novas tecnoloxías con menores custos de maduración, nas cales pode haber máis capacidade de competitividade en países e rexións.
- 12 Desenvolvemento de solucións TIC verde para cumprir normativas, pero tamén ter un valor diferencial no mercado e ante a sociedade.
- 13 Elevado dinamismo de investimentos de capital risco no sector.
- 14 Impacto positivo da colaboración da Administración pública na testaxe de novas solucións a través de *living labs*, *testbeds* e *sandboxes*.
- 15 Reorientación das prioridades europeas á soberanía, á innovación (entendida como probas máis próximas ao mercado, TRL elevados) e aposta clara polas tecnoloxías dixitais desde as emerxentes ata as máis aplicables.
- 16 Volume crecente de licitacións TIC en organismos internacionais.
- 17 Existencia de proxectos estratéxicos.

AMEAZAS (-)

- 1 Inestabilidade xeopolítica que pode condicionar desenvolvementos tecnolóxicos e acceso a datos e bens clave para o sector, incluíndo riscos de interrupcións na cadea de subministracións.
- 2 Incremento da lexislación, con posible sobreabundancia, do sector e tecnoloxías emerxentes.
- 3 Escaseza de profesionais e baixa natalidade, e, en consecuencia, elevada competitividade pola captación e retención de talento que non só limitan os recursos dispoñibles, senón que elevan os custos sectoriais.
- 4 Perda de competitividade europea pola falta de apoio á protección de *software*.
- 5 Complexa motivación das persoas traballadoras, en gran parte por remuda xeracional pero tamén pola rotación e deslocalización do traballo dixital.
- 6 Redución dos ciclos de adopción de novas tecnoloxías que requiren continua aprendizaxe e alto risco de quedar fóra do mercado en caso de non adaptarse de maneira áxil.
- 7 Fortes barreiras de entrada en mercados internacionais.
- 8 Risco de obsolescencia dixital do tecido empresarial pola elevada taxa de micro e pequenas empresas en España.
- 9 Necesidade de acreditación e certificación en novos estándares e normas para ter diferenciación no sector.
- 10 Necesidade de alianzas con grandes corporacións tecnolóxicas para acceder a servizos e segmentos de mercado cunha proposta de valor clara e diferenciadora.
- 11 Custos enerxéticos como barreira para o despregamento de novos investimentos e a atracción de centros tecnolóxicos.
- 12 Riscos de reputación do sector debido a: (i) falta de información e o incremento de ciberataques e outras cuestións de protección de datos e ética asociada ás novas tecnoloxías, e (ii) os seus impactos ambientais, por uso de recursos e xeración de residuos electrónicos.
- 13 Falta de oportunidades de investimento de risco en España.

Con todo, o Plan Director da Industria das TIC de Galicia debe recoller medidas que impulsen saltos cuantitativos e cualitativos en todos os aspectos clave da súa competitividade; xa que logo, as accións propostas abordan os ámbitos de: Competitividade e innovación, Dixitalización da economía, Infraestruturas e solo industrial, Investimentos, Persoas, Internacionalización e Sustentabilidade.

06.





Tendencias e proxección de futuro do sector TIC

6.1 Políticas existentes para o sector TIC

6.2 Tendencias tecnolóxicas

6.3 Contexto económico

6.4 Contexto social

6.5 Contexto ecolóxico

6.6 Contexto legal



06. | Tendencias e proxección de futuro do sector TIC

▶▶ 6.1 Políticas existentes para o sector TIC

Europa oriéntase co compás dixital

A folla de ruta ata 2029 é o plan estratéxico europeo *Competitive Compass* e o programa *Digital Decade*, que sintetiza os seus obxectivos en:

- Cidadáns con capacidades dixitais e profesionais do sector dixital moi cualificados
- Infraestruturas dixitais sustentables que sexan seguras e eficaces
- Transformación dixital das empresas
- Dixitalización dos servizos públicos



“Os países que dominan a intelixencia artificial e as tecnoloxías avanzadas non só conseguen unha vantaxe económica decisiva, senón que tamén fortalecen a súa defensa e seguridade nacionais. [...] De feito, ningún país ou rexión pode liderar a revolución tecnolóxica por si só.”

Henna Virkkunen, vicepresidenta executiva para a Soberanía Tecnolóxica, a Seguridade e a Democracia

A transición dixital é necesariamente internacional

A internacionalización do sector TIC en Europa está marcada pola dixitalización e a adopción de tecnoloxías avanzadas. A maioría das empresas europeas xa teñen acceso a Internet de banda larga e están a implantar medidas de ciberseguridade robustas. A utilización da nube e a intelixencia artificial está en aumento. E a dixitalización dos servizos públicos e a identidade dixital son prioridades para a Comisión Europea. Estas tendencias facilitan a expansión internacional das empresas TIC galegas, pero requiren de máis colaboración con entidades internacionais e a participación en proxectos europeos.

A **nova Estratexia Dixital Internacional da UE** prevé ampliar a rede de asociacións dixitais, fomentar unha oferta tecnolóxica europea suficiente para a transición dixital e reforzar a gobernanza dixital a escala mundial cos valores da UE.

Europa como océano de financiamento para avanzar no sector TIC e na transformación dixital

Existen múltiples programas de financiamento europeo ata 2027 que dispoñen de elevados orzamentos e condicións moi favorables para a I+D+i. Como referencia, o Mecanismo Conectar Europa Dixital, coñecido polas súas siglas CEF Digital, dotado de 1.700 millóns de euros, e o programa Europa Dixital, que consta de 3.200 millóns de euros. Ademais, o Programa Horizonte Europa dispón de máis de 500 millóns de incentivos para a investigación e a innovación dixital. Estes programas destacan, ademais de pola súa inxección de financiamento con subvencións do 70% ao 100%, por determinaren as temáticas sobre as cales a Comisión Europea e os países membros deben poñer o foco.

Igualmente, hai interesantes iniciativas e plataformas europeas xeradoras de ecosistemas proac-

tivos no ámbito da dixitalización, como: os *hubs* de innovación dixital (eDIH), a comunidade EIT Digital e as iniciativas faro: a máis destacada é a *Quantum Flagship*, *Human Brain Flagship* e *Graphene Flagship*. Tamén os partenariados desempeñan un papel clave, como a *European High-Performance Computing Joint Undertaking (EuroHPC JU)*, que aglutina iniciativas de supercomputación, IA e computación cuántica, e a *CHIPS JU*, centrada en semicondutores.

Non obstante, estes programas e iniciativas requiren de medidas impulsoras para que as entidades rexionais accedan a eles, sendo fundamental fortalecer a presenza en foros dos devanditos programas europeos e a creación de alianzas con entidades e institucións e organismos proactivos nelas.



6.2 Tendencias tecnolóxicas

Riscos de obsolescencia pola rápida adopción de tecnoloxías dixitais

O sector TIC está en continua e acelerada transformación, rompendo todas as predicións en canto a tempo e custo de adopción de tecnoloxías. Como resultado da redución dos ciclos de validación e adopción de novas tecnoloxías, existe un alto risco de dobre obsolescencia porque limita a competitividade de empresas e economías, pero tamén implica a perda de competencias por parte dos especialistas TIC. A todo iso súmase que Europa ten unha alta dependencia de coñecemento, talento e materias primas nas disciplinas máis prometedoras.

Hai 12 tecnoloxías prioritarias relacionadas coa industria TIC nos próximos 5 anos:




Ilustración 19: Principais tecnoloxías da información e da comunicación actuais. Fonte: Gartner

As tecnoloxías emerxentes que veñen

O Radar de adopción de tecnoloxías emerxentes de Gartner para 2025 analiza o potencial das tecnoloxías emerxentes relativas ao sector TIC, cunha visión agrupada sobre como abordalas segundo o seu impacto nas organizacións. Podemos falar de catro áreas de impacto das devanditas tecnoloxías:

- **Os impulsores de produtividade:** sitúan como tecnoloxía máis relevante en termos de prazo de maduración e impacto as **plataformas de intelixencia de decisións (DIP)**, pois combinan datos, análises, coñecemento e técnicas de IA para apoiar, automatizar e mellorar a toma de decisións tanto de humanos como de máquinas. Cun impacto e prazo medio, figuran a **IA neurosimbólica** e os **xemellos dixitais** de organizacións (DTO). A IA neurosimbólica combina métodos de aprendizaxe automática (machine learning) con sistemas simbólicos, dando lugar a modelos de IA máis robustos e fiables, á par que económicos e cun maior rango de aplicacións. Doutra parte, os DTO entenden como unha organización opera o seu modelo de negocio internamente e co seu contexto externo, proporcionando unha visión en tempo real das interdependencias, o que permite simular diferentes escenarios e o seu impacto.
- **O bordo intuitivo:** inclúe tecnoloxías como a intelixencia artificial xeral, robots intelixentes, clientes máquina, vendedores máquina, IA xenerativa no bordo (*GenAI*), *CitiVerse* e control de robots por linguaxe natural. Segundo For-

bes, estas tecnoloxías darán lugar a ecosistemas autónomos intelixentes, e ten un valor de mercado estimado de 10 trillóns de dólares para 2035.

- **Os habilitadores fundamentais:** son tecnoloxías que mitigan riscos e incertezas, promovendo a sustentabilidade dos desenvolvementos tecnolóxicos. As tecnoloxías relacionadas coa seguridade contra a desinformación son a principal preocupación das organizacións polo seu impacto a curto prazo e risco na súa resiliencia e reputación. Séguenlle, en período de adopción, as enxeñarías de TIC verdes. Porén, tamén debemos poñer o foco noutros ámbitos como a encriptación homomórfica a medio prazo ou a IA cuántica e 6G a longo prazo. Inclúense aquí tamén as TIC verdes e o *blockchain* ou organizacións autónomas descentralizadas.
- Por último, as tecnoloxías destinadas a xerar **novas experiencias** redefinen a interacción entre o mundo físico e o dixital, e engloba os axentes de IA, os xemellos dixitais de persoas, a nube de realidade aumentada, a análise de comportamento, os avatares de empregados impulsados por IA, o metaverso industrial, as interfaces cerebro-máquina bidireccionais e os humanos arquitecturados. Neste ámbito, as tecnoloxías con maior potencial de impacto son os denominados *Agentic AI*, a curto prazo, e a medio prazo as analíticas de comportamento (*behavioral analytics*) e o metaverso industrial.

A era da intelixencia artificial

Europa é líder en equipos de semicondutores de IA e é competitiva en modelos nas disciplinas baseadas en IA, as súas aplicacións e os servizos asociados. Con todo, dentro do conxunto da cadea de valor, Europa presenta graves déficits en materias primas, deseño e fabricación de semicondutores de IA, infraestrutura na nube e supercomputadoras, o que supón un punto crítico pola súa alta dependencia de terceiros. Ademais, os investimentos de capital en Europa son sete veces inferiores que a mobilización en Estados Unidos e un terzo das de China. En contraposición, o potencial uso en diversos sectores produtivos críticos onde pode outorgar unha alta competitividade, como a saú-

de, finanzas, produción industrial e defensa, supón unha grande oportunidade para Europa.

A IA tamén debe abordar importantes retos, como, por exemplo: a exponencialidade do custo da súa computación, as limitacións do *hardware*, o consumo de enerxía, as restricións da aprendizaxe profunda e a representación do coñecemento, o sentido común e autoconciencia, e, sobre todo, a ética e o impacto social desta. Isto **pode dar lugar tamén a novas oportunidades e modelos de negocio**, como o alugueiro de GPU para computación de alto rendemento (chamado *IA Neoclouds*).

Con relación ás tecnoloxías cuánticas, os investidores son moi cautos de momento, mostrando que aínda se trata dunha tecnoloxía incipiente, pero destacan as súas aplicacións nos ámbitos de sensórica, sinerxías coa IA e o seu impacto na ciberseguridade. A primeira, a sensórica cuántica, é a aplicación máis madura actualmente, e destaca pola súa excepcional mellora da sensibilidade e precisión na medición e detección, entre outros, dos campos magnéticos e eléctricos.

Doutra banda, existe unha simbiose bidireccional entre a computación cuántica e a IA, sendo clave para o futuro da IA xeral (AGI), xa que a IA pode mellorar de forma significativa a través da computación cuántica, e esta, á súa vez, pode acelerar e mellorarse a través da IA.

Por último, esta tecnoloxía require ter en conta os cambios na comunicación para posibilitar a distribución de claves cuánticas para comunicacións seguras, sendo a criptografía poscuántica o principal segmento de interese.

Tendo en conta as **orientacións de mercado e tecnoloxías**, o ecosistema TIC galego debe acelerar a **identificación de competencias diferenciais** nestes ámbitos para **priorizar sobre que materias profundar e aliñar a colaboración pública e privada** para garantir que se dispón do talento, coñecemento, infraestrutura e solucións adecuadas que poidan chegar ao mercado, coas cales preservar a competitividade actual e futura non só da industria TIC, senón de **todos os sectores produtivos e sociais**, pois todos en maior ou menor medida serán partícipes da **seguinte revolución dixital**.

6.3 Contexto económico

España avanza en economía dixital, pero persisten retos estruturais

Aínda que España se situou como a terceira economía con mellor desempeño en crecemento do PIB en 2024, segue afrontando desafíos como unha alta taxa de desemprego. A dixitalización contribuíu de maneira significativa ao PIB (26% en 2024), pero a transformación dixital aínda é desigual entre sectores e rexións, o que limita o seu impacto estrutural.

España sitúase en posicións intermedias en indicadores comparativos con outras nacións, pero debe mellorar o uso de tecnoloxías como IA, nube e analítica, así como atraer e reter talento TIC para consolidar o seu liderado. A isto súmanse os retos de Europa en canto a modernización e ampliación das infraestruturas eléctricas, e redución de prezos enerxéticos, para non perder as oportunidades da onda dixital.

A madurez dixital sectorial revela fendas en talento e especialización

Todas as organizacións gobernamentais e empresariais coinciden en que a economía de datos cambiará os fluxos de datos de todos os modelos de negocio e interacción entre axentes económicos e sociais.

Sectores como a Administración pública, hostalaría, comercio almacenista e loxística mostran un crecemento moderado en dixitalización, pero afrontan dificultades pola escaseza de profesionais TIC fóra dos sectores puramente dixitais. Esta fenda frea o avance en ocupacións non dixitais, mentres que os sectores máis dixitalizados se benefician dunha maior concentración de especialistas.

A cadea de valor das TIC máis alá da transformación dixital

As tecnoloxías da información e da comunicación dependen integramente dos semicondutores, algo crítico en sectores tractores como o de automoción e da industria de automatización industrial, onde interactúan sensores, electrónica, robótica e moitos máis ámbitos tecnolóxicos como a conectividade, o almacenamento e computación de datos, e a ciberseguridade. Doutra parte, as comunicacións do futuro requiren desenvolver a cadea de valor vinculada ao espazo e despregamento de satélites.

Deste xeito, estes tres ámbitos (a electrónica, as tecnoloxías espaciais e a automatización e robótica), son industrias produtivas relacionadas coas TIC cun peso elevado na balanza comercial e tecnolóxica nacional e rexional.

Evolución do valor da dixitalización (CAGR 2019–24)




Ilustración 20: Agrupación de subsectores segundo a maduración dixital en función do peso da dixitalización (%) e evolución do valor de dixitalización (CAGR 19–24 %), incluíndo o PIB do sector.

Fonte: ADIGITAL

▶▶ 6.4 Contexto social

Urxe abordar os cambios xeracionais e unha crecente diversidade

No vórtice dunha poboación nacional e autonómica cada vez máis envellecida e cunha taxa de natalidade moi baixa, a inmigración é unha irrenunciable oportunidade para soste o Estado do benestar e o desenvolvemento económico. Xa que logo, é necesario abordar a diversidade e a inclusión con enfoques máis abertos, impulsando a pluralidade xeográfica, a integración cultural e adoptando modelos de traballo máis flexibles.

En relación coas mozas e mozos, é evidente o cambio xeracional tanto nas expectativas laborais como nas súas motivacións como consumidores. O equilibrio entre a vida laboral e persoal converteuse na máxima prioridade para as novas xeracións. As empresas deben promover a diversidade, a inclusión e a sustentabilidade, aliñándose cos principios e ética das persoas traballadoras.




O mercado laboral cambaléase ante a irrupción de tecnoloxías

Todas as persoas expertas coinciden en que o avance da intelixencia artificial, o *big data* e a ciberseguridade darán lugar a importantes cambios nas funcións que desempeñan as persoas, nas habilidades e coñecementos que terán que dominar e na xestión dos equipos. A formación tanto técnica como en habilidades, e o apoio de mentores e coaches, será unha tendencia á alza nos próximos anos.

A xestión do talento como máxima prioridade

En sectores como este, onde as persoas son o principal e, moitas veces, único activo, e no cal existe unha alta mobilidade e escaseza de man de obra a escala global, cómpre tomar medidas para evitar o esgotamento das persoas traballadoras. Isto require unha dobre estratexia para as empresas: por unha banda, reter o talento actual a través da estabilidade laboral e o deseño de itinerarios de crecemento profesional; e, por outra, atraer novos perfís que contengan coas habilidades emerxentes necesarias para afrontar os retos do futuro.



▶▶ 6.5 Contexto ecolóxico

A economía do dato e a IA supoñen un gran reto no eido enerxético

Segundo a ONU, o sector dixital é responsable de entre o 1,5% e o 3,2% das emisións mundiais de efecto invernadoiro, cifra similar á do transporte aéreo e marítimo*. Doutra parte, a firma McKinsey** estimou que a demanda de enerxía dos centros de datos podería representar máis do 5% do consumo total de electricidade de Europa para 2030.

O impacto ambiental da dixitalización pode agruparse en tres ámbitos principais: (i) o consumo enerxético da propia dixitalización tendo en conta o contexto de descarbonización e eficiencia europea, (ii) o consumo de recursos naturais, e (iii) a xeración de residuos electrónicos.

A demanda enerxética da IA está a levar os gobernos a reformular as súas políticas para asegurar unha subministración sustentable de enerxía. As empresas están adoptando principios de economía circular no deseño de *hardware*, utilizando materiais reciclables e reutilizables. O investimento en enerxías renovables está a acelerar, aliñando os avances en IA con estratexias sustentables de xeración enerxética. Ademais, a Directiva de Reporte de Sustentabilidade Corporativa (CSRD) obriga as empresas a cumprir con regulacións de sustentabilidade, integrando a sustentabilidade en cada aspecto da tecnoloxía.

Polo tanto, o sector TIC europeo está a abordar a sustentabilidade confrontando as súas políticas enerxéticas coa necesidade de converxer na intelixencia artificial e nas políticas enerxéticas.

▶▶ 6.6 Contexto legal

Europa ante o reto de protexer a cidadanía e a súa economía sen caer no sobrerregulamento

En 2024, o Parlamento Europeo aprobou o Regulamento (UE) 2024/795, polo que se crea a Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP), onde recoñece as tecnoloxías dixitais como críticas para a resiliencia e a soberanía europea, sendo, polo tanto, necesario reforzar a súa cadea de valor.

En consecuencia, adoptáronse marcos regulatorios para reducir a dependencia de semicondutores e materias primas relacionadas con estas e as tecnoloxías dixitais. Á súa vez, Europa desenvolveu un amplo marco legal que abarca desde a regulación dos mercados e servizos dixitais ata a gobernanza de datos e a ciberseguridade. Todo iso enfocado a crear un contorno dixital máis seguro coa protección dos dereitos fundamentais en liña, tanto das empresas como da cidadanía, e actuando tamén nos aspectos xurídicos, económicos e técnicos que provocan a infrautilización dos datos.

* Oficina das Nacións Unidas en Xenebra, *El boom digital amenaza al medio ambiente*, 10 de xullo de 2024, dispoñible en: <https://www.ungeneva.org/es/news-media/news/2024/07/95226/el-boom-digital-amenaza-al-medio-ambiente> [consulta: 18 de xuño de 2025].

**McKinsey Global Institute, *Time to place our bets: Europe's AI opportunity*, 1 de outubro de 2024, dispoñible en: <https://www.mckinsey.com/capabilities/quantumblack/our-insights/time-to-place-our-bets-europes-ai-opportunity> [consulta: 18 de xuño de 2025].

Por unha intelixencia artificial baixo control

En canto á regulación da IA, en abril de 2021, a Comisión propuxo a primeira lei de intelixencia artificial da UE, que clasifica os sistemas de intelixencia artificial en función do risco que poden xerar. En España, o Goberno presentou en marzo de 2025 o anteproxecto de lei para un uso ético, inclusivo e beneficioso da intelixencia artificial, onde a Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA) regulará os riscos da IA con excepción das casuísticas con nivel de risco alto. No ámbito rexional, Galicia foi a primeira rexión europea en regular por lei o deseño, adquisición e uso desta ferramenta, primeiro na Administración e logo en toda a sociedade, a través da Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia.

Ademais, en Europa está a traballarse na nova Estratexia da Unión de Datos, que ten entre os seus obxectivos crear un marco xurídico coherente e unhas infraestruturas de datos sólidas para ampliar o desenvolvemento da IA e mellorar a competitividade mundial da UE.



A protección industrial, a gran desvantaxe da IA e do software europeo

En contraposición, Europa non foi capaz de avanzar na protección do *software* e dos algoritmos made in Europe, o que evidencia a falta de competitividade fronte a Estados Unidos ou China, con normativas máis desenvoltas e actualizadas ao contexto actual.



07.






Obxectivos estratéxicos e criterios esenciais de intervención

7.1 Obxectivo estratéxico 1

7.2 Obxectivo estratéxico 2



O obxectivo xeral deste plan director é impulsar a incorporación e o desenvolvemento das tecnoloxías emerxentes dixitais en Galicia, promovendo a innovación, a sustentabilidade e a inclusión no sector TIC galego, para mellorar a competitividade do tecido empresarial e a sociedade galega no seu conxunto

Todo iso coa visión de que Galicia debe ser un referente europeo na dixitalización e na adopción de tecnoloxías disruptivas, cun ecosistema TIC robusto e colaborativo que fomente o desenvolvemento económico, a creación de emprego e a transición cara a unha economía verde e dixital.

Para logralo, é necesario actuar sobre tres obxectivos globais encamiñados a transformar a capacidade de impacto do sector no tecido produtivo.

Este obxectivo xeral desprégase en dous obxectivos estratéxicos que, a través dos tres obxectivos globais antes mencionados, actúan en oito ámbitos de prioridades que, a través de 22 liñas de actuación, dan lugar a medidas, propostas nos apartados seguintes e recollidos de forma sintetizada nesta táboa, sendo o período do plan 2026-2028.




Obxectivos estratéxicos	Eixes	Ámbitos de prioridades
OE1. Galicia, potencia produtora dixital Impulsar e desenvolver a industria galega do sector TIC, aumentando a súa produtividade e competitividade	Eixe 1 Industria TIC galega produtiva, sustentable e exportadora	P1. Internacionalización e escalaxe empresarial P2. Sustentabilidade
	Eixe 2 Competitividade sectorial e consolidación de proxectos TIC	P3. Competitividade e innovación P4. Investimento e creación de produto TIC
	Eixe 3 Persoas	P5. Persoas
OE2. Reforzar o ecosistema industrial a través das TIC Reforzar o ecosistema para converxer na plena transformación dixital de Galicia e a súa internacionalización	Eixe 4 Mellora de infraestruturas TIC e promoción de solo TIC	P6. Infraestrutura e solo industrial
	Eixe 5 Ecosistema dixital	P7. Dixitalización dos sectores produtivos
	Eixe 6 Nova gobernanza	P8. Nova Gobernanza

►► 7.1 Obxectivo estratéxico 1



Este obxectivo estratéxico lograrase actuando sobre tres eixes clave do sector TIC que abarcan a propia capacidade do tecido empresarial TIC galego, incluíndo a súa promoción, sustentabilidade e proxección internacional; o seu progreso cara a unha maior versatilidade e valor engadido dos seus produtos e servizos para que poidan contribuír á transformación dixital do conxunto da industria galega e do resto de rexións; e, por último, a relevancia das persoas que dotan este sector do potencial para alcanzar o indicado.



7.1.1 Eixe 1. *Industria TIC galega produtiva, sustentable e exportadora*

Neste eixe 1 inclúense os ámbitos prioritarios da internacionalización e escalaxe empresarial nos mercados globais e a sustentabilidade a través da dixitalización verde.

Para dispoñer de garantías de éxito e sustentabilidade do ecosistema local, cómpre apostar pola **internacionalización** de boa parte deste. Galicia conta con capacidades e experiencia para incrementar as exportacións no sector de servizos e produtos TIC, pero para iso cómpre poñer en marcha mecanismos que faciliten e optimicen a internacionalización. Tamén se fomentarán alianzas internacionais para apoiar os negocios e as oportunidades de colaboración en I+D+i, facilitando a expansión global do sector TIC galego.

Ademais, as solucións TIC deben responder aos valores da demanda en canto á **sustentabilidade ambiental**. Proponse situar Galicia como epicentro da TIC verde con medidas enfocadas a impulsar a eficiencia enerxética multisectorial a través de solucións dixitais innovadoras, así como promover estudos e certificacións para garantir a converxencia verde do sector TIC, e fomentar a creación de infraestruturas máis sustentables. Por último, e non menos importante, débese traballar na intelixencia do dato ambiental para prever, medir e controlar o consumo e a contaminación doutras industrias.

7.1.2 Eixe 2. Competitividade sectorial e consolidación de proxectos TIC

Tal como sinala o segundo informe de seguimento da estratexia europea Competitive Compass*, publicado en xuño de 2024, é crítico incentivar a adopción de ferramentas dixitais innovadoras, especialmente por parte das pemes, e en particular solucións baseadas na nube e na IA, así como mobilizar máis investimentos privados en empresas emerxentes de alto crecemento.

Xa que logo, este eixe foi identificado polo sector como unha das pezas clave para a competitividade da economía galega, polo que o crecemento do tecido empresarial TIC debe converterse nun vector fundamental, sendo así motor de emprego e de valor engadido para o resto do tecido produtivo galego, cunha forte capacidade de exportación e innovación local. Para logralo, débese apostar por aliar a I+D+i cos factores clave de crecemento empresarial e as tendencias globais, e, por outra banda, cómpre fortalecer e desenvolver o talento necesario para sustentar este crecemento.

É preciso transformar os organismos de investigación e innovación en motores do sector TIC, aliando a investigación científica e tecnolóxica cos retos empresariais futuros, facilitando a súa evolución cara a modelos de negocio baseados en produtos replicables e exportables que sexan asimilados polo resto da industria galega no seu día a día. Isto só será posible apostando pola **innovación e a competitividade**.

En consecuencia, as empresas TIC necesitan máis apoios para dous aspectos fundamentais: i) evolucionar nos seus modelos de negocio desde a prestación de servizos cara ao desenvolvemento de produtos replicables e exportables, e ii) impulsar a súa escalabilidade e a internacionalización baseándose na acreditación de capacidades empresariais e innovación.

Para iso, cómpre promover a **evolución do portafolio de produtos e servizos** no contexto tecnolóxico actual, pois é necesario dispoñer e poñer en valor o coñecemento en forma de produtos propios baseados en IA e outras tecnoloxías críticas emerxentes. Para logralo, tamén é preciso que se poñan á disposición infraestruturas, bases de datos e centros de procesamento destes, así como algoritmos, a un custo que sexa competitivo para as pemes e *startups* galegas. Con esta visión, débense comprender as oportunidades e os retos do sector para despregar novos servizos e mecanismos de cooperación e o uso conxunto destes activos.

Tamén se propón poñer en marcha iniciativas de apoio ao **emprendemento** como medida esencial para transformar as oportunidades de mercado e tecnoloxías emerxentes, favorecendo a atracción de interese de persoas, investidores e empresas tractoras. Ademais, debe servir tamén para facilitar a escalaxe das *startups* TIC, proporcionando apoio estrutural e experto para abordar o devandito proceso, creando incentivos para a colaboración estratéxica e a súa promoción.



* Comisión Europea, *El segundo informe sobre el estado de la Década Digital pide que se refuerce la acción colectiva para impulsar la transformación digital de la UE*, 2 de xullo de 2024, dispoñible en: https://ec.europa.eu/commission/presscorner/detail/es/ip_24_3602 [consulta: 18 de xuño de 2025].

7.1.3 Eixe 3. Persoas

Por outra parte, débese abordar o reto do **talento**, no cal se suman o desequilibrio demográfico e a alta demanda de profesionais TIC, para o que é necesario un enfoque integral actuando a través de todos os organismos públicos e privados.

No ámbito formativo, débese configurar un mapa ambicioso de capacitación profesional continua dixital para aliñar as necesidades de profesionais coas novas tecnoloxías emerxentes. Tamén se propón no plan director establecer carreiras profesionais para investigadores/as e empresas, que contribúan aos obxectivos sinalados referentes á transferencia de coñecemento en tecnoloxías disruptivas.

Ademais, cómpre implantar estratexias para atraer novos profesionais e reter os existentes, equilibrando demanda e oferta, e aumentando a produtividade do talento actual. Isto inclúe programas de formación continua, *re-skilling* e *up-skilling*, así como iniciativas para atraer talento do exterior e de promoción do sector TIC galego como marca atractiva que incentive non só a atracción de talento, senón a retención deste, sobre todo dos perfís profesionais máis valiosos. Todo iso debe xerar sinerxías coa integración de mozas e mozos ás disciplinas STEM e favorecer a inclusión e a igualdade no sector en todos os niveis e roles profesionais.



7.2

Obxectivo estratéxico 2.

O obxectivo estratéxico 2 (OE2) fai referencia a “Reforzar o ecosistema industrial” tendo en conta o carácter facilitador das empresas e as tecnoloxías TIC, as cales son clave para o desenvolvemento da economía galega, especialmente na súa internacionalización. Neste obxectivo estratéxico intégranse actuacións enfocadas a: reforzar as infraestruturas, para dispoñer dun tecido produtivo modernizado; accións que deben contribuír á transformación dixital do conxunto da economía, incluíndo os servizos públicos; e, por último, os mecanismos de goberno deste plan director.

7.2.1 Eixe 4. Mellora de infraestruturas TIC e promoción de solo TIC

Para o crecemento do ecosistema, é imprescindible contar cunha infraestrutura dixital territorial sólida, moderna e distribuída, que permita o despregamento equilibrado das tecnoloxías da información e a comunicación en todo o territorio e facilite o seu uso por parte do resto de axentes económicos. Polo tanto, as **infraestruturas e solo industrial** deben acadar, de forma prioritaria, a culminación do proxecto da Cidade das TIC, sen esquecer a súa conexión e despregamento de accións en nodos territoriais nas catro provincias galegas.

Por outra banda, cómpre impulsar capacidades tecnolóxicas avanzadas —incluíndo ámbitos **deeptech**— que permitan situar Galicia en tecnoloxías emerxentes, partindo da base de garantir unha infraestrutura de telecomunicacións de última xeración en todo o territorio. Ademais, debemos avanzar cara a incorporar iniciativas estratéxicas no ámbito de semicondutores e chips, centros de datos e tecnoloxías cuánticas, sen esquecer tecnoloxías moi próximas ao mercado, como as factorías de intelixencia artificial e os centros de demostración destas, que deben contribuír a que Galicia avance ao mesmo ritmo que o resto de rexións altamente competitivas e produtivas europeas.

7.2.2 Eixe 5. Ecosistema dixital

Este eixe estratéxico céntrase en lograr a competitividade da economía galega e a promoción dunha **dixitalización do sector industrial galego con solucións locais**. Para iso, é fundamental avanzar cara modelos de plataformas sectoriais que actúen como estruturas comúns de transformación dixital, permitindo que diferentes industrias adopten solucións compartidas, interoperables e baseadas en estándares comúns. Estas plataformas facilitarán a extensión da dixitalización e a xeración de economías de escala tecnolóxicas no tecido produtivo. Os clústeres sectoriais e o Clúster TIC Galicia desempeñarán un papel tractor na dinamización destas plataformas e na identificación dos retos dixitais prioritarios, actuando como ponte entre empresas, provedores tecnolóxicos e centros de coñecemento.

Este eixe pretende tamén acelerar a adopción dixital no tecido produtivo galego, especialmente nas pemes, favorecendo a integración de solucións avanzadas —como a IA, a analítica de datos ou a automatización— que melloren a competitividade e a resiliencia industrial.

Isto debe implicar tamén as **administracións públicas galegas, que son catalizadoras da innovación**. A creación dun espazo de innovación dixital disruptivo e o fomento de iniciativas tecnolóxicas que respondan aos desafíos económicos, sociais, patrimoniais e culturais prioritarios para Galicia permitirán garantir a sustentabilidade destes, á vez que contribúen ao crecemento do tecido produtivo nun mundo cada vez máis competitivo.

Ademais, traballarase en ámbitos estratéxicos relativos a, dunha parte, a xestión de datos no paradigma da **economía da información baseada en datos** e, doutra parte, contribuír a que esta sociedade estea mellor informada, apoiando o uso ético e a medición do **impacto social destas tecnoloxías**.

7.2.3 Eixe 6. Nova gobernanza

Este plan director debe servir para xerar un salto cualitativo en canto a coordinación das políticas públicas e as estratexias privadas para realmente fortalecer o ecosistema. Estableceranse novos mecanismos de seguimento e medición da execución e impacto do plan director, así como medidas encamiñadas a difundir e situar o sector TIC galego.


08.





Prioridades sectoriais

- 8.1 Internacionalización e escalaxe empresarial
- 8.2 Sustentabilidade
- 8.3 Competitividade e innovación
- 8.4 Investimento e creación de produto TIC
- 8.5 Persoas
- 8.6 Infraestrutura e solo industrial
- 8.7 Dixitalización dos sectores produtivos
- 8.8 Nova gobernanza




08. | Prioridades sectoriais

Partindo do contexto da situación actual do sector, identificáronse oito prioridades sectoriais que impactarán nas empresas e que é imprescindible ter en conta para deseñar as liñas que debe recoller o Plan Director da Industria TIC de Galicia.

É crucial destacar as seguintes áreas temáticas, que foron designadas como fundamentais polas máis de 70 persoas expertas do sector que achegaron tanto as necesidades de futuro como posibles liñas de acción.

►► 8.1 Internacionalización e escalaxe empresarial



Cómpre reforzar o posicionamento internacional do ecosistema TIC galego mediante estratexias de visibilidade exterior, presenza en foros internacionais e alianzas con organismos multilaterais e rexións tecnolóxicas de referencia.

Así mesmo, é preciso vertebrar accións para **acreditar, capacitar e apoiar as empresas no seu crecemento internacional** a través dos axentes intermedios do sector, como o Clúster TIC Galicia, e fomentar alianzas internacionais para apoiar os negocios e as oportunidades de colaboración en I+D+i.

A escalaxe empresarial debe ser parte esencial da prioridade de internacionalización, favorecendo a aparición de empresas TIC de maior dimensión e capacidade tractora, preparadas para competir en cadeas de valor globais.

Igualmente, o crecemento do sector TIC necesita un **impulso ao emprendemento** baseado en innovación en produto e en transferencia de coñecemento, e este require dunha firme **aposta pola entrada de capital a través de investidores públicos e privados**. Para logralo, cómpre o acompañamento e a capacitación das empresas para negociar financiamento alternativo neste ámbito. Ademais, débense impulsar medidas para achegar os axentes de investimento ás empresas galegas e viceversa. Todo iso partindo do principio de que os proxectos investibles son aqueles con ambición e potencial para creceren exponencialmente nos mercados internacionais, tal como se espera das *startups*.

▶▶ 8.2 Sustentabilidade



No medio dunha crecente dixitalización, a pegada de carbono da infraestrutura de TI é un problema importante, polo que se deben abordar actuacións neste sentido para que Galicia desenvolva un ecosistema TIC sustentable que non só sexa competitivo, senón tamén responsable co medio ambiente. Polo tanto, é necesario impulsar a **certificación de empresas e produtos TIC**, o cal require, á súa vez, dun maior coñecemento sobre este novo escenario.

A sustentabilidade dixital inclúe tamén a oportunidade de desenvolver tecnoloxías de optimización enerxética multisectorial baseadas no dato, que posicionen Galicia como referente en solucións TIC verdes aplicables a múltiples industrias. A **intelixencia do dato ambiental**, entendendo esta como a aplicación de algoritmia e solucións para prever, medir e controlar o consumo e a contaminación doutras industrias, é unha tendencia á alza, e as ferramentas demandadas polos clientes poden desenvolverse en Galicia e ser un produto e servizo internacional.

▶▶ 8.3 Competitividade e innovación



A **innovación**, entendida como a cadea de valor desde a investigación ata a comercialización, é, e debe seguir sendo, o vector do sector. Nun contexto de irrupción de tecnoloxías a nivel global, e a aparición de novas tecnoloxías emerxentes que penetran na economía de forma acelerada, cómpre traballar no coñecemento clave para a disrupción tecnolóxica desde os TRL máis baixos pero tamén favorecer o **desenvolvemento de solucións innovadoras**, facilitando a implantación destas en procesos, produtos e servizos novos.

Así pois, desde o sector considérase necesario alinear a investigación científica e tecnolóxica cos retos futuros empresariais, aproveitar toda a capacidade de universidades e centros tecnolóxicos para traballar conxuntamente en coñecemento aplicado e aplicable a medio prazo na industria; por exemplo, fomentado o desenvolvemento de produtos TIC de ampla demanda que revertan na soberanía rexional e europea, como as factorías de IA.

O Clúster TIC Galicia xoga un papel estruturante na coordinación do ecosistema dixital, favorecendo a cooperación entre empresas, universidades, centros tecnolóxicos e administracións, e actuando como catalizador dos proxectos colaborativos e das plataformas dixitais sectoriais.

Neste marco, o recoñecemento e a visibilización da tecnoloxía cobran vital importancia, sendo necesario poñer en marcha iniciativas de difusión e recoñecemento do tecido conxunto do ecosistema, e os casos de éxito tanto de empresas como de solucións integrais, como pode ser a posición destacada da comunidade de *software* libre galego.



▶▶ 8.4 Investimento e creación de produto TIC




O plan director avoga por promover a **profesionalización e o desenvolvemento de produtos TIC**, os cales requiren de grandes esforzos por parte da industria para estandarizar o modelo de negocio actual baseado, principalmente, en desenvolvemento á medida e consultoría, así como un profundo coñecemento do mercado, e a planificación das necesidades de talento vinculado a este. Todo iso require da posta en marcha de novos instrumentos de apoio para o sector TIC.


Nesta aposta, inclúense medidas para fortalecer a capacidade de innovación a través da **creación de centros de servizos público-privados** que faciliten o acceso a tecnoloxía e datos, que favorecen o crecemento das empresas.

Ademais, o plan director aposta polo **emprendemento tecnolóxico** no sector, onde os incentivos ao investimento e a testaxe de solucións requiren da colaboración pública e privada, e o reforzo da capacidade de xestión de *startups*. Existe un gran potencial de crecemento do sector, tanto a través da creación de empresas a partir de transferencia de coñecemento (*spin-offs*) como do emprendemento innovador e o intraemprendemento (*startups e spin-outs*). Pero cómpre dispoñer dun ecosistema que acompañe de forma continua o emprendemento tecnolóxico, desde a xeración de ideas e probas de concepto ata a consolidación de *startups* e o escalaxe empresarial.

Para iso, catalizaranse as ideas xeradas a través de modelos de colaboración como Tech Angels e de programas existentes como Ignicia e as aceleradoras rexionais. Todo iso requirirá un acompañamento, coa visión singular de como funciona o sector TIC, para que estas iniciativas poidan crecer nos anos seguintes á súa posta en marcha.

En concreto, apoiaranse as diferentes etapas de emprendemento, comezando pola proba de concepto de novos modelos e solucións, e continuando coa creación da iniciativa emprendedora. Esta visión incluírá tamén iniciativas que apoien o crecemento das empresas tecnolóxicas xa existentes que teñan un alto potencial de rápido crecemento.






A escaseza de persoal profesional cualificado en TIC é un desafío crecente, e espérase que a demanda de enxeñeiras/os de datos, programadores/as de *software*, profesionais de ciberseguridade e arquitectos/as de nube siga aumentando. Para abordar esta fenda, a formación continua deberá estruturarse arredor de modelos flexibles como as microcredenciais profesionais, que permitan adaptar rapidamente as competencias ás necesidades emerxentes, así como adoptar **modelos de aprendizaxe continua** (*upskilling e reskilling*) que melloren as capacidades das empregadas e dos empregados.

A atracción e o retorno de talento cualificado converteranse en prioridades estratéxicas, reforzando a conexión coa diáspora galega e captando perfís internacionais en áreas TIC avanzadas.

Ademais, a inclusión de **mulleres no sector TIC** tamén é unha prioridade, por iso urxe poñer en marcha programas específicos para fomentar a súa participación e o seu avance profesional, unha actuación que debe levarse a cabo desde a visión de promover a igualdade en todos os niveis educativos e profesionais.

Por outra banda, a intelixencia artificial está a transformar a xestión do talento, automatizando procesos de recursos humanos e mellorando a eficiencia na contratación. Estas tendencias son esenciais para desenvolver un ecosistema TIC robusto e competitivo en Galicia. Polo tanto, cómpre **acelerar a capacitación en novas tecnoloxías dixitais e as habilidades complementarias**, para garantir a competitividade da economía galega e facilitar o crecemento do sector TIC. Do mesmo xeito, é necesario reforzar as accións encamiñadas a atraer novos/as profesionais que contribúan ao crecemento da economía dixital, promovendo unha visión positiva do sector TIC e o seu ecosistema empresarial en Galicia.

►► 8.6 Infraestrutura e solo industrial



A consolidación de Galicia como referente dixital require dispoñer dunha infraestrutura dixital territorial avanzada —incluíndo conectividade de nova xeración, capacidades cuánticas, recursos de computación e espazos de datos— que habiliten o desenvolvemento de novas tecnoloxías e validación en contornos reais.

A **Cidade das TIC** é un proxecto que logrou un primeiro gran fito coa súa posta en marcha, pero require completar o seu despregamento para impactar positivamente nas capacidades sectoriais. Débense promover as **factorías de intelixencia artificial** no territorio, recollendo así unha das prioridades da Comisión Europea. Do mesmo xeito, as infraestruturas de computación cuántica previstas no Cesga conectadas a esta iniciativa contribuirán ao incremento de oportunidades para investigar e desenvolver modelos máis eficientes e intelixentes.

Á súa vez, Galicia debe apostar pola **especialización do territorio**, tamén nas tecnoloxías dixitais. Trátase de aproveitar os tecidos e complementariedades existentes para que os polos de coñecemento e industria da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense se desenvolvan e dispoñan de accións que contribúan a unha proposta de valor única en cada un deles, e que sirvan para que as empresas atopen en Galicia un ecosistema en cohesión e con cobertura dos principais retos e demandas actuais e futuras.

Todo iso sen esquecer a necesaria renovación e ampliación das redes de comunicación no territorio, que deben permitir traballar a empresas e persoas en igualdade de condicións tanto no ámbito urbano como rural.

►► 8.7 Dixitalización dos sectores produtivos



O tecido empresarial e industrial debe adaptarse aos cambios tecnolóxicos en canto a computación, seguridade e intelixencia dos sistemas de información e comunicación, do mesmo xeito que as empresas do sector TIC, sendo estas as primeiras para poder dar servizos ao resto da economía. A ciberseguridade, o *blockchain*, a intelixencia artificial ou a nova computación vanse adoptando nas empresas, pero débese preparar o ecosistema para os retos e oportunidades en conexións 5G e 6G ou en tecnoloxías cuánticas.

Os sectores consolidados están nun proceso de evolución comparable á revolución industrial. En consecuencia, é necesario **impulsar a colaboración** e a transformación do sector nun ecosistema industrial con capacidade de promover a competitividade intersectorial. Neste sentido, **o papel dos clústeres como columna vertebral** das necesidades de cada sector é fundamental para promover os proxectos e solucións que respondan de forma conxunta a retos agrupados das súas entidades. Neste ámbito, tamén é clave a posición dos organismos de I+D, xunto coas infraestruturas despregadas na Cidade das TIC, o Cesga e a AESIA, que son pancas fundamentais da dixitalización da economía.

A dixitalización dos sectores produtivos require plataformas dixitais sectoriais que integren solucións avanzadas, así como pilotos colaborativos que permitan validar tecnoloxías en contornas reais. A Xunta de Galicia, como administración pioneira en innovación, seguirá actuando como contorna de proba e referencia para o ecosistema.

Así mesmo, todos estes avances deben ter en conta o **impacto social da actividade do sector dixital** e incorporar medidas que garantan a súa **ética**. Existen importantes retos; por exemplo, os principios e rumbos da IA dos que tanto se fala nos últimos anos. Galicia, como sede da Axencia Estatal de Seguridade da IA, atópase ante unha oportunidade de participar e ser axente activo na regulación e ética da seguinte revolución dixital.

Nesta visión conflúen igualmente as necesidades de **transformación dixital dos servizos públicos**, que poden ser un catalizador da innovación e a acreditación de capacidades do sector TIC, servindo como piloto preliminar de moitas necesidades da industria xeral. Xa que logo, o sector TIC e a Administración galega deben intensificar a súa colaboración e utilizar mecanismos novos para a contratación e testaxe de solucións con pemes e empresas tractoras galegas, medidas encamiñadas a estimular a innovación dixital nas administracións públicas para lograr un maior impacto social e económico.

Por último, a **Administración rexional e local foi pioneira en innovación e transformación dixital**. A través da compra pública innovadora (CPI), puxéronse en marcha numerosas ferramentas á vangarda europea. Cómpre continuar coa tracción desde o sector público, pero tamén se debe facilitar que as empresas de servizos que participan nestes contratos poidan acceder a novos clientes públicos e tamén privados. Para iso, débese dar visibilidade ao labor do sector TIC en Galicia, poñendo en valor a Administración como piloto e testador destas. Tamén é preciso acompañar as empresas en transformar estes desenvolvementos e proxectos á medida, en crear produtos exportables e escalables.



▶▶ 8.8 Nova gobernanza



O conxunto de axentes, públicos e privados, deben traballar de forma coordinada nos aspectos estratéxicos relacionados coas tecnoloxías e coa transformación dixital, así como cos seus impactos socioeconómicos. Para iso, é necesaria unha **gobernanza consensuada** con persoas expertas con visión a longo prazo, e un seguimento periódico dos indicadores do plan.

A gobernanza do plan debe incorporar instrumentos avanzados de seguimento e avaliación, así como unha estratexia de comunicación interna e externa que visibilice os avances e fortalezas do ecosistema.

Por iso, a visión de ecosistema debe considerar como proxectar o sector TIC galego fóra da comunidade autónoma, especialmente a nivel europeo e internacional. O tecido empresarial logrou grandes éxitos, con empresas recoñecidas no sector e nos seus respectivos segmentos de mercado. Do mesmo xeito, a Comunidade é un referente en *software* libre que está estreitamente relacionado coa escalaxe e a adopción rápida de novas solucións e a sustentabilidade. Ademais, a Xunta de Galicia contribuíu de maneira significativa ao prestixio galego en termos de dixitalización, innovación e modernización, polo que esta debe ser punta de lanza en dar visibilidade ao ecosistema. A posta en marcha dun **plan de comunicación** aliñado cos obxectivos do resto de prioridades é un factor crucial para lograr a misión e visión do sector a 2030.

Estas oito áreas temáticas que acabamos de enumerar engloban as principais necesidades do sector, e serven como base para que a Xunta de Galicia poida poñer en práctica plans de acción con medidas e mecanismos para facer fronte a estas prioridades que o sector pon de manifesto.

09.





Plan de acción. Medidas e mecanismos para fortalecer a industria

Tras a identificación e priorización das necesidades máis urxentes para o sector da industria TIC en Galicia, que representan as áreas clave en que é preciso actuar para asegurar a competitividade e sustentabilidade do sector a medio e longo prazo, neste apartado preséntanse as iniciativas que a Xunta de Galicia xa está a desenvolver, así como as que prevé implantar no futuro, coa finalidade de dar resposta ás devanditas necesidades.


A Xunta de Galicia, consciente das prioridades establecidas, está a poñer en marcha diversos plans de acción, mecanismos e programas de axudas destinados a satisfacer as demandas do sector. Estes esforzos inclúen iniciativas que abarcan desde o fomento da innovación tecnolóxica e a dixitalización ata a mellora da formación profesional e a promoción da sustentabilidade ambiental.


Neste apartado, enuméranse de forma detallada cada unha das necesidades prioritarias identificadas, acompañadas dos mecanismos que a Xunta de Galicia xa ten en funcionamento e das accións planificadas para o futuro. Deste modo, proporciónase unha visión clara das estratexias e dos recursos que se están mobilizando para apoiar o desenvolvemento do sector da industria TIC en Galicia, asegurando que as intervencións estean aliñadas coas prioridades definidas. O anterior non obsta para que haxa outras medidas de interese para as empresas do sector que se poderán consultar de maneira global a través da Oficina Económica de Galicia.

Así, este documento permitiralles aos diferentes actores do sector coñecer con precisión as ferramentas dispoñibles e os futuros plans de apoio, facilitando unha resposta coordinada e eficaz ás necesidades detectadas. Este enfoque integral pretende garantir que as intervencións da Xunta sexan efectivas e estean plenamente adaptadas ás realidades e aos desafíos da industria das TIC en Galicia.

Ademais, como anexo a este documento, analizarase en detalle cada un dos mecanismos dos que a Administración galega dispón.








OE1


Obxectivo Estratéxico 1

Galicia, potencia produtora dixital

Impulsar e desenvolver a industria galega do sector TIC aumentando a súa produtividade e competitividade







EIXE 1

Industria TIC
galega produtiva,
sustentable e
exportadora



Internacionalización e escalaxe empresarial



►► X1 Impulsar a internacionalización do sector TIC

O sector TIC de Galicia identifica a internacionalización como unha panca esencial para reforzar a súa competitividade global. Neste ámbito, resulta prioritario establecer unha estrutura estable de apoio internacional que permita acompañar a empresas na súa entrada e consolidación en mercados exteriores, así como mellorar a visibilidade do ecosistema tecnolóxico galego no ámbito internacional.

Para iso, **promoverase a posta en marcha dunha oficina de apoio á actividade internacional do sector TIC**, que articulará servizos permanentes de soporte tanto no territorio como en destino. Esta oficina coordinará e promoverá as sinerxías con outras entidades e accións do sector público, contribuirá a dar visibilidade ao ecosistema TIC e apoiará a creación de oportunidades de negocio e de captación de talento. Contará, ademais, cun servizo específico de apoio en licitacións internacionais do sector TIC, orientado á identificación e presentación de propostas en licitacións internacionais. En función dos mercados obxectivo para o sector, identificaranse as entidades relevantes e consolidaranse as relacións con organismos internacionais en América Latina, Asia e África (como o Banco Interamericano de Desenvolvemento ou a CAF) e con asociacións e clústeres de países que supoñan unha oportunidade estratéxica para o ecosistema galego, a través de convenios, accións formativas e proxectos conxuntos. Impulsarase, igualmente, o intercambio de boas prácticas con países ou rexións referentes.

Do mesmo xeito, **fomentarase a innovación organizativa e comercial** para optimizar os procesos de internacionalización das empresas. Identificaranse os puntos en común no ámbito internacional e analizaranse fórmulas colaborativas para chegar aos mercados de destino baixo un mesmo modelo de negocio e/ou marcas comerciais, que permitan diminuír o esforzo individual e completar as cadeas de valor no destino. Nesta liña, continuarase reforzando os apoios existentes para a asistencia a feiras, misións e outras accións de difusión no exterior xestionadas polo Igape, favorecendo unha presenza máis coordinada e efectiva do sector galego.

Así mesmo, **impulsaranse actuacións para posicionar internacionalmente o sector TIC galego**, mediante a elaboración dun plan de comunicación específico para o sector en coordinación coa área de internacional do Igape, orientado a mellorar a posición en mercados internacionais e a dar soporte ao resto de medidas deste ámbito, especialmente as dirixidas a crear alianzas no estranxeiro. Traballarase na atracción ou xeración dun evento TIC de interese internacional en Galicia que combine a visión da tecnoloxía coa ética desta, no cal se poña en valor o conxunto do ecosistema e se reforcen os obxectivos comúns do plan director. Neste contexto, terán un papel relevante as medidas de difusión dos organismos de I+D+i TIC, para visibilizar as súas competencias en transferencia tecnolóxica e na dinamización de proxectos cooperativos internacionais.

X1 Impulsar a internacionalización do sector TIC

Medida X1.1	Galicia Exporta Organismos Intermedios	Ficha X1.1
Medida X1.2	Adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial	Ficha X1.2
Medida X1.3	Galicia Exporta Empresas	Ficha X1.3
Medida X1.4	Axudas FOEXGA pemes	Ficha X1.4
Medida X1.5	Axudas Igape Innova	Ficha C1.4

►► X2 Fomentar o aumento do tamaño das empresas TIC


O fortalecemento da estrutura empresarial do sector TIC galego require impulsar o seu crecemento orgánico e inorgánico, favorecendo que as empresas poidan acadar dimensión suficiente para competir en mercados globais. Neste ámbito, promoverase un programa específico orientado a facilitar o aumento de tamaño das empresas TIC mediante procesos de integración, fusións e adquisicións, co obxectivo de lograr o **escalaxe de medianas e grandes empresas que poidan transformarse en corporacións con maior presenza internacional**, gañando dimensión e solvencia para atraer talento e investimento.

Para avanzar neste obxectivo, as entidades interesadas contarán co apoio da **Oficina Económica de Galicia** e, no caso das pemes, do **programa Re-acciona**, que actuará como nexo co Clúster TIC Galicia para acompañar as empresas na definición dunha folla de ruta de crecemento que afiance o seu desenvolvemento.

Así mesmo, impulsarase o **apoio financeiro de Xesgalicia e doutros fondos de coinvestimento**, destinados a facilitar operacións de fusión, integración e tamén a compra de entidades TIC non galegas, contribuíndo a consolidar un tecido empresarial con maior dimensión, capacidade competitiva e tracción internacional.

X2 Fomentar o aumento do tamaño das empresas TIC

Medida X2.1	Oficina Económica de Galicia	Ficha X2.1
Medida X2.2	Programa Re-Acciona	Ficha X2.2



►► S1 Galicia como epicentro da TIC verde

A sustentabilidade emerxe como un vector estratéxico para o reforzo do sector TIC galego, cun papel clave na redución do impacto ambiental e na mellora da súa competitividade global. Neste marco, fomentarase a sustentabilidade enerxética das empresas TIC e a adopción de certificacións que contribúan a reforzar a súa reputación de marca e a aliñarse cos estándares internacionais.

Para avanzar neste obxectivo a través do Clúster TIC Galicia, **realizaranse estudos específicos destinados a formular recomendacións** neste ámbito, favorecendo a implantación de medidas que melloren a eficiencia enerxética, impulsen o uso de tecnoloxías máis limpas e optimicen o ciclo de vida das solucións dixitais. Os resultados destes estudos permitirán tamén **aliñar as actuacións cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS)** e identificar as certificacións ás que poden acceder as empresas TIC galegas como mecanismo de diferenciación e mellora da súa reputación corporativa.

Así mesmo, **traballarase cos organismos públicos e cos axentes de coñecemento** para promover a innovación sustentable no sector TIC.

S1 Galicia como epicentro da TIC verde

Medida S1.1	Axudas implantación medidas ASG nas pemes galegas	Ficha S1.1
Medida S1.2	Obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada	Ficha S1.2
Medida S1.3	Axudas Ticket Innova	Ficha C2.2

Impulsar a eficiencia enerxética multisectorial mediante solucións dixitais innovadoras


A eficiencia enerxética multisectorial representa unha oportunidade clave para xerar solucións TIC de alto valor engadido e para apoiar a transición ecolóxica do tecido produtivo galego. Neste ámbito, poñeranse en marcha **programas e iniciativas innovadoras baseadas na monitorización intelixente e na análise avanzada de datos**, orientadas a optimizar o consumo enerxético e mellorar a sustentabilidade dos sectores industriais.


Impulsarase o **desenvolvemento de tecnoloxías e produtos que poidan ser testados e posteriormente implementados noutras industrias**, permitindo validar solucións en contornas reais e favorecer a súa escalabilidade. Exemplos destas áreas inclúen as **smart-grids, a predición de consumos, a optimización enerxética e a flexibilidade demanda-oferta**, fundamentais para avanzar cara a modelos produtivos máis eficientes e menos intensivos en recursos.


Así mesmo, **apoiaranse proxectos de I+D+i que dean lugar a solucións de alto valor en termos de eficiencia enerxética**. Estas actuacións complementaranse co mantemento dos **apoios á dixitalización e ao investimento en aforro enerxético**, reforzando a capacidade do ecosistema galego para desenvolver produtos e servizos innovadores que combinen transformación dixital e transición verde.

S2 Impulsar a eficiencia enerxética multisectorial

Medida S2.1	Axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas	Ficha S2.1
Medida S2.2	Axudas Ticket Innova	Ficha C2.2
Medida S2.3	Axudas Industria Innova	Ficha C1.5
Medida S2.4	Axudas Igape Innova	Ficha C1.4







ema dixital


Dixitalización
sectorial

EIXE 2

Competitividade
sectorial e
consolidación de
proxectos TIC



Competitividade sectorial e consolidación de proxectos TIC



►► C1 Impulsar as misións galegas de *deeptech* TIC orientadas a retos e oportunidades de mercado

Para fortalecer a capacidade innovadora do sector TIC galego, impulsarase un conxunto de actuacións orientadas a anticipar necesidades tecnolóxicas, reforzar a colaboración entre empresas e centros de coñecemento e promover proxectos de alto impacto en ámbitos de tecnoloxías profundas.

En primeiro lugar, impulsarase o desenvolvemento dunha **Axenda Estratéxica das necesidades empresariais TIC de I+D+i**, definida polo propio sector empresarial e baseada nas necesidades de I+D compartidas maioritariamente polas empresas. Esta axenda constituirá a base dun **programa de proxectos de I+D+i** en colaboración cos centros de investigación e centros tecnolóxicos de Galicia, con posibilidade de incorporar centros de fóra de Galicia. O programa de proxectos influirá en moitos ámbitos, como poden ser: as teses doutorais, doutoramentos industriais, proxectos de grupos de investigación e iniciativas colaborativas. Ademais, estará aliñada coa Estratexia de Innovación que se está a desenvolver por parte da Xunta de Galicia, a cal, incluiría a atracción de proxectos innovadores e talento para impulsalo. Ademais, tanto Amtega coma o Sergas, e grandes clientes do sector poderán achegar necesidades para conformar unha visión máis completa. Esta medida inclúe o apoio á construción do programa, non ao financiamento dos proxectos, que se recollerá noutras actuacións.

De maneira complementaria, mapearanse as capacidades do ecosistema investigador de Galicia en tecnoloxías profundas co obxecto de xerar **alianzas clave** entre empresas e grupos de investigación.

Así mesmo, impulsaranse centros virtuais para aumentar e mellorar a intelixencia artificial en Galicia e promover a unión dos recursos dos centros públicos de investigación TIC galegos para abordar proxectos de *DeepTech* —especialmente en intelixencia artificial— demandados polo sector empresarial do sector TIC. A partir da Axenda Estratéxica de I+D+i, promoverá o financiamento dos proxectos priorizados, o cal combinará achegas tanto do sector privado como das administracións públicas.

Finalmente, fomentárase o **aumento do investimento en I+D+i empresarial a través da innovación aberta** nas empresas TIC, especialmente nas pemes do sector. Para isto, facilitarase a adopción de estratexias en I+D+i aliñadas cos cambios tecnolóxicos e a evolución dos modelos de negocio. Ademais, promoverase a xeración de proxectos orientados á creación de produtos **TIC comerciais, que teñan unha alta escalabilidade e potencial internacional**. Por último, promoverase a mellora integral da xeración de valor das empresas TIC, tanto individual como conxunta, para responder mellor ás necesidades e motivacións do cliente dixitalizado, incluíndo as fases pre e post-venda.

Conxuntamente, estas actuacións permitirán consolidar un ecosistema galego especializado en tecnoloxías profundas, capaz de xerar innovación de alto valor, fortalecer a competitividade do sector TIC e ampliar a súa presenza nas cadeas de valor internacionais.

C1 Impulsar as misións galegas de *deeptech* TIC orientada aos retos e oportunidades de mercado

Medida C1.1	Unidades Mixtas de Investigación	Ficha C1.1
Medida C1.2	Servizos do Cesga para empresas	Ficha C1.2
Medida C1.3	Axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e ensaio e experimentación	Ficha C1.3
Medida C1.4	Axudas Igape Innova	Ficha C1.4
Medida C1.5	Axudas Industria Innova	Ficha C1.5

►► C2 Capacitar ás empresas TIC de Galicia nos ámbitos de certificacións empresariais e profesionais e en excelencia directiva

As empresas deben profesionalizarse e poñer en valor a calidade dos seus servizos apostando por adoptar as **certificacións propias do sector**. Con este fin, buscaranse instrumentos de apoio económico para favorecer estas acreditacións, por exemplo, no ámbito ciberseguridade, onde hai retos e demanda de servizos profesionais.

Así mesmo, poñerase en marcha un **servizo de apoio ás empresas que desenvolvan, comercialicen ou empreguen sistemas de IA de alto risco**, especialmente as pemes, para dar cumprimento ao Regulamento (UE) 2024/1689.

C2 Capacitar ás empresas TIC de Galicia nos ámbitos de certificacións empresariais e profesionais, e en excelencia directiva

Medida C2.1	Servizo de apoio a empresas, especialmente pemes, para o cumprimento do Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial	Ficha C2.1
Medida C2.2	Axudas Ticket Innova	Ficha C2.2
Medida C2.3	Axudas ao posicionamento das empresas galegas como subministradoras en materia de seguridade e defensa	Ficha C2.3

►► C3 Reforzar o Clúster TIC Galicia como eixe vertebrador do sector

O **Clúster TIC Galicia vertebrarase como a plataforma única** do ecosistema TIC para fomentar a colaboración no desenvolvemento e implantación de tecnoloxías dixitais. Promoverase un **portelo único entre a demanda e a oferta tecnolóxica** onde, a través do Clúster TIC Galicia, se poida consolidar a senda estratéxica do sector e a efectiva xeración de sinerxías entre todos os actores do ecosistema.

A través do **financiamento basal** do clúster e principais axentes e organismos de I+D mediante axudas directas vinculadas ao cumprimento de obxectivos, poderanse despregar **servizos continuados e estables** que impacten significativamente nas capacidades de visibilización, cooperación e internacionalización do sector.

Ademais, impulsarase un **portelo único de transformación dixital** para dispoñer de capacidade tractora intersectorial e interclúster, e que calquera empresa galega teña un punto de coñecemento e asesoramento non discriminatorio sobre toda a oferta TIC de Galicia. A través deste, poñeranse en marcha accións que propicien o **intercambio de ideas, de negocio e tecnoloxía** (incluíndo grupos de traballo en áreas estratéxicas como a intelixencia artificial), entre distintos sectores e axentes do ecosistema, sendo a cooperación entre clústeres a clave para a transformación e democratización das solucións e do coñecemento.

Finalmente, impulsarase a creación dun **xemelgo dixital do sector TIC** para monitorizar o crecemento deste que sirva de base para elaborar informes para a toma de decisións políticas. Esta medida complementará a visión que, con carácter posterior, ofrece o informe OSIMGA sobre a evolución do sector a partir de datos estatísticos.

Medida C3.1

Axudas ás agrupacións empresariais (clústeres) innovadoras na comunidade autónoma de Galicia

Ficha C3.1

►► C4 Impulsar a visibilidade e a reputación do sector TIC galego


Impulsaranse actuacións orientadas a **mellorar a visibilidade, o posicionamento e a reputación do sector TIC galego** en mercados nacionais e internacionais, apoiándose na **credibilidade e no recoñecemento institucional asociados a Galicia** como territorio de excelencia empresarial e tecnolóxica, coma por exemplo, a marca "Galicia Calidade".

O Clúster TIC Galicia propondrá un **dosier comercial** do potencial e referencias destacadas do ecosistema TIC galego, con especial énfase do éxito da Xunta de Galicia en materia de dixitalización a través de provedores rexionais.

Así mesmo, identificaranse os **principais eventos e feiras** do sector, para promover a participación conxunta de delegacións do sector TIC nestas.

Nestas actuacións propiciárase a participación da Asociación de Empresas de Tecnoloxía de Galicia (INEO) como axente representativo do sector e polo seu papel dinamizador entre este e outros sectores empresariais.

Investimentos e creación de produto TIC



►► I1 Promover o investimento e o desenvolvemento de produto TIC por parte das empresas TIC de Galicia

Para reforzar a capacidade innovadora e o posicionamento competitivo do sector TIC galego, impulsarase unha liña integral de actuacións orientadas ao desenvolvemento de produto tecnolóxico propio, á transferencia de solucións dixitais a outros sectores e ao fortalecemento do investimento empresarial.

En primeiro lugar, favorecerase **o desenvolvemento de produtos TIC e plataformas SaaS** a través de proxectos de innovación intensivos en persoal.

Así mesmo, **apoiarase a transferencia de tecnoloxía entre as empresas TIC galegas e os retos dos sectores económicos**. Os proxectos colaborativos seguirán sendo un alicerce da competitividade e da innovación. A través das convocatorias de cooperación, facilitarase que as solucións dixitais do sector TIC galego contribúan a cambiar e mellorar os modelos de negocio dos sectores produtivos.

Complementariamente, fomentaranse as tecnoloxías duais en defensa dixital e ciberseguridade. Para impulsar o **desenvolvemento, validación e adopción destas**, cómpre aproveitar as capacidades científico-tecnolóxicas e industriais do ecosistema galego e a demanda de produtos e servizos por parte dos distintos axentes da cadea de valor.

Proporase, ademais, a prestación de servizos asociados ao impulso de **proxectos europeos TIC**, en coordinación coa Gain e institucións nacionais, e participando activamente nos foros e plataformas europeas que dinamizan o TIC en Europa, por exemplo, no programa **Digital Europe**.

Para reforzar o impacto destas iniciativas, promoverase o **cofinanciamento rexional a proxectos de alto impacto** cando estes capten financiamento nacional ou europeo, e este non limite a compatibilidade con outras axudas, o que incentivará o interese para participar en programas como *Digital Europe* ou os PADIH.

Finalmente, **buscaranse sinerxías e financiamento complementario ás liñas de financiamento ao crecemento empresarial**, para favorecer o crecemento interno e a internacionalización das empresas TIC, especialmente das pemes.

I1 Promover o investimento e desenvolvemento de produto TIC por parte das empresas TIC de Galicia

Medida I1.1	Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación	Ficha I1.1
Medida I1.2	Préstamos para investimentos	Ficha I1.2
Medida I1.3	Préstamos para financiamento operativo	Ficha I1.3
Medida I1.4	Axudas Nexos	Ficha I1.4
Medida I1.5	Proxectos de I+D empresarial	Ficha I1.5
Medida I1.6	Proxectos colaborativos de I+D+i para o desenvolvemento de tecnoloxías cuánticas e intelixencia artificial	Ficha I1.6
Medida I1.7	Ignicia Proba de Concepto	Ficha I1.7
Medida I1.8	Axudas IA360	Ficha I1.8
Medida I1.9	Servizos PEME Europa	Ficha I1.9
Medida I1.10	Vinnovate Galicia	Ficha I1.10
Medida I1.11	Recuperación excelencia Neotec	Ficha I1.11
Medida I1.12	Reaval crecemento	Ficha I1.12
Medida I1.13	Reaval garantías	Ficha I1.13
Medida I1.14	Axudas Igape Innova	Ficha C1.4

►► I2 Atraer e fomentar novos centros de datos e servizos TIC

Co obxectivo de dispoñer de servizos especializados nas necesidades sectoriais baseados nas novas infraestruturas de experimentación e centros tecnolóxicos colaborativos postos en marcha, atraeranse e promoveranse **centros de servizos TIC**. Estes servizos deberán proporcionar **economías de escala** na xestión da información e na prestación de servizos baseados en datos, especialmente ás pemes.

Así mesmo, configurarase unha **rede de testbeds públicos** que permita probar solucións innovadoras, mediante probas de concepto ou pilotos dixitais, cun impacto e implicación relevante de axentes públicos e sociais. Ademais, entre estas solucións de innovación aberta, tamén terá cabida o despregamento de **sandboxes e espazos de datos**, destinados a facilitar a transformación dixital da Administración, así como as súas relacións coa conterna e a cidadanía. Estes proxectos orientaranse a **retos públicos**, mediante subvencións que permitan aliñar accións de compra pública de innovación (CPI) e compra pública precomercial (CPP).

I2 · Atraer e fomentar novos centros de datos e servizos TIC

Medida I2.1	Investimento para infraestruturas locais (infraestruturas abertas e colaborativas)	Ficha I2.1
Medida I2.2	Fábrica Europea de Intelixencia Artificial no ámbito de <i>One Health</i>	Ficha I2.2


►► I3 Facilitar o emprendemento e a consolidación das startups TIC de Galicia


O fortalecemento do intraemprendemento dixital é esencial para dinamizar o ecosistema TIC galego e impulsar novas xeracións de empresas innovadoras. Con este fin, promoverase accións de **aceleración de proxectos de novos emprendedores ou xa consolidados pero cun alto potencial**, ofrecendo acompañamento para o seu crecemento exponencial, co obxectivo de multiplicar a súa capacidade de impacto nos próximos anos. Para iso, existen as actuais aceleradoras ou o programa Tech Angel.


O Plan director da Industria das TIC promoverá o impulso deste sector en zonas rurais, incluíndo medidas que favorezan a implantación nestes concellos, como o Programa de Incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT).

I3 Facilitar o emprendemento e a consolidación das startups TIC de Galicia

Medida I3.1	Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica	Ficha I3.1
Medida I3.2	Axudas <i>Startups</i>	Ficha I3.2








EIXE 3

Persoas





►► P1 Crear a Escola de Capacitación Profesional Continua das TIC de Galicia e desenvolver plenamente o modelo das microcredenciais profesionais

Co obxectivo de fortalecer o talento tecnolóxico en Galicia e asegurar unha actualización continua das competencias profesionais, desenvolveranse diversas actuacións orientadas á capacitación, recualificación e atracción de persoas para o sector TIC. O Plan director promoverá o uso da lingua galega nas accións formativas impartidas sempre que a natureza da actividade o permita.

En primeiro lugar, **desenvolverase conceptual e tecnoloxicamente a nova Estratexia de Formación baseada en microcredenciais**, en colaboración coa Consellería Emprego, Comercio e Emigración, o CNTG, entidades privadas e outros axentes intermedios (eDIH e outros clústeres). Esta estratexia traballará en identificar con maior precisión as necesidades formativas en cada etapa educativa e profesional, para contribuír aos obxectivos europeos de aprendizaxe continua e adaptación ás habilidades emerxentes. Entre outros, colaborarase na actualización da **Axenda Galega de Capacidades para o Emprego** e no estudo das **tecnoloxías emerxentes ligadas á transformación laboral**, en coordinación coa Consellería de Emprego.

Potenciarase tamén o **Campus Dual TIC** como plataforma de referencia para o *re-skilling*, *up-skilling* e a conexión do talento entre universidade e empresa. O Campus Dual TIC será o programa referente de actualización de competencias dixitais nas empresas e ampliárase o seu alcance para fomentar a colaboración nas etapas formativas. Dunha parte, será un referente en *upskilling* demandado pola industria, co obxectivo de duplicar o número de alumnas e alumnos e horas formativas nos próximos tres anos, e tamén se promoverá a creación dun **máster en xestión de empresas TIC**.

Doutra parte, en canto a reconversión profesional, crearase formación intensiva para a capacitación en tecnoloxías dixitais necesarias nas cadeas produtivas de Galicia, incluíndo formación en IA, *cloud*, ciberseguridade, data e desenvolvemento móbil, co foco posto na estratexia STEP. Tendo en conta as necesidades dos distintos colectivos e empresas, deseñando e equilibrando os programas que se imparten entre os distintos axentes do ecosistema. Promoverase de forma específica: continuar as accións de formación en microcredenciais, promoción da formación de *re-skilling* para maiores de 45 anos ou profesionais doutros sectores. Tamén se dará difusión ás axudas para a contratación e formación de persoas en activo.

Ademais, desde o Clúster TIC Galicia identificarase anualmente as necesidades e oportunidades de levar a cabo **proxectos fin de grao, máster e doutoramentos industriais**, e serán ofrecidos ás universidades galegas. Ademais, crearase unha nova convocatoria para financiar **proxectos de innovación colaborativa** que sirva de achegamento ao mundo empresarial aos estudantes. Do mesmo xeito, promoveranse **hackatons anuais** nas disciplinas tecnolóxicas emerxentes, para aflorar o interese tanto de alumnos como de empresas nos devanditos ámbitos.

Adicionalmente, impulsarase a **integración do ecosistema galego en iniciativas europeas de formación**, favorecendo o intercambio de boas prácticas en materia formativa e desenvolvemento profesional, á vez que promover a captación e retención do talento vinculado a funcións de transformación dixital ou I+D+i TIC. Promoveranse propostas en cooperación co resto de axentes públicos e privados que achegan crecemento ao sector a través de programas de cooperación interrexional, Erasmus+, e as iniciativas do EIT Dixital.



Para mellorar a eficiencia operativa das empresas TIC, financiarase a **incorporación de ferramentas de automatización de tarefas, IA e outras tecnoloxías** que permitan optimizar tarefas e procesos para paliar o déficit de talento. Acompañaranse estas iniciativas, con cursos para usuarios das mesmas.

Así mesmo, reforzarase o **fomento das vocacións STEM e a igualdade**, ampliando o alcance do programa “Que non te lín, ti elixes”, para que teña un maior impacto e permita a configuración de novas actividades de acompañamento durante o curso escolar e actividades extraescolares ou campamentos para facilitar a comprensión de que se pode lograr a través das tecnoloxías dixitais. Estas iniciativas teñen un alto impacto social, xa que contribúen a humanizar e xerar confianza nas aplicacións das ramas STEM. Ademais, crearanse campañas específicas para fomentar a incorporación de **nenas e mozas** aos itinerarios STEM en ESO, Bacharelato, FP e carreiras universitarias.

Finalmente, impulsaranse accións destinadas a mellorar o **liderado feminino no sector TIC**, desenvolvendo habilidades directivas no relativo á xestión, coordinación e liderado de equipos e obxectivos empresariais, para que máis mulleres se encamiñen a retos profesionais no sector TIC aínda que teñan experiencia noutros ámbitos.



P1 Crear a Escola de Capacitación Profesional Continua das TIC de Galicia e desenvolver plenamente o modelo das microcredenciais profesionais

Medida P1.1	Formación especializada en tecnoloxías da información para profesionais (<i>upskilling</i>) e futuros profesionais do sector (<i>reskilling</i>) do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG)	Ficha P1.1
Medida P1.2	Acreditación de experiencia profesional	Ficha P1.2
Medida P1.3	Plan FPGal360	Ficha P1.3
Medida P1.4	Apoio a persoas traballadoras afectadas por empresas en crise	Ficha P1.4
Medida P1.5	Accións formativas do sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas	Ficha P1.5
Medida P1.6	Rede galega de dinamización da relación con empresas na formación profesional	Ficha P1.6
Medida P1.7	Plan Conecta FP Galicia	Ficha P1.7
Medida P1.8	Estadías formativas en empresas ou organismos equiparados	Ficha P1.8
Medida P1.9	Proxectos de formación do profesorado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial e formación en alta especialización para o profesorado de FP	Ficha P1.9
Medida P1.10	Creación dun centro de formación especializado en novas ocupacións profesionais vencelladas a transición verde e dixital na Cidade das TIC (A Coruña)	Ficha P1.10
Medida P1.11	Bonos talento empresa cofinanciados pola unión europea no marco do programa FSE+ GALICIA 2021- 2027	Ficha P1.11
Medida P1.12	Programa educativo “Que non te lén, ti elixes”	Ficha P1.12
Medida P1.13	Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE)	Ficha P1.13
Medida P1.14	Axudas á transformación dixital das pemes	Ficha D1.2



►► P2 Dotar ao sector dun portal de emprego e talento con alcance tanto local coma internacional

Para fortalecer a captación, retención e retorno de talento no sector TIC galego, poranse en marcha diversas actuacións orientadas a atraer profesionais cualificados, facilitar o seu asentamento e crear novas oportunidades laborais vinculadas ao crecemento do ecosistema dixital.

En primeiro lugar, lanzarase un **programa para facilitar o regreso a Galicia de persoas emigrantes e a súa incorporación ao sector TIC**. A través do Clúster TIC Galicia e en colaboración co sistema avanzado de IA do servizo público de emprego, definiranse e poñeranse en marcha dinámicas específicas para dar maior visibilidade ás oportunidades laborais do sector, atendendo aos factores motivacionais de cambio destes profesionais e poñendo tamén en valor o estilo e a calidade de vida en Galicia. Para iso, analizaranse as motivacións para a retención do talento e traballarase coas administracións e as empresas na posta en marcha de accións neste ámbito.

Complementariamente, promoverase a **atracción de profesionais ao sector TIC** doutras nacionalidades, mediante campañas de difusión e servizos de apoio ás persoas e ás súas familias, para atraer e integrar profesional e persoalmente a estas persoas no ecosistema empresarial e na sociedade galega. Inclúense aquí actuacións aliñadas coa Estratexia Retorna e a colaboración cos axentes públicos e asociacións no exterior.


Así mesmo, **darase máis visibilidade ás oportunidades profesionais para persoas tituladas e especialistas en tecnoloxías profundas**, co fin de garantir que o coñecemento avanzado contribúa ao desenvolvemento empresarial rexional e reducir as taxas de emigración de perfís científico-tecnolóxicos.


Adicionalmente, **favorecerase a atracción de talento con incentivos á contratación**, especialmente para as pemes, que vaian dirixidos a favorecer a creación de emprego de calidade e as condicións laborais das persoas traballadoras.

P2 Dotar ao sector dun portal de emprego e talento con alcance tanto local coma internacional

Medida P2.1	Galicia Suma Talento: Plan de formación empresas	Ficha P2.1
Medida P2.2	Programa retorna cualifica emprego	Ficha P2.2
Medida P2.3	Arraigo sociolaboral	Ficha P2.3
Medida P2.4	Doutoramentos industriais	Ficha P2.4
Medida P2.5	Perfilado competencial emprego intelixente (EMI) e IA aplicada ao mercado laboral	Ficha P2.5
Medida P2.6	Programa Galicia emprega de incentivos á contratación por conta allea	Ficha P2.6
Medida P2.7	Programa Investigo	Ficha P2.7
Medida P2.8	Programa primeira experiencia profesional	Ficha P2.8
Medida P2.9	Contratación de persoas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX) a través da colaboración con organismos intermedios sen ánimo de lucro	Ficha P2.9







OE2

Obxectivo Estratéxico 2

Reforzar o ecosistema industrial a través das TIC

Reforzar o ecosistema para converxer na plena transformación dixital de Galicia e a súa internacionalización




EIXE 4


Mellora de infraestruturas TIC e
promoción de solo TIC



Com
sect
cons
prox



Infraestrutura e solo industrial



►► IF1 Favorecer o desenvolvemento da Cidade das TIC e conectala con iniciativas prioritarias para o despregamento de tecnoloxías e empresas innovadoras

A primeira medida vai **dirixida a impulsar o desenvolvemento da Cidade das TIC** e integrala cos polos TIC de Santiago, Vigo e Ourense para configurar novas capacidades que complemente o ecosistema. Débense impulsar as seguintes fases de habilitación e reforzando o seu papel como punto de encontro de capacidades dixitais. Impulsarase a instalación de novas empresas atraídas polo acceso a espazos de *coworking* e *hubs* tecnolóxicos, reforzados pola formación e polo talento excelente das universidades galegas. Así mesmo, promoveranse **demostradores tecnolóxicos** tanto na zona sur como na zona interior de Galicia, para a validación e ao desenvolvemento de tecnoloxías adaptadas aos sectores produtivos amparados na especialización dos axentes e de tecnoloxías de cada polo.

Adicionalmente, favorecerase a creación dunha **plataforma de acceso común aos ordenadores cuánticos relevantes**, que actuará como elemento dinamizador do ecosistema cuántico galego. Dado que a principal oportunidade de Galicia neste ámbito radica no **desenvolvemento de software cuántico**, a plataforma facilitaría un programa amplo de formación e experimentación práctica cos distintos tipos de ordenadores cuánticos que existen, permitindo que as empresas TIC poidan dominar as variantes de algoritmos existentes e coñecer as capacidades que ofrecen cada tipo de computador mediante proxectos *hands-on* reais.

Finalmente, promoverase o investimento en **infraestruturas cloud compartidas e na creación de espazos de datos**, co fin de lles facilitar ás pemes o desenvolvemento de novos produtos a un custo reducido. Estas capacidades ofreceranse como servizos a través do Clúster TIC Galicia e da Cidade das TIC.

IF1 Favorecer o desenvolvemento da Cidade das TIC e conectala con iniciativas prioritarias para o despregamento de tecnoloxías e empresas innovadoras

Medida IF1.1	Axudas para a atracción de empresas a Galicia	Ficha IF1.1
Medida IF1.2	Programa centros dixitais - axudas ao investimento das pemes e grandes empresas para a creación de centros dixitais de xestión remota	Ficha IF1.2
Medida IF1.3	Convenio para a creación dun espazo de datos industrial de Galicia e desenvolvemento de casos de uso	Ficha D1.1
Medida IF1.4	Préstamos para investimentos	Ficha I1.2

►► IF2 Mellorar a conectividade de banda ancha e redes ultrarrápidas en toda Galicia

Fomentarase o desenvolvemento das redes de comunicación necesarias para garantir o despregamento tecnolóxico en todo o territorio galego. Esta medida inclúe actuacións orientadas á **mellora da conectividade**, con especial atención ao ámbito rural, tanto en redes de banda ancha como nas **tecnoloxías emerxentes** (5G, 6G e futuras) que permitan soportar novas capacidades dixitais e servizos avanzados.

As accións que se impulsen desenvolveranse en coherencia co **Programa Territorio Intelixente**, abordando directamente aquelas áreas nas que a Amtega ten competencias e promovendo a coordinación coa Administración Xeral do Estado e con outros axentes responsables no resto de ámbitos.

IF2 Mellorar a conectividade de banda ancha e redes ultrarrápidas en toda Galicia

Medida IF2.1	Fomentar o desenvolvemento das redes de comunicación para garantir o despregamento tecnolóxico en todo o territorio	Ficha IF2.1
---------------------	---	-------------

►► IF3 Despregar novas infraestruturas de I+D+i

Impulsarase o desenvolvemento de novas infraestruturas científico-tecnolóxicas que permitan situar Galicia na vangarda de ámbitos estratéxicos como os semicondutores, as comunicacións satelitais, a ciberseguridade e a intelixencia artificial aplicada.

En primeiro lugar, promoveranse **iniciativas no ámbito dos semicondutores e chips**, apalancando o coñecemento dos centros de investigación universitarios e dos centros tecnolóxicos galegos. Esta liña busca atraer proxectos singulares de investimento, como a iniciativa SPARC, desenvolvida no seo do centro de investigación universitario AtlantTIC da Universidade de Vigo, favorecendo o desenvolvemento dunha capacidade industrial e de innovación propia neste ámbito estratéxico.


Así mesmo, **apoiarase a consolidación de iniciativas estratéxicas en comunicacións satelitais**, favorecendo o crecemento da industria espacial galega. O impulso deste sector permitirá situar a comunidade autónoma á vangarda das comunicacións satelitais, estreitamente relacionadas coa ciberseguridade e co avance das tecnoloxías cuánticas.

Adicionalmente, reforzarase a **rede de laboratorios de ciberseguridade** nos centros de I+D+i galegos, a través do financiamento dos Fondos Retech. Esta rede inclúe o laboratorio de ciberseguridade 5G e o laboratorio de ciberseguridade industrial de Gradiant; o laboratorio móbil avanzado para auditorías de ciberseguridade do espazo aéreo UAS do Itg; o laboratorio de ciberseguridade e *hacking* ético do Ctag; e o laboratorio de seguridade, privacidade e confianza 5G/6G da Universidade de Vigo.

Finalmente, impulsarase a creación dunha rede de **centros de experimentación e demostradores de IA** para favorecer a creación de plataformas sectoriais baseadas en intelixencia artificial. Ademais, estes centros permitirán poñer en valor datos públicos xerados na Comunidade, facilitando o seu uso como activo para desenvolver solucións avanzadas baseadas en IA.

IF3 Despregar novas infraestruturas de I+D+i

Medida IF3.1	Proxecto galego de creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores para a investigación e innovación en solucións de ciberseguridade aplicadas a tecnoloxías para o sector do transporte intelixente, e para a explotación de servizos técnicos de ciberseguridade	Ficha IF3.1
Medida IF3.2	Axudas para a atracción de empresas a Galicia	Ficha IF1.1
Medida IF3.3	Axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e ensaio e experimentación	Ficha C1.3



EIXE 5


Ecosistema dixital



Com
sect
cons
prox



Ecosistema dixital



►► D1 Desenvolver plataformas de transformación dixital para todos os sectores económicos, con especial énfase na IA

Impulsarase un conxunto de actuacións orientadas a acelerar a transformación dixital dos sectores produtivos de Galicia mediante o desenvolvemento de plataformas, proxectos colaborativos e recursos avanzados baseados en datos e intelixencia artificial.

En primeiro lugar, promoverase o desenvolvemento de **plataformas de transformación dixital para todos os sectores**, que resultarán en proxectos dixitais disruptivos nos sectores estratéxicos da economía galega, e facilitarán o despregamento de **demostradores tecnolóxicos especializados**. A través dos clústeres sectoriais e a coordinación do Clúster TIC Galicia poderanse identificar retos dixitais prioritarios.

Complementariamente, favorecerase a creación dunha **rede de FactorIA sectoriais**, promovendo proxectos rexionais centrados no desenvolvemento de algoritmia e procesamento de datos en colaboración cos centros tecnolóxicos e de innovación. O obxectivo desta iniciativa sería xerar unha nube de algoritmos abertos, posta ao servizo do tecido empresarial TIC e doutros sectores, que facilite a creación dunha plataforma de coñecemento propio e independente baseado en intelixencia artificial.

Así mesmo, analizarase o **impacto social do sector TIC** mediante o desenvolvemento, a través do Clúster TIC Galicia, de solucións de *big data* orientadas a mellorar a transparencia e a achegar evidencias temperás para o seguimento das políticas públicas. Crearase un *data lake* que permitirá monitorizar o Plan Director da Industria das TIC e outros a petición da Consellería. Traballarase, ademais, na creación de recursos de *big data* sobre temas sociais relevantes, como a igualdade, co obxectivo de contribuír a unha sociedade máis informada. Por outra parte, promoverase a realización de **pilotos colaborativos entre startups e empresas medianas e grandes**, co obxectivo de favorecer a adopción de novas tecnoloxías e a creación de oportunidades de colaboración real.

Finalmente, impulsarase un **programa de apoio ás pemes en tecnoloxías dixitais**, que proporcione formación, asesoramento e un mellor coñecemento da proposta de valor do ecosistema TIC galego. Neste programa xogarán un papel relevante outros organismos intermedios (como INEO- Asociación de Empresas de Tecnología de Galicia) polo seu papel dinamizador e asesor do tecido empresarial. Esta medida, xunto co portelo único do sector e o sistema de certificación das capacidades tecnolóxicas TIC galegas, permitirá ofrecer respostas máis adecuadas ás necesidades do tecido industrial e favorecer a súa transformación dixital.

D1 Desenvolver plataformas de transformación dixital para todos os sectores económicos, con especial énfase na IA

Medida D1.1	Convenio para a creación dun espazo de datos industrial de Galicia e desenvolvemento de casos de uso	Ficha D1.1
Medida D1.2	Axudas á transformación dixital das pemes	Ficha D1.2
Medida D1.3	Programa REACTIVA-TEC	Ficha D1.3
Medida D1.4	Axudas IA360	Ficha I1.8
Medida D1.5	Axudas Igape Innova	Ficha C1.4
Medida D1.6	Proxectos colaborativos de I+D+i para o desenvolvemento de tecnoloxías cuánticas e intelixencia artificial	Ficha I1.7
Medida D1.7	Axudas Industria Innova	Ficha C1.5

►► D2 Liderado da Xunta de Galicia nas mellores prácticas dixitais e innovación TIC

A Administración pública galega continuará exercendo un papel impulsor na innovación dixital, actuando como referente e demostrador das solucións tecnolóxicas desenvolvidas en Galicia.

En primeiro lugar, **promoverase a tecnoloxía galega ao servizo da dixitalización pública**, mediante campañas de difusión que visibilicen, dentro e fóra de Galicia, as iniciativas xa implantadas e que situaron á comunidade na vangarda tecnolóxica en numerosos ámbitos. Ademais, fomentarase a celebración dun evento tecnolóxico de referencia, apoiado pola AESIA e outras entidades clave en Galicia.

Así mesmo, despregarase un **programa de intelixencia artificial aplicada á Administración pública**, xunto cun **programa específico de desenvolvemento e innovación asociado**. Esta iniciativa permitirá poñer en valor os datos públicos de Galicia, potenciar a colaboración en tecnoloxías disruptivas arredor da IA e aproveitar sinerxías con outras medidas como a rede de *testbeds* públicos.

Finalmente, elaborárase a **Estratexia Pública de Xestión do Dato de Galicia**, aliñada coas tendencias europeas para establecer un marco legal e unha visión holística que garanta unha xestión adecuada dos datos públicos. Esta estratexia facilitará o seu acceso e reutilización por parte das empresas e das entidades de I+D+i, contribuíndo a xerar valor social e económico a través do dato.

D2 Liderado da Xunta de Galicia nas mellores prácticas dixitais e innovación TIC

Medida D2.1	Promocionar a tecnoloxía desenvolvida en Galicia ao servizo da dixitalización pública	Ficha D2.1
Medida D2.2	Desenvolvemento do ecosistema gobtech Galicia	Ficha D2.2
Medida D2.3	Elaboración da Estratexia do Dato do sector público autonómico de Galicia	Ficha D2.3



EIXE 6

Nova governanza



Com
sect
cons
prox



Nova gobernanza



►► G1 Coordinación e seguimento conxunto para impulsar o crecemento do sector TIC galego como ecosistema integrado multiactor e multisector

A nova política industrial da Consellería de Economía e Industria pivota sobre a articulación dos plans directores e, para a súa posta en marcha, require dunha colaboración integral entre a Administración e as entidades representantes da industria, tanto do sector privado como das persoas traballadoras e axentes sociais. Esta interacción debe desenvolverse de maneira coordinada, atendendo, por unha banda, ás necesidades e requirimentos do tecido industrial e, por outra, á xestión eficiente dos recursos públicos dispoñibles por parte da Xunta de Galicia para dar resposta a estas demandas.

O conxunto de axentes, públicos e privados, debe traballar de maneira colectiva nos aspectos estratéxicos relacionados coas tecnoloxías e coa transformación dixital, así como cos seus impactos socioeconómicos. Para iso, é necesaria unha gobernanza consensuada con persoas expertas con visión a longo prazo.

G1 Coordinación e seguimento conxunto para impulsar o crecemento do sector TIC galego como ecosistema integrado multiactor e multisector

Medida G1.1	Comisións de seguimento sectoriais	Ficha G1.1
Medida G1.2	Fortalecemento do diálogo social	Ficha G1.2
Medida G1.3	Grupos de traballo cos organismos da Xunta	Ficha G1.3

►► G2 Avaliación do plan director

A implantación dos plans directores será obxecto de seguimento continuado a través das ferramentas e dos indicadores asociados ao mapa industrial de Galicia, instrumento de política industrial integrado no marco dos plans directores sectoriais.

Así mesmo, e co obxectivo de manter informadas todas as partes interesadas, elaborárase un informe bianual de impacto do plan, no que se realizará unha análise dos indicadores asociados ás diferentes liñas de actuación e do impacto global atendendo á evolución das variables macroeconómicas.

G2. Avaliación do plan director

Medida G2.1	Posta en marcha do mapa industrial de Galicia	Ficha G2.1
Medida G2.2	Análises bianuais de impacto do plan director	Ficha G2.2


►► G3 Criterios de intervención

A Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético actúa como punto de contacto para a entrada dos proxectos industriais que cumpran unha serie de requisitos vinculados ao investimento asociado e ao emprego xerado.

Doutra banda, este plan director terá en conta, dentro das liñas de intervención nas que proceda, a recomendación de que os organismos competentes consideren criterios de valoración positiva e accións de sensibilización encamiñadas a fomentar a incorporación das mulleres en actividades industriais nas que se atopan infrarrepresentadas.

Aínda que os índices de sinistralidade en materia de seguridade industrial e de prevención de riscos laborais son reducidos, a mellora das condicións que repercuten nestes ámbitos debe ser un obxectivo constante para os órganos competentes da Xunta de Galicia.

Neste sentido, continuaranse promovendo, por unha banda, medidas de mellora da seguridade industrial que permitan acadar maiores cotas de cumprimento dos regulamentos aplicables. Estas medidas poderán desenvolverse en colaboración con entidades do sector público e privado e, para tal fin, teranse en especial consideración as propostas emanadas do Consello Galego de Seguridade Industrial.



Por outra banda, no relativo á prevención de riscos laborais, a Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027 constitúe o instrumento a medio prazo destinado a desenvolver de forma ordenada e eficaz as políticas do Goberno galego neste eido. Esta planificación adóptase co máximo consenso cos interlocutores sociais, baixo o convencemento de que unha materia de tanta sensibilidade debe ser abordada no marco do diálogo social.

Ademais, en materia de prevención de riscos laborais, corresponde ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga), como órgano técnico da Xunta de Galicia nesta materia, a xestión e coordinación das políticas que establezan os poderes públicos de Galicia en materia de seguridade e saúde laboral, co propósito de mellorar as condicións de traballo e eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ás actividades laborais. A actuación do Issga abrangue todas as empresas e a totalidade do persoal traballador dos centros de traballo de Galicia, incluídas as administracións públicas e o seu persoal. Inclúe tamén especificamente as cooperativas de traballo asociado e outras cooperativas en relación coas súas persoas traballadoras asociadas.

Así mesmo, o Issga desenvolve actividades de promoción da prevención de riscos laborais destinadas a persoas traballadoras por conta propia e ao conxunto da poboación activa, prestando especial atención ás actuacións preventivas dirixidas ás pequenas e medianas empresas.

G3 Criterios de intervención

Medida G3.1	Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais e proxectos industriais estratéxicos (PIE)	Ficha G3.1
Medida G3.2	Discriminación positiva para a incorporación das mulleres na industria	Ficha G3.2
Medida G3.3	Medidas extraordinarias en materia de seguridade industrial	Ficha G3.3
Medida G3.4	Medidas en materia de seguridade e saúde laboral	Ficha G3.4

►► G4 Comunicación e difusión para visibilizar a cadea de valor TIC galega

Trátase dunha estratexia dirixida a difundir os plans directores nun dobre sentido:

- **Externo**, cara ao tecido industrial e á sociedade en xeral.
- **Interno**, no marco da comunicación entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia.

No ámbito da comunicación externa, está prevista a realización dunha presentación sectorial do plan director, incidindo nas actuacións destacadas en cada documento estratéxico e no marco económico asociado. Como medida de difusión de alcance xeral, os plans directores serán publicados no portal da Consellería de Economía e Industria unha vez aprobados polo Consello da Xunta.

A nivel interno, toda a información relativa ao seguimento e á avaliación dos plans será trasladada aos distintos departamentos da Xunta de Galicia con competencia na materia, facilitando a necesaria coordinación institucional e o desenvolvemento operativo do plan director.

G4 Comunicación e difusión para visibilizar a cadea de valor TIC galega

Medida G4.1	Estratexia de comunicación para dar a coñecer os plans directores	Ficha G4.1
--------------------	---	------------

10.





Marco económico-financeiro e planificación

10.1 Resumo económico



10.

Marco económico-financiero e planificación

O marco económico-financiero e planificación do plan director establece as bases financeiras e organizativas para implantar diversas medidas destinadas a impulsar a economía e a competitividade industrial en Galicia. Este apartado proporciona unha visión integral das medidas planificadas, detallando os seus orzamentos e prazos de execución.

As medidas agrúpanse en diferentes ámbitos estratéxicos, cada un dos cales desempeña un papel crucial no desenvolvemento industrial e económico da comunidade autónoma. Estas áreas son:



Internacionalización e escalaxe empresarial:

céntrase en reforzar o posicionamento internacional do sector TIC galego e favorecer a escalaxe empresarial mediante a creación de empresas con maior dimensión, capacidade tractora e presenza en cadeas de valor globais.



Dixitalización dos sectores produtivos:

acelera a adopción de tecnoloxías dixitais nos sectores económicos mediante plataformas sectoriais, pilotos colaborativos e o papel tractor da Administración pública.



Sustentabilidade:

impulsa un ecosistema TIC ambientalmente responsable, promovendo a eficiencia enerxética, a certificación en sustentabilidade e o desenvolvemento de solucións TIC verdes baseadas no dato.



Competitividade e innovación:

fortalece a innovación tecnolóxica do sector TIC, aliñando a investigación cos retos empresariais e impulsando proxectos de alto valor engadido en tecnoloxías emerxentes e *deeptech*.



Investimento e creación de produto TIC:

céntrase en promover o desenvolvemento de produto TIC propio e o emprendemento tecnolóxico, facilitando o acceso a financiamento, infraestruturas e mecanismos de acompañamento ao longo de todo o ciclo empresarial.



Persoas:

propón medidas para garantir a dispoñibilidade de talento TIC mediante formación continua, atracción e retorno de profesionais cualificados, e o impulso da igualdade e da inclusión no sector.



Infraestruturas e solo industrial:


céntrase en dotar a Galicia dunha infraestrutura dixital territorial avanzada e especializada, que habilite o desenvolvemento, experimentación e despregamento de tecnoloxías dixitais en todo o territorio.



Gobernanza:

establece un modelo de gobernanza coordinado e transparente que permita o seguimento, avaliación e comunicación eficaz do Plan Director e da evolución do ecosistema TIC galego.

A continuación, para cada unha destas áreas estratéxicas, agrúpanse as diferentes medidas clasificadas por ámbito de aplicación:



Transversais:
medidas xerais para o
conxunto dos sectores
económicos.



Sectoriais:
medidas directas
dirixidas ao sector TIC.

As medidas relacionadas teñen un orzamento previsto, pero hai que ponderalas nos casos en que non estean dirixidas exclusivamente ao sector TIC.

Así pois, dentro do marco económico e financeiro, as medidas con carácter transversal ou industrial serán ponderadas segundo a contribución do sector TIC ao PIB de Galicia, que é aproximadamente dun 2,5%, e as medidas sectoriais serán ponderadas cun 100%.

A modo de síntese, a ponderación do orzamento previsto realizarase da seguinte maneira:

No apartado 11.6 deste plan relaciónanse os indicadores asociados a estas actuacións, permitindo un seguimento detallado e continuo do progreso e impacto das medidas implantadas, asegurando que todas as accións contribúan de maneira efectiva ao desenvolvemento económico e á mellora da competitividade industrial en Galicia.

A seguir, detallaranse nunha táboa as medidas priorizadas para o sector da industria TIC.

Con respecto á información incluída na primeira táboa, cómpre destacar que existen medidas que non inclúen dotación económica concreta, senón a indicación N/A (non aplicable) posto que son medidas de apoio, asesoramento ou colaboración, cuxo custo para a Administración autonómica é unicamente de persoal e outros gastos correntes.

2,5% Transversal

100% Sectorial



No resto de medidas, que si inclúen orzamento, as dotacións económicas consignadas en cada unha delas son as que xa se atopan previstas e reservadas consonte os orzamentos dos distintos centros directivos da Xunta de Galicia. Agora ben, existen medidas cuxa asignación de fondos ten carácter anual, polo que os seus orzamentos concretos poden variar dun ano a outro, para as cales, a día de hoxe, unicamente é posible determinar con exactitude os orzamentos do ano 2026, segundo o proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para a dita anualidade. Nestes casos, as anualidades 2027 e 2028 estarán condicionadas ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Ao longo dos anos de vixencia deste plan director, a concreción das dotacións orzamentarias anuais futuras para as diferentes medidas irá incorporándose ao documento. Esta incorporación de dotacións orzamentarias, con carácter xeral, e consonte o previsto no artigo 66.2 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, non supoñerá unha modificación

do plan director, senón unha actualización que será aprobada por resolución da persoa titular da Consellería con competencias en industria, tras o cal se dará traslado dunha copia da actualización ás entidades que participaron na elaboración do plan director orixinario.

En consecuencia, a dotación orzamentaria anual que se pode considerar exacta neste plan director é a correspondente á anualidade de 2026, que, tras a aplicación da ponderación anteriormente indicada, ascende a preto de 20,6 M€.

Tendo en conta que as contías finais correspondentes ás anualidades 2027 e 2028, unha vez se concreten para os vindeiros anos, con grande probabilidade serán dunha orde de magnitude similar ás do ano 2026, pódese estimar que a dotación total dedicada pola Xunta de Galicia á execución das medidas incluídas no Plan Director da Industria das TIC para desenvolver nas anualidades 2026-2028 ascenderán a uns 61,8 M€.

	Medidas priorizadas polo sector				
	Liñas de actuación	Orzamento previsto	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)
INTERNACIONALIZACIÓN E ESCALAXE	Galicia Exporta OOI	2.200.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Bolseiros de internacionalización	3.500.732	IGAPE	Transversal	2,5%
	Galicia Exporta Empresas	9.300.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Plan FOEXGA- Apoio a pemes	4.280.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Oficina Económica de Galicia	N/A	IGAPE	Transversal	-
	Programa Re-acciona	3.335.000	IGAPE	Transversal	2,5%
SUSTENTABILIDADE	Medidas para avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG)	500.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística	1.050.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Proxectos de aforro e eficiencia enerxética	22.500.000	INEGA	Transversal	2,5%
COMPETITIVIDADE INNOVACIÓN	Programa de Unidades Mixtas de Investigación	11.000.000	GAIN	Transversal	2,5%
	Servizos CESGA para empresas	N/A	GAIN	Sectorial	-
	Fortalecemento dos centros de investigación e os centros tecnolóxicos galegos	9.250.000	GAIN	Transversal	2,5%
	Igape Innova/Igape Innova 2026	6.000.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Industria Innova	15.000.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Servizo apoio Regulamento Europeo IA	N/A	AMTEGA	Sectorial	-
	Ticket Innova	1.000.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Axudas seguridade e defensa	1.500.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Transversal	2,5%
	Axudas ás agrupacións empresariais innovadoras	1.300.000	IGAPE	Transversal	2,5%

Orzamento ponderado por anualidades (€)				
	2026	2027	2028	TOTAL
	55.000,00	Por determinar	Por determinar	55.000,00
	27.268,30	33.875,00	26.375,00	87.518,30
	232.500,00	Por determinar	Por determinar	232.500,00
	79.500,00	27.500,00	Por determinar	107.000,00
	-	-	-	-
	58.375,00	25.000,00	Por determinar	83.375,00
	12.500,00	Por determinar	Por determinar	12.500,00
	17.500,00	8.750,00	Por determinar	26.250,00
	187.500,00	187.500,00	187.500,00	562.500,00
	87.500,00	112.500,00	75.000,00	275.000,00
	-	-	-	-
	70.000,00	91.875,00	69.375,00	231.250,00
	100.000,00	50.000,00	Por determinar	150.000,00
	85.937,50	203.125,00	85.937,50	375.000,00
	-	-	-	-
	25.000,00	Por determinar	Por determinar	25.000,00
	12.500,00	25.000,00	-	37.500,00
	32.500,00	Por determinar	Por determinar	32.500,00

Medidas priorizadas polo sector					
	Liñas de actuación	Orzamento previsto	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)
INVESTIMENTOS CREACIÓN PRODUCTO TIC	Préstamos para investimentos				
	Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación	62.500.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Préstamos para financiamento operativo				
	Programa NEXOS	27.480.000	GAIN	Transversal	2,5%
	Programa I+D Empresarial	3.000.000	GAIN	Transversal	2,5%
	Proxectos I+D+i en tecnoloxías cuánticas e IA	4.000.000	GAIN	Sectorial	100%
	IA 360-IA 360 2026	13.125.351	IGAPE	Transversal	2,5%
	Ignicia proba de concepto	3.670.000	GAIN	Transversal	2,5%
	Servizos Peme Europa	N/A	GAIN	Transversal	-
	Vinnovate Galicia	900.000	GAIN	Transversal	2,5%
	Recuperación excelencia NEOTEC	2.500.000	GAIN	Transversal	2,5%
	Reaval crecemento				
	Reaval garantías	19.000.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Investimentos para infraestruturas locais (infraestruturas abertas e colaborativas)	7.000.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Fábrica Europea de IA en One Health	N/A	GAIN	Transversal	-
	Programa de inventivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de bases tecnolóxica	1.500.000	S.X Emprego e RRLL	Sectorial	100%
	Axudas Startups	1.500.000	IGAPE	Transversal	2,5%
PERSOAS	Centro de novas tecnoloxías (CNTG)	3.045.124	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Sectorial	100%
	Acreditación de experiencia profesional Plan FPGAL 360	238.000	D.X. Formación Profesional	Transversal	2,5%
	Mecanismo SPE para empresas en crise	N/A	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	-
	Accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave para persoas traballadoras ocupadas	4.000.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,5%

Orzamento ponderado por anualidades (€)				
	2026	2027	2028	TOTAL
	1.031.250,00	531.250,00	Por determinar	1.562.500,00
	185.000,00	310.000,00	192.000,00	687.000,00
	12.500,00	31.250,00	31.250,00	75.000,00
	1.000.000,00	2.000.000,00	1.000.000,00	4.000.000,00
	203.133,78	125.000,00	Por determinar	328.133,78
	46.750,00	45.000,00	Por determinar	91.750,00
	-	-	-	-
	7.500,00	10.000,00	5.000,00	22.500,00
	31.250,00	31.250,00	Por determinar	62.500,00
	101.250,00	236.250,00	137.500,00	475.000,00
	50.000,00	50.000,00	75.000,00	175.000,00
	-	-	-	-
	500.000,00	500.000,00	500.000,00	1.500.000,00
	37.500,00	Por determinar	Por determinar	37.500,00
	3.045.124,25	Por determinar	Por determinar	3.045.124,25
	5.950,00	Por determinar	Por determinar	5.950,00
	-	-	-	-
	100.000,00	Por determinar	Por determinar	100.000,00

Medidas priorizadas polo sector					
	Liñas de actuación	Orzamento previsto	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)
INFRAESTRUTURAS TIC E SOLO	Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP	600.000	D.X. Formación Profesional	Transversal	2,5%
	Plan Conecta FP				
	Estadías profesorado FP				
	Formación de alta especialización para o profesorado	320.000	D.X. Formación Profesional	Transversal	2,5%
	Centro formación especializado Cidade das TIC	4.137.126	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Sectorial	100%
	Bonos talento empresa	1.250.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,5%
	Programa formativo "que non te lén ti elixes"	360.000	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,5%
	Axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a RSE	4.200.000	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,5%
	Galicia Suma Talento: Plan de formación empresas	8.500.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,5%
	Retorna Cualifica Emprego	1.840.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,5%
	Arraigo sociolaboral	1.250.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,5%
	Doutoramentos industriais	2.412.750	GAIN	Transversal	2,5%
	Plataforma software EMI das OE de Galicia	866.408	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,5%
	Programa Galicia Emprega	59.100.000	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,5%
	Programa Investigo	14.452.200	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,5%
	Programa Primeira Experiencia Profesional	18.844.209	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,5%
	Contratación persoas inscritas SNGX a través de colaboración con OOII	3.500.000	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,5%
	Axudas para a atracción de empresas a Galicia	35.640.000	IGAPE	Transversal	2,5%
INFRAESTRUTURAS TIC E SOLO	Centros dixitais en remoto	541.131	IGAPE	Transversal	2,5%
	Mellorar a conectividade das redes de comunicación	11.059.260	AMTEGA	Sectorial	100%
	Proxecto de creación dunha rede de laboratorio	403.250	AMTEGA	Sectorial	100%

Orzamento ponderado por anualidades (€)				
	2026	2027	2028	TOTAL
	15.000,00	Por determinar	Por determinar	15.000,00
	8.000,00	Por determinar	Por determinar	8.000,00
	4.137.126,00	Por determinar	Por determinar	4.137.126,00
	31.250,00	Por determinar	Por determinar	31.250,00
	3.000,00	3.000,00	3.000,00	9.000,00
	35.000,00	35.000,00	35.000,00	105.000,00
	200.000,00	12.500,00	Por determinar	212.500,00
	46.000,00	Por determinar	Por determinar	46.000,00
	31.250,00	Por determinar	Por determinar	31.250,00
	11.850,00	25.575,00	22.893,75	60.318,75
	17.328,17	4.332,04	Por determinar	21.660,21
	492.500,00	492.500,00	492.500,00	1.477.500,00
	120.435,00	120.435,00	120.435,00	361.305,00
	157.035,08	157.035,08	157.035,08	471.105,23
	87.500,00	Por determinar	Por determinar	87.500,00
	216.000,00	325.000,00	350.000,00	891.000,00
	13.528,28	Por determinar	Por determinar	13.528,28
	3.207.206,47	4.548.586,47	3.303.467,42	11.059.260,36
	403.250,00	-	-	403.250,00

	Medidas priorizadas polo sector				
	Liñas de actuación	Orzamento previsto	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)
DIXITALIZACIÓN SECTORES PRODUCTIVOS	Convenio espazo de datos	1.277.500	IGAPE	Transversal	2,5%
	Axudas á transformación dixital	5.900.000	IGAPE	Transversal	2,5%
	Programa Reactiva-TEC	2.546.082	AMTEGA	Transversal	2,5%
	Promoción da tecnoloxía desenvolta en Galicia ao servizo da dixitalización pública	1.280.700	AMTEGA	Sectorial	100%
	Estratexia do dato do sector público autonómico	630.531	AMTEGA	Sectorial	100%
	Ecosistema Gobtech Galicia	4.617.431	AMTEGA	Sectorial	100%
NOVA GOBERNANZA	Comisión de seguimento sectorial	N/A	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Sectorial	-
	Fortalecemento do diálogo social	N/A	S.X. Emprego e Relacións Laborais/S.X. Industria e Desenvolvemento Enerxético	Sectorial	-
	Grupos de traballo con organismos Xunta	N/A	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Sectorial	-
	Posta en marcha do mapa industrial de Galicia	65.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial / AMTEGA	Transversal	2,5%
	Análises bianuais de impacto do plan director	10.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Sectorial	100%
	Plan de Impulso e de aceleración de proxectos	700.000	S.X. Industria e Desenvolvemento Enerxético	Transversal	2,5%
	Discriminación positiva para a incorporación das mulleres na industria	N/A	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial e D.X. Promoción da Igualdade	Transversal	-
	Medidas extraordinarias en materia de seguridade industrial	400.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Transversal	2,5%
	Medidas desenvoltas en materia de seguridade e saúde laboral	N/A	ISSGA	Sectorial	-
	Estratexia de comunicación para dar a coñecer os plans directores	10.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Sectorial	100%

Orzamento ponderado por anualidades (€)				
	2026	2027	2028	TOTAL
	31.937,50	Por determinar	Por determinar	31.937,50
	75.000,00	72.500,00	Por determinar	147.500,00
	31.826,03	31.826,03	Por determinar	63.652,05
	426.900,00	426.900,00	426.900,00	1.280.700
	420.354,00	210.177,00	Por determinar	630.531,00
	2.889.315,00	1.465.901,42	262.214,12	4.617.430,54
	-	-	-	-
	-	-	-	-
	-	-	-	-
	1.625,00			1.625,00
	-	10.000,00	-	10.000,00
	17.500,00	Por determinar	Por determinar	17.500,00
	-	-	-	-
	10.000,00	Por determinar	Por determinar	10.000,00
	-	-	-	-
	10.000,00	-	-	10.000,00

TOTAL MEDIDAS A DISPOSICIÓN DO SECTOR			
2026	2027	2028	TOTAL
20.588.505,34€	Dotación xa confirmada: 12.576.393,03€ (19 medidas por determinar orzamento 2027)	Dotación xa confirmada: 7.558.382,87€ (32 medidas por determinar orzamento 2028)	Dotación xa confirmada: 40.723.281,24€

11.





Sistema de gobernanza: procedemento de seguimento e avaliación

11.1 Organigrama de fluxo: gobernanza
plans directores

11.2 Dirección e liderado do plan

11.3 Xestión e coordinación

11.4 Participación de axentes económicos e sociais

11.5 Seguimento e avaliación

11.6 Cadro de mando e indicadores de seguimento



11.

Sistema de gobernanza: procedemento de seguimento e avaliación

O sistema de gobernanza asegura a correcta execución e seguimento do plan director, garantindo a coordinación entre as diferentes entidades responsables, así como a participación activa de axentes económicos e sociais. A Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia desempeña un papel crucial na gobernanza do sector da industria das TIC, asegurando a promoción e dinamización da economía e da política industrial. A súa responsabilidade inclúe a coordinación de políticas económicas e industriais, o apoio á competitividade empresarial e o fomento do desenvolvemento tecnolóxico e sustentable.

A través da planificación, financiamento e xestión do solo industrial, así como a promoción de industrias específicas, a consellería garante un contorno favorable para o crecemento económico e a eficiencia operativa do sector. Ademais, xestiona asuntos relacionados coa propiedade industrial e coa metroloxía, impulsando un marco regulatorio adecuado para as actividades industriais e asegurando o cumprimento dos estándares de calidade e precisión nos procesos produtivos.

►► 11.1

Organigrama de fluxo: gobernanza plans directores

- **Dirección:**
Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.
- **Liderado:**
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, co apoio e asesoramento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).
- **Xestión e coordinación:**
Grupos de traballo Xunta-industria, coordinados desde a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.
- **Participación público-privada:**
Comisións sectoriais + mesa diálogo social + participación cidadá a través do Portal de Transparencia.
- **Seguimento:**
Equipo técnico da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresariale departamentos da Xunta de Galicia en función das medidas das que son entidade responsable.
- **Avaliación:**
Equipo técnico da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.

►► 11.2 Dirección e liderado do plan



A Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético desempeña un papel fundamental na dirección, coordinación e impulso das actuacións de política industrial desenvolvidas desde a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial (DXEISE). Esta secretaría encárgase de desenvolver o marco estratéxico, definir as directrices e obxectivos que guiarán as políticas industriais, e asegurar a participación de todas as entidades responsables, coordinándoas para que traballen de maneira harmonizada. Ademais, proporciónalles os recursos necesarios e o apoio técnico ás entidades para a correcta execución das medidas.

Durante o período de vixencia do plan, a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial liderará a súa implantación, coordinando o traballo que van realizar as distintas entidades implicadas e asegurando o seguimento e avaliación de cada unha das medidas incluídas no plan, co apoio e asesoramento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

►► 11.3 Xestión e coordinación



A xestión e coordinación do plan director levarase a cabo a través dun grupo de traballo integrado polos representantes dos distintos departamentos da Xunta de Galicia con competencia na materia e liderado pola Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial. Este grupo reunirse de forma ordinaria unha vez ao ano e de maneira extraordinaria cando sexa necesario, para avaliar a evolución do plan e coordinar as políticas públicas dos diferentes departamentos e entidades responsables.

A convocatoria deste grupo de traballo será formalizada pola DXEISE, que se encargará de, polo menos cun mes de antelación, facer chegar o lugar, data e hora para levar a cabo a dita reunión. Esta convocatoria irá acompañada dunha orde do día cos temas que se van tratar e será enviada por vía electrónica ás persoas designadas.

Adicionalmente, cada departamento designará unha persoa de contacto que coordinará as accións específicas e asegurarán a comunicación fluída co equipo técnico da DXEISE, constituíndo, se fose preciso, subgrupos de traballo vinculados ao seguimento das diferentes prioridades sectoriais.



▶▶ 11.4 Participación de axentes económicos e sociais



A metodoloxía participativa do plan asegura a inclusión de diversos axentes económicos e sociais. A través de instrumentos como mesas de traballo, entrevistas de profundidade e enquisas telemáticas, recompilaranse achegas valiosas de empresas, clústeres, asociacións, universidades, representantes das persoas traballadoras e resto de entes, organismos e institucións públicas e privadas relacionadas coa actividade industrial. Ademais, garantirase unha dobre participación cidadá mediante o Portal de Transparencia, tanto antes de iniciar a elaboración dos plans como unha vez finalizados, conforme o establecido no artigo 65 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Durante a execución do plan director, realizaranse informes bianuais de resultados. Estes documentos serán presentados ante as comisións sectoriais e ante os representantes da Mesa de Diálogo Social, como medida dirixida a potenciar a colaboración público-privada e a acadar unha participación efectiva co tecido produtivo.

Así mesmo, serán presentados ante o Consello Galego de Economía e Competitividade.

▶▶ 11.5 Seguimento e avaliación



Ademais das referidas análises bianuais, o seguimento e avaliación do plan realizarase de maneira continua, combinando tanto información cualitativa como cuantitativa para asegurar a correcta implantación e axuste das medidas.

Este proceso estrutúrase da seguinte maneira:

1. **Constitución da Comisión Sectorial da Industria das TIC** por proposta da DXEISE. Estas comisións estarán integradas por persoal da DXEISE e por representantes do clúster de referencia. Así mesmo, terá participación a Asociación de Empresas de Tecnoloxía de Galicia (INEO) como entidade intermedia representativa do sector. Por outra banda, no desenvolvemento no desenvolvemento das reunións de traballo e seguimento do plan, poderán participar diferentes entidades e empresas vinculadas co sector, e, se fose necesario, representantes dos grupos de traballo da Xunta con competencia na materia.
2. A recompilación de **información cualitativa** realizarase a través da comisión sectorial, que será convocada por proposta da DXEISE. Esta comisión reunirse periodicamente para avaliar e valorar as medidas existentes, así como para propoñer novas medidas ou modificacións sobre as anteriores. Ademais, encargaranse de avaliar e actualizar as prioridades sectoriais, asegurando que as políticas implantadas se manteñan aliñadas cos obxectivos estratéxicos do plan.
3. A **información cuantitativa** obterase mediante a análise de indicadores estatísticos do mapa industrial. Esta análise estruturada permitirá medir o impacto real das políticas e accións implantadas.
4. **Avaliaranse os resultados das axudas públicas existentes.** Esta información será obtida a través das persoas de contacto designadas por cada departamento responsable da implantación das devanditas axudas e utilizarase para axustar e mellorar as políticas en curso.
5. O equipo técnico da DXEISE elaborará **informes de seguimento periódicos.** Estes informes incluírán tanto información cualitativa (proporcionada pola comisión sectorial) como cuantitativa (cadro de mando de indicadores de execución e demais estatísticas do mapa industrial). Os informes de seguimento serán presentados ao grupo de traballo Xunta-industria, e servirán de soporte técnico para analizar avances, identificar desafíos ou propoñer axustes estratéxicos.

►► 11.6 Cadro de mando e indicadores de seguimento



Para contar cunha ferramenta que permita un seguimento en tempo real da execución dos plans directores, contarase cun cadro de mando integral que permita visualizar os diferentes indicadores deseñados para o seguimento deste.

Entre os indicadores de seguimento, identifícanse tanto indicadores estratéxicos como indicadores de execución. A análise terá en conta a evolución de todos eles, tomando como punto de partida o dato de 2025 (ou o último dato dispoñible no momento de iniciar o seguimento).

É necesario facer fincapé en que os indicadores estratéxicos están enfocados a medir a evolución do sector industrial en Galicia desde un punto de vista global, tendo en conta todos os subsectores industriais da Comunidade, mentres que os indicadores de execución se refiren a cada medida en particular incluída neste plan.

Nas táboas que se presentan a continuación, enuméranse os diferentes indicadores que se terán en conta para construír o cadro de mando integral e a súa posterior análise.

Esta lista de indicadores irase ampliando ao longo da posta en marcha do plan, sempre que se dispoña de estatísticas oficiais que contén con datos recentes e relevantes para a análise da evolución do sector.



INDICADORES ESTRATÉXICOS				
		Evolución en función do dato de partida 2025		
	2025	2026	2027	2028
VAB industrial				
% VAB industrial				
Ocupación industrial				
% ocupación industrial				
% ocupación industrial feminina				
Produtividade (VAB industrial/ocupación industrial)				
Exportacións totais				
Exportacións industriais				
Salarios industriais				
Índice de produción industrial				
Índice de cifra de negocios na industria				

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida			
			2025	2026	2027	2028	
Galicia Exporta OOI	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións					
		RCRO2 Invetimentos privados que acompañan o apoio público					
Galicia Exporta Empresas	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións					
		RCRO2 Invetimentos privados que acompañan o apoio público					
FOEXGA pemes	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións					
		RCRO2 Invetimentos privados que acompañan o apoio público					
Re-acciona	IGAPE	RC013 Valor de servizos, produtos e procesos dixitais desenvolvidos para as empresas (4.168.750€)					
		RCR12 Usuarios de novos produtos, servizos e aplicacións dixitais desenvolvidas por empresas (2.084)					
Proxectos de aforro e eficiencia enerxética	INEGA	RC001 Empresas apoiadas (100)					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións (100)					
		RCR26 Consumo anual primario de enerxía (do cal: vivendas, edificios públicos, empresas, outros) en MWh/ano. Valor estimado: Consumo anual primario final: 1.225.000MWh/ano					
		RCR29 Emisión de gases de efecto invernadoiro calculados en toneladas de CO2eq./ano. Valor estimado: Emisións iniciais dos procesos apoiados: 336.700t/ano					

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida			
			2025	2026	2027	2028	
Unidades mixtas de investigación	GAIN	N.º de organismos de investigación beneficiarios (27)					
		Investimento mobilizado (euros): 11.176.250€					
Axudas para o fortalecemento e ampliación dos centros tecnolóxicos	GAIN	Investigadores/as que traballan en instalacións de investigación apoiadas (ETC anuais): 55					
		Investimentos privados que acompañan o apoio público: 1.534.601,05€					
Igape Innova/Igape Innova 2026	IGAPE	43 empresas/43 empresas					
Industria Innova	IGAPE	40 empresas					
Ticket Innova	IGAPE	50 empresas					
Préstamos para investimentos	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas (meta 36)					
Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación							
Préstamos para financiamento operativo							
Nexos	GAIN	Empresas apoiadas a través de subvencións (50)					
		Investimentos privados que acompañan o apoio público (9.018.903,84€)					
Proxectos I+D Empresarial	GAIN	Empresas apoiadas a través de subvencións (14)					
		Investimentos privados que acompañan o apoio público (840.000€)					

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida		
			2025	2026	2027	2028
Proxectos colaborativos I+D+i para o desenvolvemento de tecnoloxías cuánticas e intelixencia artificial	GAIN	Empresas apoiadas (19)				
		Investimento privado que acompaña ao apoio público (1.000.000€)				
IA 360/IA 360 2026	IGAPE	200 empresas/150 empresas				
Vinnovate	GAIN	Empresas apoiadas a través de subvencións (8)				
		Investimentos privados que acompañan o apoio público (500.000€)				
Recuperación Excelencia NEOTEC	GAIN	Empresas apoiadas (6)				
		Investimentos privados que acompañan o apoio público (915.832,81€)				
Reaval crecemento	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas (meta 1200)				
Reaval garantía						
Investimento para infraestruturas locais	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas (5) RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións (5)				
		RCR02- Investimentos privados que acompañan o apoio público (2.500.000€)				
Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica	S.X. Emprego e RRLl	DOC001- Número de empresas que reciben axudas				
		SC01.H- Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Homes				
		SC01.M- Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Mulleres				


	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida			
			2025	2026	2027	2028	
Formación especializadas en tecnoloxías da información para profesionais do CNTG*	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	P277.H – Participantes en accións de formación. Homes: 1.720					
		P227.M – Participantes en accións de formación. Mulleres: 430					
		R3101a/R3101b/R3101c/R3101d					
Acreditación de experiencia profesional	D.X. Formación Profesional	Nº de uc acreditadas nos distintos sectores					
Plan FP Gal 360	D.X. Formación Profesional	Nº de accións de orientación realizadas					
Accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B e C e competencias clave para persoas traballadoras ocupadas	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	P227.M Participantes en accións de formación. Mulleres: 741					
		P227.H Participantes en accións de formación. Homes 512					
Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP	D.X. Formación Profesional	Oferta de ensinanzas de FP adaptadas ás demandas dos sectores produtivos/					
Plan conecta FP		Posta en marcha de novos proxectos de FP dual intensiva					
Estadías profesorado FP	D.X. Formación Profesional	Estadías formativas en empresas e proxectos de formación desenvoltos					
Formación de alta especialización para o profesorado							
Bonos talento empresa	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	P227H Persoas participantes homes: 469					
		P227M Persoas participantes mulleres: 433					

*Estes indicadores do Plan Estratéxico de Galicia (PEG), van dirixidos a medir o progreso socioeconómico da nosa comunidade. En ningún caso estes resultados se corresponden co obxectivo final do plan director, senón un punto de partida que deberá de ir evolucionando de cara a diminuír a fenda dixital de xénero.

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida		
			2025	2026	2027	2028
Programa educativo “Que non te lían, ti elixes”	S.X. Emprego e RRLL	PO0020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción				
		P342.H – Persoas beneficiadas (homes)				
		P342.M – Persoas beneficiadas (mulleres)				
		PO0076- Entidades beneficiadas				
Programa Axudas para a igualdade, conciliación, RSE	S.X. Emprego e RRLL	SOEE17 N.º de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento				
		SC05 Persoas con emprego, incluídas persoas traballadoras por conta propia (distinguen homes/mulleres)				
Galicia Suma Talento: Plan de formación empresas	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	P227.H Participantes en accións de formación homes: 1.846				
		P227.M Participantes en accións de formación mulleres: 970				
Retorna Cualifica Emprego	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	P227H: Persoas participantes homes:112				
		P227M: Persoas participantes mulleres: 120				
Arraigo Sociolaboral	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	P227H: Persoas participantes homes: 76				
		P227M: Persoas participantes mulleres: 82				
Doutoramentos industriais	GAIN	N.º de doutorandos/as (60)				
		N.º de entidades beneficiarias (60)				
Plataforma EMI Oficinas de Emprego	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	EECO18 Número de administracións públicas ou servizos públicos obxecto de apoio: 1				
		ER603 Resultado positivo para as institucións do mercado laboral: 1				

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida		
			2025	2026	2027	2028
Programa Galicia Emprega (incentivos á contratación)	S.X. Emprego e RRLL	SC06H Persoas menores de 30 anos de idade (homes)				
		SC06M Persoas menores de 30 anos de idade (mulleres)				
		SC16H Participantes con discapacidade. Homes				
		SC16M Participantes con discapacidade. Mulleres				
		SC01M Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Mulleres				
		SC01H Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Homes				
		DOC001 Número de empresas que reciben axudas				
		P1027H Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Homes				
		P1027M Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres				
Programa Investigo	S.X. Emprego e RRLL	SC01M Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Mulleres				
		SC01H Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Homes				
		DOC001 Número de empresas que reciben axudas				
Programa primeira experiencia	S.X. Emprego e RRLL	SC01M Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Mulleres				
		SC01H Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Homes				
		DOC001 Número de empresas que reciben axudas				

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida		
			2025	2026	2027	2028
Atracción de empresas	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas (45)				
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións (45)				
		RCR02 Inversión privada que acompaña o apoio público (79.333.333€)				
Centros dixitais en remoto	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas (164)				
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións (164)				
		RCR13 Empresas que acadan unha alta intensidade dixital (131)				
Reactiva TEC	AMTEGA	303 empresas				
Posta en marcha do mapa industrial de Galicia	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial/AMTEGA	DOE024 Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica				



12.





12. | Conclusións

Tal e como se ten exposto ao longo do Plan, as medidas previstas nel tratarán de potenciar o sector da industria TIC de Galicia nos vindeiros anos e, especialmente, no período 2026-2028.

A análise continua dos resultados das medidas, que se realizará conxuntamente co sector, permitirá a súa adaptación e, de ser o caso, redefinición, o que se plasmará nas futuras actualizacións e modificacións deste Plan que se consideren necesarias. Este proceso permitirá que a Administración autonómica dea unha resposta áxil e eficiente ás necesidades deste sector, co obxectivo de contribuír a que afronte con éxito os retos actuais, e manteña a posición de liderado que hoxe en día ten dentro do escenario europeo.

ANEXO I





Medidas

Impulsar a internacionalización do sector TIC



MEDIDA (COD X1.1)

GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS

(Código de procedemento IG421A)

DESCRIPCIÓN

Axudas en réxime de concorrencia non competitiva, focalizadas a incentivar a posta en marcha de plans de internacionalización que incidan na proxección e posicionamento das empresas galegas nos mercados internacionais, mediante a realización de accións de promoción no exterior de modo conxunto, favorecendo a cooperación empresarial e o aproveitamento de sinerxías entre varias empresas.

Dentro destas actuacións, fináncianse:

1. Accións de difusión no estranxeiro, que inclúen compra de espazos publicitarios en distintos medios e deseño de material promocional conxunto.
2. Accións de promoción internacionais, que inclúen tanto a participación en feiras internacionais en calidade de expositor como misións comerciais a outros países e misións comerciais a Galicia de empresas estranxeiras.
3. Accións de prospección en mercados internacionais.
4. Accións de operatividade da internacionalización, como plataformas de bases de datos, plataformas de comercio dixital, xestión de contratos, patentes e similares.

Beneficiarios:

Os organismos intermedios empresariais de Galicia:

- Asociacións empresariais.
- Consellos reguladores de denominacións de orixe protexidas, de indicacións xeográficas protexidas e de agricultura ecolóxica.
- Clústeres empresariais.
- Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (COD X1.2)

ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

(Código de procedemento IG414A)

DESCRICIÓN

Formación de profesionais en internacionalización empresarial mediante prácticas en Galicia e/ ou no estranxeiro, co propósito de mellorar a empregabilidade e ofrecerlles ás empresas galegas profesionais que lles axuden a incrementar a súa competitividade.

Con esta convocatoria pónense á disposición 50 prazas para a capacitación de profesionais en materia de internacionalización empresarial mediante formación práctica. As bolsas terán unha duración de 11 meses prorrogables para outros 11 meses.

Os bolseiros ou bolseiras estarán destinados a organismos de internacionalización en Galicia e en destinos que inclúen 25 países en oficinas propias do Igape ou oficinas comerciais do ICEX. Os países de destino serán os principais destinos das exportacións galegas e o bolseiro poderá servir de enlace específico do sector da industria das TIC en cuestións como a procura de oportunidades de negocios e cuestións técnicas e institucionais das exportacións do sector.

Poderá valorarse incluír a opción de que os sectores industriais estratéxicos demanden unha necesidade concreta de prospección nun novo mercado cliente e que, desde o Igape, puidese xestionarse o envío dun bolseiro/a para realizar esta actividade de estudo e análise das oportunidades de negocio, en caso de non ter presenza no país obxectivo.

Beneficiarios:

Mocidade galega menor de 35 anos, titulada universitaria e con coñecementos de inglés.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

GALICIA EXPORTA EMPRESAS – AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR

(Código de procedemento IG622A)

DESCRICIÓN

Axudas en réxime de concorrència non competitiva para a realización de accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas que incidan na proxección e no posicionamento das empresas galegas nos mercados internacionais.

Dentro destas actuacións, fináncianse:

1. Accións de difusión no estranxeiro, que inclúen a compra de espazos publicitarios en distintos medios e o deseño e elaboración de catálogos.
2. Accións de promoción internacionais, que inclúen a participación en feiras internacionais e outros eventos expositivos no estranxeiro en calidade de expositor, e visitas de empresas estranxeiras.
3. Accións de prospección en mercados internacionais.
4. Accións de operatividade da internacionalización, como xestión de contratos, certificacións, rexistro de patentes e similares. Inclúe gastos de asistencia xurídica, técnica e servizos para a tradución de documentación.
5. Accións de dixitalización para a internacionalización: accións vinculadas á adopción e uso de tecnoloxías dixitais que faciliten o acceso e posicionamento dunha empresa en mercados internacionais.

Beneficiarios:

Empresas e autónomos/as.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

AXUDAS FOEXGA (FOMENTO DAS EXPORTACIÓNS GALEGAS) - PEMES**DESCRICIÓN**

Apoio á internacionalización das pemes galegas para propiciar a comercialización dos seus bens e servizos nos mercados exteriores.

Neste marco fináncianse dous tipos de actuacións:

- Participacións en misións comerciais presenciais no estranxeiro, desenvolvendo unha axenda comercial.
- Participacións en feiras, eventos e congresos de carácter internacional para a promoción no estranxeiro da empresa.

As actuacións que engloban están dirixidas a aumentar a base de empresas exportadoras, fomentar e consolidar a presenza de empresas galegas nos mercados internacionais, conseguir unha maior diversificación tanto sectorial como xeográfica das exportacións, incorporando novos mercados e produtos aos procesos de internacionalización das empresas galegas, e difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade.

Beneficiarios:

Microempresas, pequenas e medianas empresas (pemes) que teñan algún centro de traballo radicado en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

Cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación galegas:

- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela.
- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña.
- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa.
- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Tui.

Fomentar o aumento do tamaño das empresas TIC



MEDIDA (COD X2.1)

OFICINA ECONÓMICA DE GALICIA

DESCRIPCIÓN

Punto de acollida centralizado e singular da Xunta de Galicia para facilitar e axilizar a implantación, posta en marcha e desenvolvemento das iniciativas empresariais, mediante a prestación de servizos de información, atención, asesoramento, acompañamento e soporte individualizado, personalizado e especializado. A Oficina Económica de Galicia atende empresas, persoas autónomas e emprendedoras.

Responsable da atracción de investimentos a Galicia, a través da procura de proxectos e acompañamento ás empresas foráneas que estean explorando a súa implementación na Comunidade.

Permite recibir consultas sobre trámites e xestións relacionadas co ámbito empresarial e/ou profesional en diferentes áreas:

- Desenvolvemento dunha iniciativa emprendedora
- Acceso a financiamento e apoios para investir, medrar ou ser máis competitivos
- Desenvolvemento de proxectos de innovación
- Inicio ou avance no proceso de internacionalización
- Impulso da transformación dixital
- Potenciación do talento e a formación
- Avance en modelos de eficiencia enerxética, sustentabilidade e economía circular
- Implantación dunha empresa de fóra en Galicia
- Resolución de incidencias e simplificación de trámites
- Calquera outra consulta relacionada co ámbito empresarial ou profesional

Dentro da súa vocación de servizo e ampliación e/ou mellora funcional, habilitouse unha rede de asesoramento especializado, nas seguintes temáticas:

- Competitividade, onde se pode obter soporte e primeiras medidas de actuación nos ámbitos financeiro, xestión de persoas, operacións, creación de *startups* ou xestión circular e sostible.
- Enerxía
- Innovación
- Industria, que inclúe asesoramento específico para seguridade, defensa e aeroespacial.

A Oficina Económica de Galicia conta con máis de 100 persoas expertas/colaboradoras con ampla experiencia nos ámbitos obxecto de asesoramento. Contestación nun prazo de 24 horas e asignación dun interlocutor único para cada consulta.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

- Consellería de Economía e Industria
- Consellería de Facenda e Administración Pública
- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Consellería de Política Social e Igualdade
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
- Consellería do Medio Rural
- Consellería do Mar

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS EXTERNAS

- Concellos emprendedores
- Cámaras de comercio
- Colexios profesionais
- Clústeres
- Organizacións empresariais (tamén as galegas no exterior)
- Autoridades portuarias
- Centros tecnolóxicos
- Outras entidades representativas do eido sectorial e/ou vinculadas á promoción de proxectos

RE-ACCIONA

(Código de procedemento IG402A)

DESCRIPCIÓN

Programa que, a través dunhas empresas seleccionadas, presta unha serie de servizos vinculados coa análise e avaliación, optimización e mellora competitiva, e estratexias de competitividade avanzada.

O programa Re-acciona ten un carácter flexible e permite readaptar os seus contidos segundo as demandas dos distintos sectores produtivos, polo que terá en conta as recomendacións transmitidas desde o tecido industrial galego.

Actualmente está a desenvolver servizos nas seguintes áreas:

- Análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora
- Desenvolvemento estratéxico integral da empresa
- Análise do cumprimento normativo e os riscos legais (*compliance*)
- Captación, fidelización e xestión de talento
- Desenvolvemento dunha estratexia de integración ESG
- Mellora da xestión financeira e busca de financiamento
- Circularización e optimización dos procesos de produción e cadea loxística
- Asesoramento para o relanzamento comercial
- Preparación de procesos certificables
- Apoio para empresas emerxentes innovadoras
- Deseño e lanzamento de produtos e servizos innovadores
- Protección da innovación
- Asesoramento para o financiamento da innovación

Está previsto iniciar un servizo para asesoría en internacionalización, así como a reconfiguración e extensión, se é o caso, dos servizos actualmente definidos.

Beneficiarios:

Pemes


UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA – **Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)**

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS (ENTIDADES COLABORADORAS) SELECCIONADAS MEDIANTE PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

Galicia como epicentro da TIC verde



MEDIDA (COD S1.1)

AXUDAS Á IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS PARA O AVANCE NO CUMPRIMENTO DE CRITERIOS AMBIENTAIS, SOCIAIS E DE GOBERNANZA (ASG) NAS PEMES GALEGAS

(Código de procedemento IG300F)

DESCRIPCIÓN

Estas axudas van destinadas á posta en marcha de proxectos individuais nos cales unha empresa aborda medidas de impacto nos factores ASG (ambientais, sociais e de gobernanza), especificamente deseñadas ou desenvolvidas para o seu ámbito de actividade, cuxa finalidade sexa o desenvolvemento e a implantación de solucións avanzadas para a produción, transporte e distribución de materias primas, compoñentes, semielaborados e produtos finais, para acadar reducións e aforros na utilización de recursos naturais, auga e enerxía, e diminucións na xeración de subprodutos ou refugалlos, coa tendencia de converter os refugалlos en recursos de uso noutros procesos produtivos, e tamén as actuacións dirixidas a desenvolver a responsabilidade social empresarial e avanzar nos mellores modelos de gobernanza nas organizacións.

Beneficiarios:

As empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos os empresarios e as empresarias autónomos/as, que teñan un centro de traballo en Galicia no cal se vaia realizar o proxecto.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARIOS DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA

(Código de procedemento IG300H)

DESCRICIÓN

Apoio para fomentar o encontro entre empresas para explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración que dean lugar a proxectos de implantación de ferramentas colaborativas sectoriais nos eidos da dixitalización, a sustentabilidade ou a loxística avanzada, susceptibles de optaren ás axudas establecidas noutras convocatorias do Igape ou outras administracións galegas ou estatais, ou ben oportunidades de hibridación intersectorial. As temáticas propostas en cada obradoiro responden a un ou varios destes eidos:

- Dixitalización empresarial e transformación dixital
- Innovación empresarial
- Sustentabilidade en calquera das súas vertentes
- Loxística avanzada e sustentable

Beneficiarios:


Os organismos intermedios de carácter empresarial de Galicia. Para estes efectos, entenderanse:

- Entidades con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, que pertencen a unha das seguintes categorías:
 - Asociacións empresariais.
 - Fundacións empresariais ou universidade-empresa.
 - Clústeres empresariais ou *hubs* de innovación dixital ao abeiro da Estratexia galega de HID.
- Os centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

Impulsar a eficiencia enerxética multisectorial mediante solucións dixitais innovadoras



MEDIDA (COD S2.1)

SUBVENCIONES PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS

(Código de procedemento IN417Y)

DESCRIPCIÓN

Impulso á realización de medidas de aforro e eficiencia enerxética que permitan mellorar o desempeño enerxético das empresas galegas, así como as emisións de gases de efecto invernadoiro. Os proxectos apoiados conseguirán un aforro demostrado de enerxía total e enerxía primaria, e inclúense diferentes tipoloxías de actuacións.

Beneficiarios:

Empresas e persoas autónomas con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, ou empresas de servizos enerxéticos que xestionen instalacións consumidoras mediante un contrato de servizos enerxéticos.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA – Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

Impulsar as misións galegas de *deeptech* TIC orientadas aos retos e oportunidades de mercado

OE1

EIXE 2

Competitividade e
Innovación

Impulsar as misións
galegas de *deeptech*
TIC orientadas aos
retos e oportunidades
de mercado

MEDIDA (COD C1.1)

PROGRAMA DE UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN

(Códigos de procedemento IN853A, IN853B e IN853C)

DESCRIPCIÓN

Este programa pretende unir o coñecemento e as capacidades dos organismos de investigación galegos coas demandas de innovación do tecido empresarial mediante a constitución de grupos mixtos de traballo para a realización conxunta e coordinada de proxectos de I+D+i con alto potencial de impacto.

Hai 3 modalidades de axuda:

- Modalidade A: axudas para a creación e posta en marcha de novas unidades mixtas de investigación.
- Modalidade B: axudas para a consolidación de unidades mixtas de investigación.
- Modalidade C: axudas para centros mixtos de investigación.

Beneficiarios:

Agrupacións entre un organismo de investigación de Galicia e unha ou varias empresas, nos termos previstos no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que formen parte dunha unidade mixta de investigación para o desenvolvemento de forma conxunta e coordinada de actividades de I+D+i.

Consideraranse organismos de investigación:

- Os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia.
- As universidades do Sistema Universitario Galego.
- Os centros en Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas.
- As fundacións de investigación sanitaria de Galicia.
- Outros organismos de investigación de Galicia que teñan definida nos seus estatutos a I+D como actividade principal.

Os pagamentos da axuda da Axencia Galega de Innovación efectuaranse aos organismos de investigación.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

MEDIDA (COD C1.2)

SERVIZOS DO CESGA PARA EMPRESAS

DESCRICIÓN

O Cesga dispón de servidores de cálculo de diferentes arquitecturas para distintas necesidades de cálculo, como por exemplo simulacións, virtualización de aplicacións, infraestrutura *cloud*, tratamento masivo de datos, almacenamento...

A infraestrutura para investigación e desenvolvemento en tecnoloxías cuánticas do Cesga inclúe unidade de procesamento cuántico de 32, un sistema de computación de altas prestacións ou un simulador clásico de circuitos, un sistema de almacenamento de altas prestacións. Ademais, dispón de diversos simuladores clásicos de computación cuántica, un xerador cuántico de números aleatorios, un laboratorio de óptica cuántica co obxectivo de desenvolver investigación experimental na área de comunicacións cuánticas e unha infraestrutura de QKD entre Santiago de Compostela e Vigo, con máis de 100 km de distancia.

O Cesga ofrece servizos tecnolóxicos para empresas, que inclúen:

- Acceso ao uso de infraestruturas de computación e almacenamento de datos
- Consultoría, información, análise e asesoramento sobre plataformas de computación, simulación, modelización, *big data*, almacenamento de datos, *e-learning*, información xeográfica, etc.
- Titorización na incorporación de estas tecnoloxías na empresa
- Capacitación tecnolóxica
- Definición de solucións tecnolóxicas adaptadas ás necesidades da empresa
- Demostración de solucións tecnolóxicas
- Acompañamento para o uso da simulación, modelización, *big data*, analítica.

Beneficiarios:

Empresas e centros de investigación.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Cesga

MEDIDA (COD C1.3)

AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO E A AMPLIACIÓN DAS CAPACIDADES DOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS MEDIANTE O APOIO Á CREACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN E ENSAIO E EXPERIMENTACIÓN

(Código de procedemento IN607E)

DESCRIPCIÓN

Axudas en réxime de concorrència competitiva para o fortalecemento dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio a investimentos para a creación e mellora de infraestruturas de investigación e apoio á experimentación.

Esta mellora das súas capacidades estará orientada a facilitar o seu crecemento potenciando a súa excelencia no eido internacional e a reforzar as súas actividades de transferencia cara ao tecido produtivo, especialmente no caso das pemes.

Beneficiarios:

Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica en Galicia validamente inscritos no Rexistro Estatal de Centros.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

MEDIDA (COD C1.4)

IGAPE INNOVA

(Código de procedemento IG408L)

DESCRIPCIÓN

Axudas dirixidas ás pemes para o financiamento das actividades integradas en plans que lles permitan sistematizar e fortalecer a innovación da empresa (plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade e plans de innovación en procesos e organización).

Estas axudas diferenciaranse como segue:

- Liña 1 – Plans de innovación en procesos e en organización: métodos de fabricación ou produción de bens ou servizos innovadores, sistemas loxísticos, métodos de procesamento de información ou comunicación, métodos de márketing, procesos con beneficios medioambientais, testaxe a escala preindustrial e pilotos de tecnoloxías facilitadoras (TFE); creación de departamentos de innovación, deseño de novos procesos e organización, novos métodos ou metodoloxía enfocadas á mellora organizacional.
- Liña 2 – Plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade: concepción e desenvolvemento de produtos, servizos ou experiencias novos ou, no caso de redeseño dos xa existentes, que se aprecie unha mellora substancial desde o punto de vista estético, funcional, técnico/produtivo e económico.

Beneficiarios:

Liña 1 – Pemes

Liña 2 – Pemes e grandes empresas

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (COD C1.5)

INDUSTRIA INNOVA

(Código de procedemento IG530B)

DESCRICIÓN

Axudas dirixidas ao desenvolvemento da innovación das empresas galegas, orientadas a mellorar a súa capacidade mediante o impulso de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e a innovación de procesos e organización.

Beneficiarios: Empresas industriais ou de servizos con centro de traballo en Galicia, que poidan liderar proxectos empresariais de I+D+i de carácter estratéxico e organismos de investigación e difusión con centro de traballo en Galicia.

Poden ser proxectos individuais ou colaborativos dirixidos a: pemes e grandes empresas galegas ou cun centro de traballo en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

Capacitar as empresas TIC de Galicia nos ámbitos das certificacións empresariais e profesionais e en excelencia directiva



MEDIDA (COD C2.1)

SERVIZO DE APOIO A EMPRESAS, ESPECIALMENTE PEMES, PARA O CUMPRIMENTO DO REGULAMENTO EUROPEO DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL

DESCRICIÓN

Poñer en marcha un servizo de apoio ás empresas, especialmente pemes, para dar cumprimento aos requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2024/1689 para as empresas que desenvolvan, comercialicen ou utilicen sistemas de intelixencia artificial de alto risco.

A través desta medida, prevese a posta en marcha dun programa de asesoramento especializado e realizado por axentes do sector con experiencia na implantación de medidas que garantan o cumprimento do Regulamento (UE) 2024/1689, así como doutras normativas relacionadas coa materia.

Este programa permitirá ás empresas recibir un acompañamento e asesoramento personalizado a través da realización dunha autodiagnose do estado actual de documentación e implementación de cada unha das medidas para dar cumprimento a cada requisito, así como da elaboración dun plan de adaptación e implementación.

O servizo de apoio podería contemplar dúas liñas:

- Homologación de axentes para que proporcionen este servizo ás empresas galegas que así o soliciten.
- Servizo de apoio ás empresas interesadas en recibir este servizo de asesoramento.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA -
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e Clúster TIC Galicia

DESCRIPCIÓN

Incentivar o uso de servizos para o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación polas pequenas e medianas empresas (pemes), en especial polas pertencentes a sectores tradicionais non intensivos en innovación.

A finalidade destas axudas é fomentar a implementación da innovación nas pemes galegas e a transferencia de tecnoloxía entre os centros tecnolóxicos e as empresas, como valor engadido e como instrumento para o incremento da súa produtividade, crecemento e diferenciación no mercado.

As axudas destinaranse a financiar a contratación, por parte das pemes, de servizos especializados de apoio á innovación que inclúan os servizos relativos á xestión da innovación e a súa implantación no mercado, realizados a través de empresas de consultoría especializadas na prestación de servizos de innovación e centros tecnolóxicos galegos.

Tipoloxías dos tickets Innova:

- Estratexia e xestión de innovación
- Deseño para a innovación
- Xestión da protección do coñecemento da innovación
- Certificados para as deducións fiscais en I+D+i
- Preparación de propostas a programas e axudas
- Deseño de novos procesos ou servizos baseados en tecnoloxías dixitais

Beneficiarios:

Pemes.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (COD C2.3)

AXUDAS AO POSICIONAMENTO DAS EMPRESAS GALEGAS COMO SUBMINISTRADORAS EN MATERIA DE SEGURIDADE E DEFENSA

(Código de procedemento IN519G)

DESCRICIÓN

Estas axudas van destinadas á obtención de certificacións específicas, inscrición no Rexistro de Empresas da Dirección Xeral de Armamento e Material (DGAM), homologación de sistemas e produtos, obtención de autorizacións de seguridade e elaboración de propostas de proxectos para participar en convocatorias nacionais ou europeas co obxectivo de preparar as empresas galegas no seu avance ou diversificación cara a converterse en entidades capaces de fornecer bens ou servizos nos ámbitos da defensa e a seguridade.

Beneficiarios:

As empresas privadas (persoas xurídicas) con personalidade xurídica que realicen actividade económica e contén con centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, e que inicien os pasos obrigatorios para aproveitar a diversificación en materia de defensa e seguridade coas certificacións, homologacións e/ou habilitacións necesarias.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

Reforzar o Clúster TIC Galicia como eixe vertebrador do sector

OE1

EIXE 2

Competitividade e
Innovación

Reforzar o Clúster
TIC Galicia como eixe
vertebrador do sector

MEDIDA (COD C3.1)

AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTERES) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

(Código de procedemento IG410A)

DESCRICIÓN

Apoiar proxectos compostos por plans de actuación que dean mellor sustento á competitividade sustentable, á innovación e á cooperación empresarial en distintos ámbitos da actividade en Galicia mediante a concesión de axudas ás entidades xurídicas xestoras de agrupacións empresariais (clústeres) innovadoras galegas para a realización de actividades neses campos.

Beneficiarios:

As axudas previstas nestas bases destínanse ás agrupacións empresariais (clústeres) innovadoras, que se conciben como combinación no espazo xeográfico galego de empresas e centros tecnolóxicos, de investigación ou formación, públicos ou privados involucrados nun proceso colaborativo destinado a ter beneficios derivados da cooperación e cuxa actividade se organiza arredor dunha cadea de valor ou sector tecnolóxico ou dun mercado ou segmento obxectivo.

Os clústeres beneficiarios deberán contribuír ás necesidades públicas do seguinte xeito:

Actividades vinculadas ao desenvolvemento do plan director e á súa elaboración e/ou seguimento en colaboración coa Administración competente.

- Actualización periódica da análise DAFO da situación.
- Achega de datos socioeconómicos relevantes susceptibles de seren integrados periodicamente no mapa industrial de Galicia.
- Mapeamento actualizado da cadea de valor e mapa de capacidades sectoriais.
- Vixilancia e detección de novas cadeas de valor, nichos de mercado e oportunidades de negocio.
- Calquera outro estudo/información relevante que sexa consensuado polas partes en función do desenvolvemento dos plans directores e da evolución do propio sector industrial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA – Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

Promover o investimento e o desenvolvemento de produto TIC por parte das empresas TIC de Galicia

OE1

EIXE 2

Investimento e creación de produto TIC

Promover o investimento e o desenvolvemento de produto TIC por parte das empresas TIC de Galicia

MEDIDA (COD I1.1)

PRÉSTAMOS PARA PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN

(Código de procedemento IG408B - Liña 3)

DESCRIPCIÓN

Apoiar financeiramente proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación das empresas en Galicia. Os proxectos de desenvolvemento e innovación deberán ser realizados maioritariamente en centros de traballo situados en Galicia.

Terán consideración de proxectos financiáveis os que se atopen nalgún dos seguintes TRL (*technology readiness levels*) referidos ao nivel de madurez dunha tecnoloxía:

- TRL5: validación de compoñentes e/ou disposición destes nun contorno relevante.
- TRL6: modelo de sistema ou subsistema ou demostración de prototipo en contorno relevante.
- TRL7: demostración de sistema ou prototipo nun contorno real.
- TRL8: sistema completo e certificado a través de probas e demostracións.
- TRL9: sistema probado e validado no mercado.

Poderán ser financiados proxectos de desenvolvemento de produtos TIC, sempre que non sexan desenvolvidos en exclusiva e a medida para un cliente único nin para uso propio interno exclusivo.

Beneficiarios:

Sociedades mercantís con centros de traballo en Galicia, nos cales se pretenda desenvolver maioritariamente un proxecto concreto de desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igapec)

MEDIDA (COD I1.2)

PRÉSTAMOS PARA INCREMENTOS

(Código de procedemento IG408B - Liña 1)

DESCRICIÓN

Préstamos directos para financiar proxectos de investimento e o aumento de capital circulante estrutural asociado a este, en varias tipoloxías das que terían encaixe as seguintes :

1º.- Incrementos estratéxicos con carácter xeral: investimento mínimo de 1.000.000 € ata 5.000.000 € (exceptuable por interese socioeconómico ou proxectos de interese estratéxico). Ata o 75% de proxectos de investimento. Pode incluír financiamento de circulante asociado de ata o 50% do préstamo.

Beneficiarios:

Sociedades mercantís, persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, agrupacións de interese económico, sociedades civís e comunidades de bens.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (COD I1.3)

PRÉSTAMOS PARA FINANCIAMENTO OPERATIVO

(Código de procedemento IG408B - Liña 4)

DESCRICIÓN

Centros tecnolóxicos, asociacións empresariais, fundacións e entidades que desenvolvan actividades económicas, actividades de I+D ou presten servizos de interese para o tecido empresarial galego. Entre 75.000 € e 1.500.000 €.

Beneficiarios:

Sociedades mercantís, persoas físicas, agrupacións, sociedades civís e comunidades de bens que veñan desenvolvendo durante máis de 3 anos algunha das actividades a financiar.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

PROGRAMA NEXOS

(Código de procedemento IN852A)

DESCRICIÓN

Axudas para impulsar a transferencia de tecnoloxía e a adopción de solucións innovadoras para cubrir ámbitos de carácter estratéxico para os distintos sectores, a través de proxectos colaborativos de I+D+i desenvolvidos por consorcios de empresas que agrupen pemes e nos cales pode participar unha grande empresa.

O obxecto é fomentar a cooperación entre pemes e demais axentes do sistema rexional de innovación, primando a selección dos proxectos máis novidosos e, en especial, a súa orientación ao mercado.

Beneficiarios:

Agrupacións de empresas formadas como mínimo por tres empresas non vinculadas entre si e como máximo por seis.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

PROXECTOS DE I+D EMPRESARIAL**DESCRICIÓN**

Axudas para impulsar a xeración de solucións innovadoras para cubrir as necesidades estratéxicas dos distintos sectores a través de proxectos de I+D desenvolvidos por empresas a través de proxectos individuais.

Ten como obxectivo impulsar proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental con alto potencial de aplicación industrial, liderados por empresas individuais e orientados ao reforzo de capacidades tecnolóxicas estratéxicas, principalmente ao desenvolvemento de tecnoloxías STEP.

Aínda que a prioridade desta convocatoria son proxectos centrados no desenvolvemento de tecnoloxía STEP, poden admitirse proxectos non plenamente STEP.

Beneficiarios:

Empresas

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

PROXECTOS COLABORATIVOS DE I+D+I PARA O DESENVOLVEMENTO DE TECNOLOXÍAS CUÁNTICAS E INTELIXENCIA ARTIFICIAL

DESCRICIÓN

A convocatoria financia, en réxime de concorrência competitiva, proxectos colaborativos de I+D+i en *deep tech*, concretamente en tecnoloxías cuánticas (computación, comunicación e sensórica) e intelixencia artificial que parten dunha base tecnolóxica consolidada e con potencial de desenvolvemento. Todos os proxectos deberán cumprir cos requisitos STEP.

Galicia xa está desenvolvendo importantes infraestruturas avanzadas en cuántica, supercomputación e IA, de nivel internacional, que constitúen unha gran oportunidade para o desenvolvemento de proxectos de impacto nestas tecnoloxías.

A convocatoria busca valorizar o investimento en infraestruturas cuánticas e de supercomputación apoiando desenvolvementos baseados no seu uso. Estas aplicacións disruptivas presentan un alto potencial económico en sectores estratéxicos e de cara ao posicionamento de Galicia nestes ámbitos estratéxicos para o futuro.

Beneficiarios:

Organismos de investigación (incluídos centros tecnolóxicos) públicos e privados e empresas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

IGNICIA PROBA DE CONCEPTO

(Código de procedemento IN855A)

DESCRIPCIÓN

A convocatoria promove o desenvolvemento de aplicacións comerciais das investigacións xeradas nos centros de coñecemento galego, a través da consecución de licenzas de comercialización ou a creación de *spin-offs*. O esixente proceso de avaliación e o intensivo apoio durante a execución teñen como obxectivo garantir o seu impacto na sociedade.

As entidades beneficiarias reciben un financiamento do 100% dos custos en forma de achega patrimonial onerosa. Ademais, recibirán asesoramento experto para definir o plan de desenvolvemento e comercialización e garantir a chegada ao mercado, así como unha auditoría legal para determinar a viabilidade da explotación. Tamén acceden a formación e acompañamento para a procura de socios empresariais, investidores e clientes potenciais.

Beneficiarios:

Os organismos de investigación e difusión públicos ou privados sen ánimo de lucro con centro de traballo en Galicia, onde se inclúen: as universidades do SUG, os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica, os centros en Galicia do CSIC, as fundacións de investigación sanitaria, e outros organismos de investigación que teñan definida a I+D como actividade principal nos seus estatutos.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

DESCRIPCIÓN

A finalidade desta axuda é potenciar a innovación a través do desenvolvemento e aplicación da intelixencia artificial no tecido industrial galego e a súa cadea de valor, vencellado aos sectores estratéxicos e de especial relevancia para a Xunta de Galicia.

Centrarase no tecido industrial galego e nas súas cadeas de valor sempre que as empresas pertencan a algún dos sectores estratéxicos e de especial intereses definidos pola Xunta de Galicia, así como aos sectores emerxentes de especial relevancia ou vencellados aos plans directores da Xunta de Galicia.

Estrutúrase en dúas liñas;

- LIÑA A; desenvolvemento de tecnoloxía baseada en IA para a mellora de procesos industriais e a comercialización de novos produtos ou servizos con foco nos sectores incentivables.
- LIÑA B; adquisición e implantación de solucións baseadas en intelixencia artificial para a mellora da produtividade empresarial. Subvencionarase a adquisición de produtos comerciais, así como o custo necesario para a adaptación e implantación do produto na estrutura da empresa. Deberá acreditarse a relación directa entre o produto e a empresa, e cuantificarse a mellora esperada na produtividade empresarial.

Beneficiarios:

Pemes e grandes empresas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (COD I1.9) SERVIZOS PEME EUROPA

DESCRIPCIÓN

Apoio ás pemes para facilitar o seu posicionamento e participación en proxectos de I+D+i da UE. PEME Europa ofrece unha serie de servizos ás pemes:

- Diagnose da empresas para coñecer a súa capacidade de participar en programas de I+D+i europeos.
- Deseño de itinerarios personalizados para participar en proxectos de Horizonte Europa:
 - identificación de oportunidades e xeración de ideas
 - estruturación de proxectos
 - establecemento de redes e colaboracións (*networking*)
 - asesoramento na formación de consorcios
- Xornadas informativas en colaboración co CDTI.
- Observatorio de convocatorias máis relevantes para as empresas galegas.
- Busca de socios en Horizonte Europa e oportunidades de colaboración.
- Mellora do posicionamento da empresa no marco europeo.

Estes servizos están dirixidos a todo tipo de pemes, tanto as que non contan con experiencia previa en proxectos europeos como as que si teñen pero desexan dar o paso a liderar un proxecto.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

DESCRIPCIÓN

A Axencia Galega de Innovación forma parte da rede europea Vanguard Initiative, composta por 33 rexións, e que ten por obxectivo común estimular a I+D relacionada coas cadeas de valor de maior interese para estas rexións aliñadas coas súas respectivas RIS3.

Para desenvolver este obxectivo, a Vanguard Initiative puxo en marcha en 2024 o mecanismo de financiamento interrexional Vinnovate, instrumento conxunto que facilita a creación de consorcios entre os axentes dos ecosistemas das rexións europeas participantes para impulsar proxectos estratéxicos interrexionais.

O obxectivo é potenciar unha maior colaboración e presenza europea e internacional dos axentes do ecosistema galego de I+D+i, promovendo a realización de proxectos colaborativos interrexionais de I+D.

A modalidade dos proxectos é en cooperación, tendo que ser un dos socios unha peme.

Beneficiarios:

Organismos de investigación e empresas (grandes, medianas e pequenas).

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

MEDIDA (COD I1.11)

RECUPERACIÓN EXCELENCIA NEOTEC

(Códigos de procedemento IN870A)

DESCRIPCIÓN

Axudas destinadas ao apoio de entidades que superaron os limiares mínimos do programa de novos proxectos empresariais de empresas innovadoras NEOTEC do CDTI pero non obtiveron financiamento por insuficiencia de crédito.

Financian a posta en marcha de novos proxectos empresariais que requiran o uso de tecnoloxías ou coñecementos desenvolvidos a partir da actividade investigadora e nos cales a estratexia de negocio se basea no desenvolvemento de tecnoloxía.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gai)

MEDIDA (COD I1.12)

REAVAL CRECEMENTO – PRÉSTAMOS AVALADOS PARA O CRECEMENTO DAS PEMES

(Código de procedemento IG535A - Liña 1)

DESCRIPCIÓN

O principal obxectivo é favorecer o acceso a préstamos a longo prazo para financiar investimentos produtivos e/ou circulante estrutural por parte das pemes galegas.

Beneficiarios:

Pequenas e medianas empresas (persoas físicas ou xurídicas) que realicen unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto da actuación a financiar, localizada na Comunidade Autónoma de Galicia. Poderán ser beneficiarias tamén as comunidades de bens, sociedades civís ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos establecidos.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Iga)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

- Cooperativas de crédito: Caixa Rural Galega, Sociedad Cooperativa de Crédito Limitada Gallega.
- Bancos: Abanca, Corporación Bancaria, S.A.; Banco Santander, S.A.; Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.; Banco de Sabadell, S.A.; CaixaBank, S.A.; Bankinter, S.A.
- Sociedades de garantía recíproca : Afigal, S.G.R.; Sogarpo, S.G.R.; e Iberaval, S.G.R.

REAVAL GARANTÍAS ANTE TERCEIROS VINCULADAS A OPERACIÓNS DE TRÁFICO OU AVAIS TÉCNICOS

(Código de procedemento IG535A - Liña 2)

DESCRICIÓN

O principal obxectivo é favorecer a capacidade das pemes para outorgar garantías fronte a terceiros, en modalidade de avais financeiros, non financeiros ante terceiros e vinculados a licitacións internacionais.

Beneficiarios:

Pequenas e medianas empresas (persoas físicas ou xurídicas) que realicen unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto da actuación a financiar, localizada na Comunidade Autónoma de Galicia. Poderán ser beneficiarias tamén as comunidades de bens, sociedades civís, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos establecidos.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

- Cooperativas de crédito: Caixa Rural Galega, Sociedad Cooperativa de Crédito Limitada Gallega.
- Bancos: Abanca, Corporación Bancaria, S.A.; Banco Santander, S.A.; Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.; Banco de Sabadell, S.A.; CaixaBank, S.A.; Bankinter, S.A.
- Sociedades de garantía recíproca: Afigal, S.G.R.; Sogarpo, S.G.R.; e Iberaval, S.G.R.

Atraer e fomentar novos centros de datos e servizos TIC

OE1

EIXE 2

Investimento e creación de produto TIC

Atraer e fomentar novos centros de datos e servizos TIC

MEDIDA (COD I2.1)

INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS – (INFRAESTRUTURAS ABERTAS E COLABORATIVAS)

(Código de procedemento IG408D)

DESCRICIÓN

O obxecto das axudas é subvencionar os proxectos de creación de infraestruturas en Galicia que contribúan a nivel local a mellorar o contorno das empresas e os consumidores e a modernizar e desenvolver a base industrial.

Non serán subvencionables os proxectos de desenvolvemento de infraestruturas de investigación, de agrupacións empresariais innovadoras, sistemas urbanos de calefacción e refrixeración enerxeticamente eficientes, infraestruturas de enerxía, reciclaxe e reutilización de residuos, infraestruturas de banda larga, cultura e conservación do patrimonio, infraestruturas deportivas e recreativas multifuncionais, aeroportos e portos.

Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarias destas axudas as sociedades mercantís con centro de actividade en Galicia, coa forma xurídica de sociedade limitada ou sociedade anónima que cumpran a definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

FÁBRICA EUROPEA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL NO ÁMBITO DE ONE HEALTH

DESCRIPCIÓN

A Xunta de Galicia albergará a nova fábrica europea de intelixencia artificial (IA) para One Health (saúde animal, humana e medioambiental), situada no Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga).

Estas fábricas foron ideadas pola Comisión Europea para impulsar o uso desta tecnoloxía e defínense como espazos onde se deseñan, proban e implementan solucións de intelixencia artificial. Para isto, contan con infraestruturas avanzadas, acceso áxil a conxuntos de datos masivos e diversos, ferramentas específicas e capital humano especializado.

A fábrica de IA do ámbito de One Health, baixo o nome *1HealthAI*, dotarase dun novo supercomputador específico para intelixencia artificial e dunha plataforma optimizada para IA experimental onde se prestarán servizos de apoio integral a empresas e centros de investigación de forma gratuíta.

A repercusión terá lugar en toda a cadea de valor, promovendo desde Galicia a cooperación con outras fábricas de IA europeas que traballen en sectores relacionados ou complementarios. Especializarase en retos que se presentan baixo o enfoque de One Health, que inclúe a saúde das persoas, dos animais e dos ecosistemas, tendo como principais campos de actuación a medicina personalizada, o envellecemento saudable, a xestión dos recursos mariños, a biotecnoloxía azul, a agricultura, a gandaría, o sector forestal, os alimentos funcionais, os nutracéuticos, o desenvolvemento farmacéutico e de vacinas, a biotecnoloxía ambiental, a economía circular e a bioenerxía.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL – **Cesga**

OUTROS ORGANISMOS INVOLUCRADOS

- Axencia Galega de Innovación
- Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)
- Universidades Galegas e Centros de Investigación Asociados
- Centros de Investigación da Rede CIGUS
- *Hub* Europeo de Innovación Dixital DataLife
- Centro Tecnolóxico Gradient

Facilitar o emprendemento e a consolidación das *startups* TIC de Galicia

OE1

EIXE 2

investimento e
creación de produto
TIC

facilitar o
emprendemento e
a consolidación das
startups TIC de Galicia

MEDIDA (COD I3.1)

PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA

(Código de procedemento TR340E)

DESCRICIÓN

Incentivos ás empresas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, coa finalidade de impulsar a creación de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

As empresas cualificadas como IEBT poderán solicitar as seguintes modalidades de axudas dentro do primeiro ano de actividade:

- Subvención á creación directa de emprego estable.
- Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.
- Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.
- Apoio á función xerencial.

Beneficiarios:

Empresas privadas, nas cales a maioría da súa titularidade corresponda ás persoas físicas promotoras, ou persoas autónomas que inicien a actividade nun prazo non superior a un ano desde a cualificación do proxecto como IEBT e creen emprego estable para persoas desempregadas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

DESCRIPCIÓN

Fomentar a actividade das *startups* galegas ou cun centro de traballo en Galicia subvencionando os gastos e investimentos en que incorran desde o 1 de xaneiro de 2026 ata a data da solicitude de axuda.

Beneficiarios:

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as *startups* galegas ou cun centro de traballo en Galicia. Considerarase *startup* toda persoa xurídica, incluídas as empresas de base tecnolóxica creadas ao abeiro da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, que reúna simultaneamente as seguintes condicións:

- a) Ser de nova creación ou, non sendo de nova creación, cando non transcorresen máis de cinco anos desde a data de inscrición ou de sete no caso de empresas de biotecnoloxía, enerxía, industriais e outros sectores estratéxicos ou que desenvolvesen tecnoloxía propia, deseñada integramente en España.
- b) Non xurdir dunha operación de fusión, escisión ou transformación de empresas que non teñan consideración de empresas emerxentes.
- c) Non distribuír nin ter distribuído dividendos, ou retornos no caso de cooperativas.
- d) Non cotizar nun mercado regulado.
- e) Ter a súa sede social, domicilio social ou establecemento permanente en España.
- f) Ter o 60 % do persoal cun contrato laboral en España.
- g) Desenvolver un proxecto de emprendemento innovador que conte cun modelo de negocio escalable, segundo o previsto no artigo 4.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

Crear a escola de capacitación profesional continua das TIC de Galicia e desenvolver plenamente o modelo das microcredenciais profesionais

OE1

EIXE 3

Persoas

Crear a escola de capacitación profesional continua das TIC de Galicia e desenvolver plenamente o modelo das microcredenciais profesionais

MEDIDA (COD P1.1)

FORMACIÓN ESPECIALIZADA EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN PARA PROFESIONAIS (*UPSKILLING*) E FUTUROS PROFESIONAIS DO SECTOR (*RESKILLING*) DO CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DE GALICIA (CNTG)

DESCRICIÓN

O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), dependente da D.X. de Formación e Cualificación para o Emprego, é un centro situado en Santiago de Compostela que ten como obxectivo a detección das necesidades formativas do ámbito TI e a impartición de formación especializada de alta cualificación, certificada polos principais fabricantes e organismos tecnolóxicos, e cun alto recoñecemento e valoración do sector TI galego, destinada a persoas desempregadas que queiran inserirse no sector (*reskilling*), así como a persoas traballadoras que queiran mellorar a súa cualificacións e competencias (*upskilling*).

A dita formación permite captar novo talento para o sector, mellorar as competencias dos profesionais do sector e, polo tanto, unha mellora na competitividade para as empresas onde eses profesionais desenvolven a súa carreira profesional.

O centro conta cunha alta demanda (máis de 3 candidatos/as por cada unha das máis de 2.500 prazas ofertadas anualmente) e cunha alta valoración por parte dos e das profesionais do sector (cunha valoración global das formacións impartidas dun 9,07 sobre 10). A oferta está composta por preto de 150 cursos e máis de 100 seminarios, impartidos nas modalidades presencial, virtual e teleformación.

No deseño da programación formativa do centro participa o sector TI nunha colaboración público-privada na detección das necesidades formativas do sector TI e dos profesionais do sector.

Dado que a captación e retención de talento especializado é un dos principais eixes do crecemento do sector, a dispoñibilidade dunha formación especializada de alta cualificación considérase un elemento decisivo no desenvolvemento e crecemento do sector TI.

Beneficiarios:

Persoas traballadoras ocupadas ou desempregadas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

UNIDADE RESPONSABLE

CLÚSTER TIC GALICIA, EMPRESAS DO SECTOR TI, FABRICANTES E ORGANISMOS
RESPONSABLES DE CERTIFICACIÓNS TI, ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS DO SECTOR TIC

MEDIDA (COD P1.2)**ACREDITACIÓN DE EXPERIENCIA PROFESIONAL****DESCRIPCIÓN**

Esta medida pretende recoñecer as unidades de competencia profesional adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación. Trátase dun procedemento aberto permanentemente, o que facilita que calquera persoa traballadora poida acceder en calquera momento.

Esta medida ten un dobre resultado:

- A persoa traballadora das empresas de Galicia obtén un certificado oficial que acredita a súa experiencia e os seus coñecementos nas súas competencias profesionais. Este recoñecemento supón unha garantía de cualificación para o persoa traballadora, contribúe de forma decisiva a mellorar o seu futuro profesional e permítelles abrir o camiño cara aos diferentes itinerarios formativos, como os certificados de profesionalidade ou os títulos de Formación Profesional.
- As empresas beneficianse dunha mellora na cualificación do seu capital humano, fortalecen o seu compromiso coa responsabilidade social corporativa e adíantanse a unha posible esixencia futura de titulacións para o desempeño de determinadas profesións.

Beneficiarios:

- Persoas traballadoras das empresas de Galicia.
- Pemes e grandes empresas cun centro de traballo situado na Comunidade Autónoma de Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional

DESCRIPCIÓN

O Plan FPGal360 é un plan de orientación profesional integral para guiar a cidadanía na súa toma de decisións educativas e profesionais desde idades temperás e ao longo de toda a vida, co obxectivo de reducir o abandono escolar temperán e incrementar a cualificación da mocidade.

O plan artículase a través de tres eixes principais:

- Maximizar o éxito do alumnado do sistema educativo, perseguindo a "tendencia cero" no abandono escolar temperán.
- Potenciar un sistema integral de orientación profesional e vocacional.
- Facilitar a titulación da poboación moza sen cualificación.

Neste contexto, o Plan FPGal360 pode ter un impacto significativo, favorecendo a formación integral das persoas e a súa inserción laboral efectiva, especialmente as máis novas e as persoas con baixa cualificación.

Para lograr os obxectivos marcados, o FPGal360 propón un conxunto de liñas de actuación globais que poden ter un resultado positivo na captación de profesionais:

- Información e formación dirixidas ao persoal orientador dos centros educativos, así como aos colectivos implicados na orientación profesional e laboral; e de información, formación e sensibilización dirixidas a equipos directivos e docentes.
- Información e orientación profesional dirixidas ao alumnado galego desde idades temperás.
- Actuacións específicas destinadas a alumnado vulnerable, con especiais necesidades de aprendizaxe ou en risco de abandono, e antigo alumnado que abandonara o sistema educativo sen acadar unha titulación.
- Actuacións sobre poboación que non conta con formación acreditada, incidindo especialmente na mocidade que se atope nesta situación.
- Asesoramento personalizado e orientación profesional para colectivos de persoas desempregadas que impulsen a súa participación no procedemento de acreditación de competencias adquiridas por experiencia laboral.
- Colaboración con asociacións, institucións e colectivos dependentes de entidades públicas implicadas na orientación profesional e laboral.

Beneficiarios:

Persoal orientador dos centros educativos; alumnado vulnerable; poboación sen formación acreditada, especialmente a mocidade e persoas desempregadas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional

MEDIDA (COD P1.4)

APOIO A PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR EMPRESAS EN CRISE

DESCRICIÓN

Este programa permite recolocar as persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación ou peche nas empresas ou por traballaren en sectores incluídos en convenios de transición xusta.

O programa ofrece unha orientación laboral personalizada; a realización de prospección empresarial e intermediación laboral á medida mediante persoal técnico especializado, así como a súa capacitación profesional mediante o ofrecemento de formación específica.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

MEDIDA (COD P1.5)

ACCIÓNS FORMATIVAS DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DOS GRAOS A, B E C, E COMPETENCIAS CLAVE, PARA PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS

(Código de procedemento TR301X)

DESCRICIÓN

Programa de axudas que ten por obxecto financiar especialidades formativas dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais con impacto no mercado laboral conducentes a unha formación formal total ou parcial incluída nun certificado profesional, ou á adquisición de competencias clave. As accións formativas van dirixidas a persoas traballadoras ocupadas que necesiten adquirir, ampliar ou actualizar competencias profesionais identificadas ou reorientar o seu itinerario profesional.

Entenderase con carácter xenérico como especialidade formativa calquera oferta do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C, ou calquera competencia clave, que se vaia impartir nunha acción formativa.

Beneficiarios:

Empresas e entidades sen ánimo de lucro que, na data de entrada en vigor da correspondente convocatoria, estean acreditadas ou, de ser o caso, inscritas para impartiren no ámbito da Comunidade Autónoma as ofertas formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C e/ou as competencias clave para as cales soliciten subvención.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

MEDIDA (COD P1.6)

REDE GALEGA DE DINAMIZACIÓN DA RELACIÓN CON EMPRESAS NA FORMACIÓN PROFESIONAL

DESCRIPCIÓN

Esta rede actúa como punto de atención ao empresariado e establecerá unha canle de comunicación directa entre administracións, centros educativos e empresas.

Está constituída por centros integrados de formación profesional (CIFP) e institutos de educación secundaria (IES) que resulten seleccionados nas correspondentes convocatorias.

Cada centro incluído na rede contará cunha persoa responsable da dinamización da relación con empresas que terá dedicación completa e exclusiva para desenvolver as súas funcións.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional

MEDIDA (COD P1.7)

PLAN CONECTA FP GALICIA

DESCRIPCIÓN

O Plan Conecta FP Galicia, de colaboración público-privada, ten, entre outros, o obxectivo de deseñar e planificar unha oferta de formación profesional do sistema educativo que dea resposta á rápida evolución do sector produtivo e á necesidade de contar con persoas coa capacitación adecuada para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está a producir.

Dentro deste plan, realízanse encontros sectoriais cos sectores máis significativos do tecido produtivo de Galicia, coa finalidade de mellorar a formación profesional existente actualmente neste ámbito.

Vinculado a este plan, púxose en marcha o Foro FP Dual Galicia como lugar de encontro e diálogo entre todos os axentes do ecosistema da formación profesional, para avanzar na imprescindible conexión formación-empresa, e como estratexia clave para o desenvolvemento económico e social.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional

ESTADÍAS FORMATIVAS EN EMPRESAS OU ORGANISMOS EQUIPARADOS

DESCRICIÓN

Modalidade de formación que se desenvolve nos centros de traballo de distintas empresas ou organismos equiparados para potenciar o coñecemento directo dos procesos produtivos que se desenvolven nelas.

Entre os seus obxectivos destacan:

- Coñecer directamente os procesos produtivos que se desenvolven nas empresas.
- Formar o profesorado mediante o seu achegamento ao mundo produtivo e aos seus avances tecnolóxicos.

Beneficiarios:

Profesorado dos corpos e das especialidades vinculadas ás ensinanzas de formación profesional inicial e das artes plásticas e o deseño.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional

PROXECTOS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL E FORMACIÓN EN ALTA ESPECIALIZACIÓN PARA O PROFESORADO DE FP

DESCRICIÓN

Estes proxectos teñen como finalidade dar cobertura formativa ao profesorado con inquedanzas investigadoras e innovadoras para favorecer a inserción laboral do alumnado a través de propostas de mellora dirixidas ao sector produtivo ou á aula, ademais de permitir a actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais dos/das docentes para mellorar a calidade da educación, así como as competencias profesionais do alumnado.

As liñas de traballo prioritarias serán as seguintes:

- Innovación tecnolóxica e científica
- Innovación didáctica

Beneficiarios:

Profesorado que teña atribución docente nas ensinanzas de formación profesional ou nas ensinanzas de réxime especial, ou que exerza a xefatura dos departamentos de orientación ou de información e orientación profesional, e que estea destinado nalgún centro público dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Tamén poderá participar o profesorado destinado noutros centros públicos, sempre que forme parte do cadro de persoal da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Contribuíndo á formación de alta especialización do profesorado de formación profesional, atópase o Centro Galego de Innovación de Formación Profesional, centro de apoio á docencia e encargado da investigación e da innovación aplicada e a transferencia dos resultados dos proxectos de I+D+i a todos os centros que impartan formación profesional en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional

CREACIÓN DUN CENTRO DE FORMACIÓN ESPECIALIZADO EN NOVAS OCUPACIÓNS PROFESIONAIS VENCELLADAS Á TRANSICIÓN VERDE E DIXITAL NA CIDADE DAS TIC (A CORUÑA)

DESCRIPCIÓN

O Centro de Novas Ocupacións profesionais vencelladas á transición verde e dixital (CNO), dependente da D.X. de Formación e Cualificación para o Emprego, será un centro situado na Cidade das TIC (A Coruña) que terá como obxectivo a detección das necesidades formativas dos ámbitos relacionados coa transición verde e dixital e a impartición de formación especializada, e con recoñecemento e valoración dos sectores profesionais relacionados coa dita transición (dixitalización, enerxías renovables e verdes...).

Estará destinada principalmente a persoas desempregadas que queiran inserirse nos sectores (*reskilling*), pero tamén a traballadoras e traballadores que queiran mellorar a súa cualificación e competencias (*upskilling*).

A dita formación permitirá captar novo talento para os sectores indicados e, polo tanto, unha mellora na competitividade para as empresas en que eses profesionais desenvolven a súa carreira profesional.

No deseño da programación formativa do centro participarán os sectores involucrados a través da colaboración público-privada na detección das necesidades formativas dos ditos sectores.

Dado que a captación e retención de talento especializado é un dos principais eixes do crecemento dos sectores implicados, a dispoñibilidade dunha formación especializada de alta cualificación considérase un elemento decisivo no desenvolvemento e crecemento destes.

Persoas beneficiarias:

Persoas desempregadas e ocupadas da provincia da Coruña.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

UNIDADE RESPONSABLE

CLÚSTER TIC GALICIA, ECOSISTEMA DE EMPRESAS DO SECTOR TI E AUDIOVISUAL DO POLO DA CIDADE DAS TIC, OUTRAS ENTIDADES PARTICIPANTES NA CIDADE DAS TIC, FABRICANTES E ORGANISMOS RESPONSABLES DE CERTIFICACIÓNS TI

MEDIDA (COD P1.11)

BONOS TALENTO EMPRESA COFINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

(Código de procedemento TR302D)

DESCRICIÓN

Axudas destinadas a realizar accións formativas de carácter non formal de curta duración, dirixidas a contribuír ao desenvolvemento profesional das persoas traballadoras ocupadas por conta allea do cadro de persoal da entidade beneficiaria e a mellorar a competitividade das súas empresas.

As accións formativas estarán orientadas á adquisición de competencias comprendidas entre os ámbitos de capacitación prioritarios detectados nas mesas de traballo con empresas e axentes sociais realizadas no marco da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego.

Beneficiarios:

Microempresas, pequenas e medianas empresas (pemes) e grandes empresas. Tamén persoas traballadoras autónomas que teñan contratadas ao seu cargo persoas traballadoras por conta allea.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

PROGRAMA EDUCATIVO "QUE NON TE LIÉN, TI ELIXES"

(Código de procedemento TR302D)

DESCRICIÓN

O programa educativo "Que non te lién, ti elixes", impulsado polas Consellerías de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e de Emprego, Comercio e Emigración, pretende o desenvolvemento de actuacións que favorezan unha conciencia libre de estereotipos de xénero e de prexuízos respecto da elección de profesión entre o alumnado que estea a cursar a Ensinanza Secundaria Obrigatoria, facendo fincapé respecto das profesións con pouca representación feminina.

Así pois, o obxectivo xeral do programa é favorecer a orientación vocacional libre de estereotipos na elección de itinerarios formativos enfocados nos ciclos de formación profesional con menor presenza de mulleres.

As actividades do programa desenvólvense a través de charlas didácticas e debates dirixidos polo persoal proveniente de asociacións, fundacións e clústeres de sectores caracterizados pola escasa representatividade feminina: construción, madeira, TIC, metal, automoción e do mar.

Beneficiarios:

As convocatorias van dirixidas ao alumnado de 3.º e 4.º de Educación Secundaria Obrigatoria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

MEDIDA (COD P1.13)

PROGRAMA DE AXUDAS PARA IMPLANTAR A IGUALDADE LABORAL, A CONCILIACIÓN E A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL (RSE)

(Código de procedemento TR302D)

DESCRICIÓN

Programa de axudas que pretende incentivar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial.

Hai 3 liñas de axuda:

- Liña I: elaboración e implantación de plans de igualdade
- Liña II: conciliación, que á súa vez comprende tres subliñas:
 1. Incentivos para fomentar o teletraballo
 2. Incentivos para fomentar a flexibilidade horaria
 3. Subvencións para adquirir elementos tecnolóxicos que posibiliten o teletraballo
- Liña III: certificacións de RSE

Beneficiarios:

- Pemes ou persoas traballadoras autónomas que teñan subscritos contratos con persoas traballadoras por conta allea con domicilio social e centro de traballo en Galicia, calquera que sexa a súa forma xurídica, e que estean validamente constituídas no momento de presentar a solicitude de axudas.
- Para as liñas II e III tamén poderán presentar solicitude as empresas con centros de traballo en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

Dotar ao sector dun portal de emprego e talento con alcance tanto local como internacional

OE1

EIXE 3

Persoas

Dotar ao sector dun portal de emprego e talento con alcance tanto local como internacional

MEDIDA (COD P2.1)

GALICIA SUMA TALENTO: PLAN DE FORMACIÓN EMPRESAS

(Código de procedemento TR301P)

DESCRICIÓN

Axudas destinadas a realizar accións formativas para o emprego con compromiso de contratación na Comunidade Autónoma de Galicia que garden relación coa actividade empresarial das entidades solicitantes e estean incluídas no Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal no marco do Sistema de formación para o emprego no ámbito laboral ou no Sistema de Formación Profesional, graos A, B e C.

De non existiren, por non estaren dadas de alta no catálogo, especialidades formativas que respondan ás necesidades específicas de formación, as empresas poderán solicitar impartir especialidades que, no momento de presentar a solicitude de subvención, non estean incluídas nel.

Beneficiarios:

Empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, e as agrupacións temporais de empresas que presenten solicitude conxunta, mediante un convenio que acredite a correspondente agrupación, que adquiran, no marco da actividade subvencionada, o compromiso de contratación das persoas traballadoras aprobadas e/ou formadas ao que se refire a orde da convocatoria. Tamén empresas que sexan entidades de formación e que sexan titulares de centros ou entidades de formación homologados para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral da Comunidade Autónoma de Galicia nas especialidades formativas para as cales soliciten subvención ou en graos A, B ou C do Sistema de Formación Profesional.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

MEDIDA (COD P2.2)

PROGRAMA RETORNA CUALIFICA EMPREGO

DESCRIPCIÓN

Programa dirixido a promover o retorno a Galicia de persoas galegas residentes no exterior e impulsar así a atracción de talento cara á nosa Comunidade.

O Programa Retorna Cualifica Empleo facilita, de modo coordinado, unha canle para acompañar as empresas na identificación e busca dese talento, recompilando e difundindo entre a colectividade de persoas emigrantes galegas todos os compromisos de contratación que desexen promover, ao tempo que achega un conxunto de servizos e apoios económicos para facilitar o retorno das persoas galegas residentes no exterior para que poidan volver a Galicia coas máximas garantías para facilitar o seu asentamento e desenvolvemento laboral.

Dentro deste programa realízanse feiras de emprego organizadas desde a Xunta de Galicia para coñecer os programas de retorno, tomar contacto co tecido empresarial galego, ver como acceder a ofertas de emprego en Galicia que poden ser de interese e participar nos procesos de selección para optar a postos de traballo nas empresas galegas participantes. No ano 2025 tiveron lugar feiras en Bos Aires e Montevideo.

Beneficiarios:

Persoas galegas residentes no exterior.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Empleo

MEDIDA (COD P2.3)

ARRAIGO SOCIOLABORAL

DESCRIPCIÓN

Programa dirixido a persoas migrantes en Galicia en situación irregular para que obteñan unha autorización de residencia temporal sempre que contén cun contrato ou con varios contratos de traballo e nas condicións establecidas pola normativa vixente en materia de estranxeiría.

Beneficiarios:

Persoas migrantes en situación irregular en España durante un período mínimo de 2 anos e que estean vivindo en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Empleo

PROGRAMA DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS

(Código de procedemento IN606D)

DESCRIPCIÓN

Este programa ten como obxectivo favorecer a contratación de estudantes do sistema universitario galego en empresas e centros tecnolóxicos con domicilio social ou centro de traballo en Galicia para que poidan desenvolver a súa tese de doutoramento nun contorno empresarial real, orientando así o proxecto de investigación á resolución das necesidades e problemas concretos dunha empresa ou centro tecnolóxico.

Os doutorandos e doutorandas deberán matricularse nun programa de doutoramento dunha universidade do Sistema Universitario Galego (SUG) e, para iso, deberán contar cunha persoa directora de tese vinculada ao programa e que debe ser recoñecida na solicitude. As axudas inclúen tanto os custos de contratación como gastos relacionados co proxecto e apoios para realizar estadias de tres meses no estranxeiro.

Beneficiarios:

- As empresas e os centros de innovación e tecnoloxía que estean validamente constituídas no momento de presentar a solicitude de axuda con domicilio social ou centro de traballo en Galicia que desexen contratar investigadores ou investigadoras predoutorais para realizar un proxecto de investigación industrial en colaboración cunha universidade do SUG que lles sirva como traballo de tese de doutoramento e sexa do seu interese.
- As universidades do SUG que desexen participar na execución dun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental que se desenvolva en colaboración cunha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía con domicilio social ou centro de traballo en Galicia e asumir a dirección dunha tese de doutoramento asociada.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
Axencia Galega de Innovación (Gain)

PERFILADO COMPETENCIAL EMPREGO INTELIXENTE (EMI) E IA APLICADA AO MERCADO LABORAL**DESCRIPCIÓN**

Esta ferramenta permite extraer todas as capacidades e competencias das persoas demandantes de emprego para recomendar as ocupacións máis axeitadas. Ademais, o programa conta con procesos de *big data* que permiten analizar toda a información do mercado laboral en cada concello, comarca e provincia de Galicia para aplicar ao caso concreto e recomendar a busca de emprego máis axeitada a cada persoa usuaria.

As empresas poderán identificar as persoas máis adecuadas ao perfil profesional que requiran, xa que a través de EMI se poden realizar buscas combinando as máis de 19.500 competencias dispoñibles.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

PROGRAMA GALICIA EMPREGA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA

(Código de procedemento TR342C)

DESCRIPCIÓN

Axudas destinadas a contratar persoas desempregadas na empresa ordinaria e entidades sen ánimo de lucro, especialmente as que teñen maiores dificultades de inserción laboral.

Os incentivos á contratación por conta allea inclúen catro modalidades:

- a) Incentivos á contratación indefinida inicial a xornada completa
- b) Incentivos ao incremento de xornada das contratacións indefinidas (de xornada parcial a xornada completa)
- c) Incentivos ao incremento da duración anual dos contratos fixos-descontínuos (mínimo de 9 meses/ano e xornada completa)
- d) Axudas á adaptación de postos/eliminación de barreiras

As contías asignadas dependerán do colectivo ao que pertenza a persoa contratada, pero todas elas incrementaranse un 15% no suposto de que o centro de traballo estea situado nun concello rural.

Beneficiarios:

As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas que contraten persoas traballadoras por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e as condicións que se establecen na orde da convocatoria.

Os centros especiais de emprego, excepto para subscribir contratos con persoas con discapacidade, e as empresas de inserción laboral, excepto para subscribir contratos con persoas en situación ou risco de exclusión social.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

PROGRAMA INVESTIGO

(Código de procedemento TR349V)

DESCRIPCIÓN

Subvencións dirixidas á contratación de persoas mozas demandantes de emprego, de 16 ou máis anos e que non fixesen os 30 anos no momento de comezaren a relación contractual, para o desenvolvemento e execución das funcións, tarefas e iniciativas de investigación e innovación que sexan competencia das entidades beneficiarias dentro do Programa Investigo.

As actividades obxecto das axudas desenvolveranas persoas capacitadas para levar a cabo proxectos de investigación en calidade de investigadoras, tecnólogas, persoal técnico e outros perfís profesionais en I+D+i, facilitando a súa inserción laboral para incrementar a competitividade da investigación e a innovación.

Preferentemente en ocupacións referidas á transición ecolóxica, economía verde, dixitalización de servizos, enxeñaría de datos e *data science*, e outras tarefas encadradas na RIS3 2021-2027.

Beneficiarios:

Empresas pertencentes ao sector privado radicadas en Galicia que estean a investir na realización de iniciativas de investigación e innovación, incluídas as empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT).

Os centro privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan definida a I+D+i como actividade principal.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

PROGRAMA PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL

(Código de procedemento TR303C)

DESCRIPCIÓN

Con este programa preténdese incentivar a contratación de mozas e mozos menores de 30 anos en situación de desemprego mediante contratos formativos.

A convocatoria ten por finalidade mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas mozas en Galicia a través da formalización de contratos de formación para a obtención da práctica profesional ou de contratos de formación con alternancia que lles faciliten a inserción laboral, dotándoos de competencias para o emprego que as acompañen durante a súa vida laboral, coa finalidade última de proporcionarlles a estas persoas unha primeira experiencia no emprego, promovendo a súa empregabilidade e a retención do talento mozo na nosa Comunidade Autónoma.

Serán subvencionables as contratacións por conta allea de persoas mozas mediante a subscrición de:

- Contratos para a obtención da práctica profesional.
- Contratos de formación en alternancia.

Beneficiarios:

As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as comunidades de bens e sociedades civís que contraten persoas mozas traballadoras por conta allea, para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e as condicións que se establecen nesta orde.

Os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral que contraten persoas mozas traballadoras por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, excepto para subscribir contratos con persoas con discapacidade e contratos con persoas en situación ou risco de exclusión social, respectivamente.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

MEDIDA (COD P2.9)

CONTRATACIÓN DE PERSOAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (SNGX) A TRAVÉS DA COLABORACIÓN CON ORGANISMOS INTERMEDIOS SEN ÁNIMO DE LUCRO

(Código de procedemento TR349Z)

DESCRICIÓN

Financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración con organismos intermedios sen ánimo de lucro para a contratación, durante un período mínimo de nove meses, de persoas mozas inscritas como demandantes nos servizos públicos de emprego, e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral.

Beneficiarios:

- Asociacións empresariais sectoriais ou intersectoriais, incluídas as de carácter tecnolóxico.
- Consellos reguladores de denominacións de orixe protexidas, de indicacións xeográficas protexidas e de agricultura ecolóxica.
- Agrupacións industriais empresariais (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliadas en Galicia), que representen un colectivo de empresas galegas.
- Clústeres empresariais.
- Asociacións de persoas traballadoras autónomas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

Favorecer o desenvolvemento da Cidade das TIC e conectala con iniciativas prioritarias para o despregamento de tecnoloxías e empresas innovadoras

OE2

EIXE 4

Infraestrutura e solo industrial

Favorecer o desenvolvemento da Cidade das TIC e conectala con iniciativas clave para o despregamento de tecnoloxías e empresas innovadoras

MEDIDA (COD IF1.1)

AXUDAS PARA A ATRACCIÓN DE EMPRESAS A GALICIA

(Código de procedemento IG408H)

DESCRIPCIÓN

Concesión de axudas para o financiamento de proxectos de investimento empresarial das seguintes modalidades:

I.1. Proxectos de investimento empresarial cun investimento subvencionable de entre 800.000 € e 10.000.000 €.

I.2. Proxectos de investimento igual ou superior a 100.000 €, con creación de emprego de 25 ou máis postos de traballo de carácter indefinido a tempo completo.

Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas (pemes) que teñan previsto realizar un investimento nun centro de traballo situado na Comunidade Autónoma de Galicia, considerados subvencionables ao abeiro do disposto nas bases.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (COD IF1.2)

PROGRAMA CENTROS DIXITAIS – AXUDAS AO INVESTIMENTO DAS PEMES E GRANDES EMPRESAS PARA A CREACIÓN DE CENTROS DIXITAIS DE XESTIÓN REMOTA

(Código de procedemento IG535B)

DESCRICIÓN

Apoio para a posta en marcha de proxectos de creación de centros dixitalizados para o desenvolvemento de sistemas e conectividade dixital, para a vixilancia ou xestión a distancia de activos ou instalacións, para o control e mando de operacións en calquera área de actividade, especialmente para as instalacións de produción ou xeración de enerxías renovables e no ámbito da mobilidade. O valor engadido irá máis aló dunha empresa concreta, podendo xerar instalacións de uso combinado polivalente.

Beneficiarios:

Pemes que proxecten un investimento nunha infraestrutura (centro dixital) subvencionable na provincia da Coruña.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Mellorar a conectividade de banda larga e redes ultrarrápidas en toda Galicia

OE2

EIXE 4

Infraestrutura e solo industrial

Mellorar a conectividade de banda larga e redes ultrarrápidas en toda Galicia

MEDIDA (COD IF2.1)

FOMENTAR O DESENVOLVEMENTO DAS REDES DE COMUNICACIÓN PARA GARANTIR O DESPREGAMENTO TECNOLÓXICO EN TODO O TERRITORIO

DESCRICIÓN

Inclúense nesta medida as actuacións orientadas a impulsar a mellora da conectividade, especialmente no ámbito rural, tanto en redes de banda larga fixa e móbil como noutras tecnoloxías de conectividade sen fíos, tales como NbloT, LoraWan ou WiFi HaLow.

Así mesmo, abórdase a vixilancia das tecnoloxías emerxentes (5G-AS ou satélites de órbita baixa LEO) e futuras (como o 6G) co obxectivo de traballar na súa implementación futura co fin de que Galicia continúe a avanzar no eido da sociedade da información.

O obxectivo é fomentar o desenvolvemento das redes de comunicación para impulsar o despregamento tecnolóxico en todo o territorio. Para acadar este obxectivo, está previsto a día de hoxe traballar nos seguintes ámbitos:

- **Nodo Conectivi.gal:** Estrutura de colaboración público-privada que ten como finalidade promover e dinamizar un ecosistema con entidades especializadas no ámbito da conectividade que contribuirá a unha maior expansión e adopción destas tecnoloxías.
- **Cobertura de móbil no rural:** Está a avaliarse a posibilidade de executar unha nova actuación de mellora da cobertura a través da execución de infraestruturas de soporte e equipamento necesario en zonas con deficiencias. Na actualidade, están a iniciarse os trámites necesarios para realizar unha segunda actuación na mesma liña.
- Vixilancia das **tecnoloxías emerxentes e futuras** en materia de conectividade para tomar decisións de actuación que contribúan ao desenvolvemento destas en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE


CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

Entidades asinantes do Nodo Conectivi.gal: Universidades (USC, UDC e UVigo), Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia (Atiga) e Operadores (Retegal, Telefónica, Vodafone e Orange).

Despregar novas infraestruturas de I+D+i



MEDIDA (COD IF3.1)

PROXECTO GALEGO DE CREACIÓN DUNHA REDE DE LABORATORIOS E CENTROS DEMOSTRADORES PARA A INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EN SOLUCIÓN DE CIBERSEGURIDADE APLICADAS A TECNOLOXÍAS PARA O SECTOR DO TRANSPORTE INTELIXENTE, E PARA A EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS DE CIBERSEGURIDADE

DESCRICIÓN

Esta iniciativa, impulsada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia no contexto do programa RETECH en colaboración con INCIBE, ten como obxectivo principal crear unha rede de laboratorios e centros demostradores de ciberseguridade que se constitúa como punto de encontro entre a innovación neste ámbito e as necesidades do tecido empresarial galego, da Administración pública e da cidadanía de Galicia.

Por unha banda, esta rede incluírá os laboratorios e centros demostradores de ciberseguridade en produtos con elementos dixitais e ciberseguridade industrial da Xunta de Galicia, que integrarán tecnoloxías avanzadas de ciberseguridade IoT e ciberseguridade industrial ao servizo da Administración pública, da industria e dos sectores estratéxicos do territorio.

Por outra banda, para dar resposta ás necesidades emerxentes en ciberseguridade en Galicia e reforzar a colaboración entre entidades do ámbito innovador e tecnolóxico, formalizouse un Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e o Instituto Tecnolóxico de Galicia, Universidade de Vigo, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia, para crear unha rede de laboratorios e centros demostradores en ciberseguridade no ámbito do programa RETECH (Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica) e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATION, PRTR a través de INCIBE. Cada un dos axentes clave cos que se conveniu creará o seu propio laboratorio, con enfoques diferenciados pero cunha base común: a ciberseguridade como eixe central, sendo o obxectivo común fomentar a investigación e a innovación en solucións de ciberseguridade, principalmente orientadas ao sector do transporte intelixente.

Para acadar este obxectivo de ambas as iniciativas, establécense 5 liñas de actuacións:

- Amtega: Laboratorio/Centro demostrador de ciberseguridade en produtos con elementos dixitais e ciberseguridade industrial da Xunta de Galicia.
- ITG: Laboratorio/Centro demostrador móbil avanzado para auditorías de ciberseguridade do espazo aéreo UAS (non tripulados).
- UVigo: Laboratorio/Centro demostrador en seguridade, privacidade e confianza en 5G e 6G.
- CTAG: Laboratorio/Centro demostrador de ciberseguridade e hacking ético orientado a V&V.
- Gradient: Laboratorio/Centro demostrador enfocado en ciberseguridade 5G e ciberseguridade industrial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG)

Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient)

Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)

Universidade de Vigo (UVigo)

Desenvolver plataformas de transformación dixital para todos os sectores económicos, con especial énfase na IA

OE2

EIXE 5

Dixitalización sectorial

Desenvolver plataformas de transformación dixital para todos os sectores económicos, con especial énfase na IA

MEDIDA (COD D1.1)

CONVENIO PARA A CREACIÓN DUN ESPAZO DE DATOS INDUSTRIAL DE GALICIA E DESENVOLVEMENTO DE CASOS DE USO

DESCRICIÓN

Programa de espazo de datos que se configura como unha experiencia piloto de contornos colaborativos onde diferentes organización e sectores poden compartir, intercambiar e utilizar datos de xeito seguro, interoperable e con control sobre a súa privacidade.

Os espazos de datos son áreas dixitais altamente avanzadas deseñadas para facilitarlle a empresas, institucións ou entidades o acceso a grandes volumes de datos e ao intercambio de información baixo estritos principios de seguridade, privacidade e control.

Trátase de facilitar a creación de novos servizos, produtos e procesos baseados en datos, e que resultarán claves para potenciar e fortalecer o desenvolvemento da intelixencia artificial no noso territorio.

O proxecto finalizará no ano 2026 e executarase en dúas fases: a fase de desenvolvemento e a fase de validación. Na primeira, a iniciativa centrará os seus esforzos na posta en marcha de solucións tecnolóxicas para sectores clave da economía galega, como a automoción, o naval, o sector loxístico e o aeroespacial. Na segunda fase, desenvolveranse casos de uso prácticos nos sectores seleccionados, como sistemas predictivos de demanda para o naval, aforro enerxético na automoción, planificación con drones para mellorar a última milla na loxística costeira, ou rutas intelixentes no transporte marítimo e terrestre.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)

Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (Dihgigal)

AXUDAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL DAS PEMES

(Código de procedemento IG300C)

DESCRICIÓN

Axudas destinadas á posta en marcha de proxectos de dixitalización cuxa finalidade sexa a implantación de solucións para o soporte dixital de procesos nunha empresa ou para proxectos de interconexión dixital de procesos entre unha empresa galega e outras empresas ou entre dúas ou máis empresas galegas, como poden ser ordes de fabricación distribuída, sistemas de facturación, ou procesos entre un líder industrial cara ás pemes que conforman a súa cadea de valor.

Beneficiarios:

Pequenas e medianas empresas (pemes), incluídos empresarios/as autónomos, que teñan un centro de traballo en Galicia onde se vaia realizar o proxecto.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)**PROGRAMA REACTIVA-TEC****DESCRICIÓN**

Segundo os últimos datos publicados no Osimga, o 96% das empresas galegas son microempresas (de 0 a 9 persoas traballadores). Ademais, moitas delas teñen dificultades para poderen acceder a servizos de asesoramento especializado en innovación tecnolóxica; desde a súa perspectiva dixital, debido ao seu reducido tamaño e volume de facturación.

Facilitar o acceso a estes servizos modulares de asesoramento especializado a pemes que lles permitan adaptarse ao novo contexto económico está recollido dentro das funcións da Amtega, nos que se ofrecen servizos específicos de ciberseguridade, dixitalización de procesos, captación, relación e fidelización dos clientes mediante recursos tecnolóxicos dixitais ou implementación de prácticas Inner Source.

O Programa REACTIVA-TEC é unha iniciativa que busca mellorar a competitividade das pemes galegas mediante a oferta de servizos especializados en innovación tecnolóxica dixital.

Este programa está cofinanciado pola Unión Europea e céntrase en cinco servizos desde unha perspectiva tecnolóxica, dixital e innovadora:

- Diagnóstico de grao de innovación tecnolóxica.
- Definición e implementación de estratexias de ciberseguridade.
- Dixitalización de procesos mediante *big data*.
- Implantación de solucións para a captación e fidelización de clientes.
- Uso de solucións baseadas en *software* libre.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA -

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

Liderado da Xunta de Galicia nas mellores prácticas dixitais e innovación TIC

OE2

EIXE 5

Dixitalización
sectorial

Liderado da Xunta de
Galicia nas mellores
prácticas dixitais e
innovación TIC

MEDIDA (COD D2.1)

PROMOCIONAR A TECNOLOXÍA DESENVOLVIDA EN GALICIA AO SERVIZO DA DIXITALIZACIÓN PÚBLICA

DESCRIPCIÓN

Dar visibilidade, en Galicia e fóra desta, ás iniciativas implantadas, de vangarda en moitos dos casos. Para conseguir este obxectivo, prevense varias accións, tales como:

- Establecemento de convenios de colaboración cos medios de comunicación galegos de prensa escrita de maior relevancia para a difusión das actuacións relacionadas coa Estratexia Galicia Dixital 2030. Materialízanse en espazos reservados nos medios impresos (páxinas completas), celebración de webinars, etc.
- Celebración dun ou varios eventos de referencia tecnolóxicos en 2026, en colaboración con axentes de relevancia do sector, tanto nacionais como internacionais.
- Lanzamento de campañas de difusión con novas mensaxes e creatividade sobre a tecnoloxía desenvolvida en Galicia. A campaña estaría composta de varias pezas: spot de 30" para TV, creatividade para medios impresos, creatividade para medios dixitais, cuña de radio, publicidade exterior (paneis ou MUPI).

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

Secretaría Xeral de Medios e RETEGAL

DESENVOLVEMENTO DO ECOSISTEMA GOBTECH GALICIA**DESCRICIÓN**

Desenvolvemento dun proxecto que impulse a utilización de tecnoloxías transformadoras que atenda as necesidades das AAPP, enmarcado no ecosistema GobTech da Administración galega.

O ecosistema GobTech da Administración galega proporciona un marco de colaboración para desenvolver solucións baseadas en tecnoloxías intelixentes aplicadas á Administración pública:

- Acordo marco de 30 M€ para a contratación de servizos tecnolóxicos transformadores.
- Galicia participa no consorcio *Govtech4all*, xunto a 21 axencias e empresas europeas de 15 países, para incorporar innovación e elevar o perfil de "govtech" en cada territorio a un nivel común propio da UE. Foco: proxectos piloto, interoperabilidade e aplicación de IA a procesos administrativos.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DO DATO DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA**DESCRICIÓN**

Redacción da Estratexia do Dato do Sector Público Autonómico de Galicia.

A elaboración desta estratexia terá en conta:

- O aliñamento cos marcos europeos e estatais de xestión do dato, incorporando unha visión holística que posibilate a xestión adecuada dos datos e a súa inserción no marco legal vixente.
- O establecemento dun marco de acceso por parte das entidades empresariais e de I+D+i.

A Estratexia do Dato do Sector Público Autonómico de Galicia terá entre os seus obxectivos:

- Establecer un modelo de gobernanza e de xestión do dato adaptado ás necesidades da Xunta e dos seus departamentos.
- Establecer políticas e boas prácticas para garantir calidade, seguridade, accesibilidade e uso responsable da organización.
- Crear un catálogo de datos para facilitar a reutilización e transparencia.
- Impulsar a cultura do dato, a través da formación, comunicación e xestión do cambio.
- Fomentar a innovación baseada en datos, e garantir o aliñamento coa Estratexia de IA.

UNIDADE RESPONSABLE


CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

UNIDADE RESPONSABLE

Clúster TIC Galicia

Coordinación e seguimento conxunto para impulsar o crecemento do sector TIC galego como ecosistema integrado multiactor e multisector



MEDIDA (COD G1.1)

COMISIÓNS DE SEGUIMENTO SECTORIAIS

DESCRICIÓN

Reunións periódicas da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial cos clústeres e asociacións sectoriais para monitorizar a difusión do plan director e avaliar o impacto das medidas impulsadas desde a Xunta de Galicia. Estas xuntanzas servirán para establecer liñas de traballo comúns que permitan mellorar o fortalecemento e a competitividade da industria galega.

A Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial actuará como canle de comunicación entre o tecido industrial galego e a Administración para o desenvolvemento, seguimento e avaliación de impacto dos plans directores. Así mesmo, pode funcionar como elemento facilitador para propiciar reunións colaborativas entre o sector e organismos con competencia en materia industrial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

CLÚSTERES E ASOCIACIÓNS SECTORIAIS

FORTEALECIMENTO DO DIÁLOGO SOCIAL CO SECTOR**DESCRICIÓN**

Medida dirixida a reforzar o diálogo social con participación activa das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, co obxecto de establecer unha liña colaborativa dirixida a fomentar a participación e a mellorar e fortalecer a competitividade da industria galega.

Deste xeito, os integrantes da mesa de diálogo social serán parte activa no proceso de elaboración dos plans directores e do seu seguimento. A Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial achegaralles os informes de avaliación dos plans, co fin de que poidan valorar o seu impacto e realizar suxestións sobre a súa implantación.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

MESA DO DIÁLOGO SOCIAL

GRUPOS DE TRABAJO COS ORGANISMOS DA XUNTA CON COMPETENCIA EN MATERIA DE POLÍTICA INDUSTRIAL**DESCRICIÓN**

Os grupos de traballo da Xunta analizarán as prioridades sectoriais detectadas nos plans directores e articularán, de xeito coordinado, as liñas de actuación que solucionarían as demandas requiridas desde os diferentes sectores industriais. Os estudos de impacto realizados desde a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial serán obxecto de análise dentro do grupo e poderán conducir a modificacións e/ou axustes sobre as liñas de actuación que non estean acadando os obxectivos desexables. Froito destas xuntanzas, analizaranse tamén as propostas de novas medidas que atendan aos requirimentos do tecido industrial e/ou que xurdan como necesarias atendendo á evolución dos diferentes sectores industriais.

A Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial convocará os representantes dos distintos grupos segundo a materia a tratar e funcionará como enlace entre este grupo de traballo e as comisións de seguimento sectorial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

ORGANISMOS DA XUNTA CON COMPETENCIAS EN MATERIA INDUSTRIAL

Avaliación do plan director

OE2

EIXE 6

Nova gobernanza

Avaliación do plan director

MEDIDA (COD G2.1)

POSTA EN MARCHA DO MAPA INDUSTRIAL DE GALICIA

DESCRICIÓN

Ferramenta de política industrial complementaria aos plans directores que proporciona varias funcionalidades:

- Análise, ao compoñer unha perspectiva analítica exhaustiva e fundamentada en fontes oficiais e cuantitativas da situación da industria galega.
- Consulta, ao servir de instrumento de consulta de información fiable, actualizada, contextualizada, comparable e visual para os responsables públicos implicados no deseño e desenvolvemento de políticas de planificación e promoción industrial.
- Medición de impacto; ao incluír un cadro de mando de indicadores propio para medir o impacto das súas medidas, o mapa industrial é unha canle pola que comprobar os seus resultados finais e a súa capacidade de transformación do tecido industrial.

O obxectivo que se persegue sería analizar a situación e a evolución da industria galega desde tres eixes: tecido empresarial, territorio e solo industrial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

MEDIDA (COD G2.2)

ANÁLISES BIANUAIS DE IMPACTO DO PLAN DIRECTOR

DESCRICIÓN

Informes bianuais de impacto do plan director, realizando seguimento e avaliación parcial de resultados a través dos indicadores asociados ás diferentes liñas de actuación e de impacto global atendendo á evolución das variables macroeconómicas obxectivo.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

Criterios de Intervención

OE2

EIXE 6

Nova gobernanza

Criterios de intervención

MEDIDA (COD G3.1)

PLAN AUTONÓMICO DE IMPULSO E ACELERACIÓN DOS PROXECTOS INDUSTRIAIS E PROXECTOS INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS (PIE)

DESCRIPCIÓN

A lexislación autonómica regula dúas figuras orientadas ao impulso dos proxectos industriais en Galicia co obxectivo de contribuír a que poidan executarse no menor tempo posible, mediante o acompañamento e asesoramento ás persoas promotoras dos investimentos durante as tramitacións administrativas que sexan necesarias, así como a simplificación e axilización das devanditas tramitacións. Estas figuras son os proxectos incluídos dentro do Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais e os proxectos industriais estratéxicos (PIE).

No caso do Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, os proxectos que aspiren a ser incluídos nel deben acreditar un investimento superior a 800.000€ en activos fixos, excluídos os terreos. Mediante este plan, ademais de darse o indicado acompañamento e asesoramento, e reducirse os prazos na tramitación dos procedementos, colabórase co concello onde se vai implantar o proxecto, asegurando a coordinación entre as administracións, así como a cooperación e asistencia activa que puidese precisar a Administración municipal para o eficaz cumprimento das súas competencias en relación coa implantación do proxecto, coa finalidade de lograr a posta en marcha do proxecto industrial no menor tempo posible.

Os proxectos industriais estratéxicos (PIE), cuxa tramitación urxente impulsa de oficio a Xunta de Galicia, están deseñados para que se poidan acoller a eles os proxectos que acrediten, entre outros requisitos:

- Investimento superior a dous millóns de euros en activos fixos, excluídos os terreos, e a creación dun mínimo de 25 empregos (acreditando a titularidade do solo onde se vai implantar e a incidencia ou interese cualificado para o tecido industrial galego).
- Investimento mínimo de vinte millóns de euros, creación de emprego mínimo de 100 postos de traballo, ou que complementen cadeas de valor ou pertenczan a sectores estratéxicos.

Esta figura busca atraer e potenciar novos investimentos nacionais e internacionais, fomentar a innovación, a internacionalización e a competitividade, así como simplificar os procedementos administrativos necesarios para a súa implantación.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

ORGANISMOS DA XUNTA CON COMPETENCIAS NA MATERIA

MEDIDA (COD G3.2)

DISCRIMINACIÓN POSITIVA PARA A INCORPORACIÓN DAS MULLERES NA INDUSTRIA

DESCRICIÓN

Incorporar accións de sensibilización e comunicación entre as mulleres mozas para espertar vocacións industriais, así como fomentar a incorporación de criterios de valoración positiva nas diferentes liñas de actuación que integran o plan para favorecer esa incorporación.

Dentro dos indicadores obxectivos dos plans directores, incorporaranse os que permitan coñecer en detalle o peso do emprego feminino na industria galega e a evolución da súa participación nas diferentes ramas de actividade industrial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Dirección Xeral de Promoción da Igualdade

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

ÓRGANOS CON COMPETENCIA EN MATERIA DE POLÍTICA INDUSTRIAL QUE POIDAN INCLUÍR MEDIDAS DE DISCRIMINACIÓN POSITIVA PARA FAVORECER A INCORPORACIÓN DA MULLER NA INDUSTRIA

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL**DESCRICIÓN**

Actuacións extraordinarias para a mellora da seguridade industrial en Galicia, entre as que se atopan:

- Creación do Consello Galego de Seguridade Industrial, órgano colexiado con representación das asociacións empresariais e sindicais máis representativas, os colexios profesionais con competencias en materia de industria, os axentes do sector industrial e do sistema da seguridade industrial de Galicia, así como os órganos da Administración autonómica con competencias relacionadas coa seguridade industrial.
- Plans extraordinarios de inspección de seguridade industrial, que complementan os plans anuais ordinarios que desenvolve a Consellería de Economía e Industria.
- Medidas de difusión e formación sobre seguridade industrial (xornadas técnicas, Congreso de Seguridade Industrial, guías técnicas...).

A partir da detección de necesidades específicas nos sectores industriais, así como das propias propostas do Consello Galego de Seguridade Industrial, poderán definirse novas actuacións a desenvolver nos vindeiros anos, co alcance e dotación orzamentaria que se determine.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

Todas as entidades públicas e privadas que teñen representación no Consello Galego de Seguridade Industrial

DESCRICIÓN

Actuacións destacadas para a mellora da seguridade e saúde laboral:

Impulsar canles de participación activa cos axentes sociais para incrementar a calidade das actuacións no eido preventivo nos lugares de traballo, principalmente dando resposta ás súas demandas técnicas en prevención de riscos laborais

Unha das principais funcións do Issga é a de prestarlles ás organizacións sindicais e empresariais, e aos demais axentes económicos e sociais, asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e tamén atender ás cuestións que se demanden relacionadas coa prevención e a promoción da saúde no traballo. Realizaranse actuacións de:

- Colaboración cos interlocutores sociais, co fin de promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo.
- Asesoramento técnico e/ou atención a consultas a solicitude de representantes das persoas traballadoras e do empresariado en materia de seguridade e saúde no traballo.
- Fomento da formación en prevención, especialmente dos delegados e delegadas de prevención e membros dos comités de seguridade e saúde laboral.

Investigación da sinistralidade laboral no sector: accidentes de traballo, enfermidades profesionais e enfermidades causadas ou agravadas polo traballo

Investigar os accidentes de traballo co fin de coñecer as causas que os provocan, e desde a perspectiva do sinistro como risco laboral que se pode previr. Elaboración dun informe técnico que lle servirá de apoio á autoridade laboral ou sanitaria, ou na orde xudicial no exercicio das súas respectivas competencias.

Investigar as enfermidades profesionais seguindo un procedemento harmonizado que servirá como ferramenta para identificar un conxunto mínimo e harmonizado de datos que permitirá mellorar o coñecemento epidemiolóxico da enfermidade profesional, as súas causas e a súa orixe.

De xeito continuo, o persoal técnico do Issga presta colaboración pericial e asesoramento técnico á Inspección de Traballo e Seguridade Social no desenvolvemento das súas funcións.

Asistencia técnica á Inspección de Traballo e Seguridade Social en materia preventiva cando se demande

O artigo 9.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece que as administracións das CCAA adoptarán, nos seus respectivos ámbitos de competencia, as medidas necesarias para garantir a colaboración pericial e o asesoramento técnico precisos á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Desde o Issga prestaráselle á Inspección de Traballo e Seguridade Social colaboración e asesoramento técnico nas actuacións técnicas e nas de comprobación e control, tal como se recolle na súa lei de creación e nos seus estatutos.

Actuacións fronte aos riscos ergonómicos e a prevención dos trastornos musculoesqueléticos (TME) e xestión dos riscos psicosociais nos traballos en cadea

En Galicia, máis dunha terceira parte dos accidentes de traballo en xornada laboral débense a sobreesforzos, e ao redor dun 70 % das enfermidades profesionais comunicadas son lesións de tipo musculoesquelético.

Nos traballos en cadea é moi importante impulsar unha correcta xestión destes riscos con campañas de sensibilización, información e asesoramento técnico e coa elaboración de fichas que conteñan a investigación de accidentes de traballo nesta actividade e as medidas preventivas.

Co obxecto de fomentar boas prácticas e unha boa xestión dos riscos psicosociais, difundiranse materiais claves para abordar estes riscos e impulsar programas e proxectos para o coidado integral das persoas nos lugares de traballo.

Beneficiarios: Tecido empresarial, entendido como poboación traballadora e empresas.

Impulsar o traballo seguro e saudable na formación profesional en familias do sector

Cómpre desenvolver actuacións que introduzan o profesorado e o alumnado de formación profesional na aprendizaxe do traballo seguro, consubstancial á aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos da respectiva rama profesional. Se unha alumna ou un alumno aprende a traballar seguro, incorporará este coñecemento no seu futuro profesional, evitando a adquisición de malos hábitos profesionais.

Realizaranse visitas aos centros de FP de Galicia para fomentar e concienciar o alumnado, que pode ser futuro persoal traballador do sector, sobre a importancia da seguridade e saúde no traballo.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN – Issga

Comunicación e difusión para visibilizar a cadea de valor TIC galega

OE2

EIXE 6

Nova gobernanza

Comunicación e difusión
para visibilizar a cadea
de valor TIC galega

MEDIDA (COD. G4.1)

ESTRATEGIA DE COMUNICACIÓN PARA DAR A COÑECER OS PLANS DIRECTORES

DESCRIPCIÓN

Estrategia dirixida a dar a coñecer a reflexión estratéxica que fundamenta os plans e a declaración de sectores industriais estratéxicos, así como os programas e liñas de actuación postas en funcionamento desde a Xunta de Galicia para favorecer a competitividade da industria galega. A presentación de cada plan director incidirá nas medidas que aparecen salientadas en cada documento estratéxico, ao seren as de maior interese para o sector atendendo ás prioridades manifestadas desde o propio tecido industrial.

Esta estrategia incluírá actuacións de comunicación interna dentro da Xunta de Galicia e cos grupos de traballo con competencias en materia de política industrial, xa que facilitará a coordinación institucional e o desenvolvemento operativo do plan, así como a medición do seu impacto. Os informes anuais realizados desde a Dirección Xeral de Estrategia Industrial e Solo Empresarial facilitan que non se perda intensidade no desenvolvemento das actuacións durante toda a execución do plan director.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Estrategia Industrial e Solo Empresarial



ANEXO II





Empresas

- Aldaba Servicios Profesionales, S.L.
- Altia Consultores, S.A.
- APDTIC PROFESIONALES, S.L.
- Auditoría y Gestión de Calidad, S.L. (iAuditoria)
- Avendaño Estudio, S.L.
- Bahia Software, S.L.U.
- Betic Technology, S.L.
- Bimbio Digital Advisory & Business Hub, S.L.
- BlueLeaders Strategy & People S.L.
- Cinfo Contenidos Informativos Personalizados, S.L.
- Cloud.gal, S.L.U.
- Colabora Ingenieros, S.L.
- Control Suprimir, S.L.U. (Librebit)
- Councilbox Technology, S.L.
- Cuatro Digital Technology, S.L.
- Dataspartan España, S.L.
- Design Thinkers & Makers, S.L.
- dooingIT Ciberseguridad, S.L.
- Dos Espacios Internet Consulting, S.L.
- Duacode, S.L.
- Egatel, S.L.
- Enxenio, S.L.
- Evelb Técnicas y Sistemas, S.L.
- Factoría de Software e Multimedia, S.L. (IMAXIN)
- Fujitsu Technology Solutions, S.A.
- Galvin Tecnología S.L. (GALVINTEC)
- Golden Eggs, S.L. (VEGA CONSULTORES)
- Ilux Visual Technologies, S.L.
- Imatia Innovation, S.L.
- Inetum España, S.A.
- Inovalabs Digital, S.L. (INOVA)
- Ipglobal, S.L.
- Kelea European Center, S.L.
- Mestrelab Research, S.L.U.
- Noukee IOT, S.L.U.
- NTTDATA Spain, S.L.U.
- Nunegal Consulting, S.L.
- Pietro Marini (RCA Systems)
- Quobis Networks, S.L.
- R Cable Y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U.
- Serglo-LCG, S.L.
- Serviguide BPO, S.L. (Sg Tech)
- Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L.
- Sistemas Avanzados de Tecnología, S.A. (SATEC)
- Sixtema Proyectos de Información, S.L.
- Startups Inversores, S.L.
- Teimas Desenvolvemento, S.L.
- Torus Software Solutions, S.L.
- Visual Microsystems, S.A.(VISUAL MS)
- Visual Publinet, S.L.
- Vitae Digital Consultores, S.L.U.

Clústeres sectoriais

- Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia
- Fundación Cluster de Automoción y Movilidad de Galicia (Ceaga)
- Fundación Galicia Constrúe, Clúster da Construción
- Asociación Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga)

Organismos de I+D+i

- Universidade da Coruña (UDC) e, concretamente, o centro de investigación CITIC
- Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o centro de investigación CITIUS
- Universidade de Vigo (UVigo) e o centro de investigación AtlantTIC
- Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient)
- Fundación Instituto Tecnológico de Galicia (ITG)
- Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Cesga)

Outras organizacións multiaxe

- Asociacións de Empresas de Tecnología de Galicia (INEO)
- Asociación DIH DATALIFE – HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE (DATALIFE)
- Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia (DIHGIGAL)
- Asociación Startup Galicia
- Asociación Galega de Software Libre (AGASOL)

Colexios profesionais

- Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG)

Organizacións sindicais e empresariais

integrantes da Mesa de Diálogo Social

- CEG - Confederación de Empresarios de Galicia
- CCOO - Comisiones Obreras
- UGT - Unión General de Trabajadores

Organizacións sindicais representativas do sector

- CIG TIC- Confederación Intersindical Galega-Sector TIC

ANEXO III





Axenda Dixital Europea

Estratexia da Unión Europea que promove a dixitalización do continente, con obxectivos en conectividade, IA, competencias dixitais, ciberseguridade e servizos públicos dixitais.

Axenda España Dixital 2026

Plan estatal que adapta a estratexia dixital europea ao contexto nacional e articula investimentos e reformas para a transformación dixital.

B2B (*Business-to-Business*)

Modelo de negocio orientado ás transaccións entre empresas.

B2G (*Business-to-Government*)

Modelo de negocio onde una empresa presta servizos ou vendas ás administracións públicas.

B2B2G (*Business-to-Business-to-Government*)

Modelo no que empresas colaboran para subministrar solucións á Administración pública.

Big Data

Conxunto de técnicas e ferramentas para o tratamento masivo de datos, que permiten extraer información valiosa para a toma de decisións.

Blockchain

Tecnoloxía que permite o rexistro distribuído e seguro de transaccións dixitais sen intermediarios.

Ciberseguridade

Conxunto de medidas destinadas a protexer sistemas, redes e datos.

Computación cuántica

Tecnoloxía que emprega principios cuánticos para cálculos avanzados.

Computación de altas prestacións (HPC)

Capacidade de procesamento baseada en supercomputadores que permite executar operacións complexas a gran velocidade, esencial para IA avanzada, simulación científica e análise masiva de datos.

Cumprimento normativo en IA (*AI Compliance*)

Proceso mediante o cal unha empresa garante que os seus sistemas de intelixencia artificial cumpren os requisitos legais, técnicos e éticos establecidos polo Regulamento Europeo de IA e outras normativas aplicables.

Deeptech

Innovación baseada en tecnoloxías profundas e científicas.

Dixitalización

Adopción de tecnoloxías dixitais para mellorar eficiencia e competitividade.

Dobre transición

Proceso simultáneo de transición verde e dixital.

Economía circular dixital

Modelo económico que integra tecnoloxías dixitais para reducir o consumo de recursos, optimizar procesos e favorecer a reutilización e reciclaxe, contribuíndo á sustentabilidade e á eficiencia enerxética.

Economía do Dato

Modelo baseado na xeración e aproveitamento do valor dos datos.

Ecosistema TIC

Conxunto de actores que interactúan arredor das tecnoloxías dixitais.

Edge computing

Procesamento de datos preto do seu punto de orixe.

Espazo de datos (*data space*)

Contorno dixital seguro e interoperable que permite compartir datos entre organizacións mantendo o control, a privacidade e os estándares europeos, co obxectivo de crear novos servizos, solucións e modelos de negocio baseados en datos.

Estratexia de Especialización Intelixente RIS3

Estratexia europea de especialización intelixente que guía os investimentos en innovación das rexións, identificando áreas prioritarias baseadas nas súas capacidades científicas, industriais e tecnolóxicas para maximizar impacto e vantaxes competitivas.

FactorIA

Infraestrutura ou contorno avanzado que integra recursos de computación, datos e experimentación para desenvolver, probar e validar solucións de intelixencia artificial, facilitando a súa adopción por empresas, centros de I+D e administracións, conforme ás directrices europeas de IA confiable

Gobernanza

Sistema de coordinación e decisión no marco do Plan Director.

GobTech (*GovTech*)

Modelo de innovación no que *startups* e empresas tecnolóxicas colaboran co sector público para desenvolver solucións dixitais avanzadas orientadas á mellora dos servizos públicos.

IA xerativa

Sistemas capaces de crear contido orixinal.

Industria 4.0

Modelo produtivo baseado na automatización e IA.

Innovación aberta

Modelo colaborativo de desenvolvemento tecnolóxico.

IoT - Internet das Cousas

Rede de dispositivos conectados que intercambian datos.

Misións de especialización intelixente

Iniciativas orientadas a retos estratéxicos da RIS3.

Nube (Cloud computing)

Infraestrutura para almacenar e procesar datos en liña.

One Health

Enfoque integral que entende a saúde humana, animal e ambiental como sistemas interconectados, orientando políticas, tecnoloxías e investigación a solucións que teñan impacto transversal nestas tres dimensións.

Plan director sectorial

Instrumento estratéxico para sectores industriais.

Plataformas sectoriais de transformación dixital

Entornos colaborativos para o desenvolvemento de solucións sectoriais.

Portelo único dixital

Punto centralizado de acceso a servizos de dixitalización.

Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial (AI Act)

Regulamento (UE) 2024/1689 que establece o primeiro marco legal europeo para garantir o desenvolvemento, comercialización e uso da intelixencia artificial de forma segura, ética e centrada nos dereitos fundamentais, clasificando os sistemas de IA por niveis de risco.

Sandbox regulatorio

Entorno de proba controlado no que empresas e administracións poden experimentar con solucións innovadoras baixo supervisión e con excepcións reguladoras limitadas, para avaliar riscos e impacto antes da súa adopción completa.

Scaleup

Empresa en fase de crecemento rápido.

Spin-off

Empresa creada para explotar coñecemento xerado nunha entidade matriz.

Spin-out

Empresa que nace dunha organización pero opera independentemente.

Startup

Empresa nova con alto potencial innovador.

Sustentabilidade dixital

Integración de criterios ambientais e sociais na tecnoloxía.

Technology Readiness Level (TRL)

Escala internacional que mide o nivel de madurez dunha tecnoloxía, desde a investigación básica (TRL1) ata a implantación comercial e validación no mercado (TRL9).

Tecnoloxías emerxentes

Novas tecnoloxías con potencial transformador.

Tecnoloxías STEP

Conxunto de tecnoloxías estratéxicas identificadas pola Unión Europea como críticas para a soberanía tecnolóxica, incluíndo intelixencia artificial, semicondutores, *cloud*, computación cuántica, ciberseguridade, biotecnoloxía e outras disciplinas *deeptech* consideradas esenciais para a competitividade e autonomía industrial.

Testbed

Infraestrutura de experimentación que permite probar, validar e demostrar tecnoloxías ou solucións dixitais en condicións próximas ao seu uso real, reducindo riscos antes da súa implantación.

Xemelgo dixital

Representación virtual dun sistema real.



Índice de medidas

OE1. Galicia, potencia produtora dixital

EIXE 1

X1	Impulsar a internacionalización do sector TIC	
X1.1	Galicia exporta organismos intermedios	180
X1.2	Adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial	181
X1.3	Galicia exporta empresas – Axudas para a execución de accións de promoción exterior	182
X1.4	Axudas FOEXGA (Fomento das exportacións galegas) - Pemes.	183
X1.5	(Ver ficha C1.4)	192
X2	Fomentar o aumento do tamaño das empresas TIC	
X2.1	Oficina económica de Galicia	184
X2.2	Re-Acciona	186
S1	Galicia como epicentro da TIC verde	
S1.1	Axudas á implantación de medidas para o avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais	187
S1.2	Obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada.	188
S1.3	(Ver ficha C2.2)	195
S2	Impulsar a eficiencia enerxética multisectorial mediante solucións dixitais innovadoras	
S2.1	Subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas.	189
S2.2	(Ver ficha C2.2)	195
S2.3	(Ver ficha C1.5)	193
S2.4	(Ver ficha C1.4)	192

EIXE 2

C1	Impulsar as misións galegas de <i>deeptech</i> TIC orientada aos retos e oportunidades de mercado	
C1.1	Programa de unidades mixtas de investigación	190
C1.2	Servizos do Cegsa para empresas	191
C1.3	Axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e ensaio e experimentación	192
C1.4	Igape Innova	192
C1.5	Industria Innova	193
C2	Capacitar as empresas TIC de Galicia nos ámbitos das certificacións empresariais e profesionais e en excelencia directiva	
C2.1	Servizo de apoio a empresas, especialmente pemes, para o cumprimento do regulamento europeo de intelixencia artificial	194
C2.2	Ticket Innova	195
C2.3	Axudas ao posicionamento das empresas galegas como subministradoras en materia de seguridade e defensa	196
C3	Reforzar o clúster TIC Galicia como eixe vertebrador do sector	
C3.1	Axudas ás agrupacións empresariais (Clústeres) Innovadoras na comunidade autónoma de Galicia	197
I1	Promover o investimento e o desenvolvemento de produto TIC por parte das empresas TIC de Galicia	
I1.1	Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación	198
I1.2	Préstamos para investimentos	199
I1.3	Préstamos para financiamento operativo	199
I1.4	Programa Nexos	200
I1.5	Proxectos de I+D empresarial.	200

I1.6	Proxectos colaborativos de I+D+I para o desenvolvemento de tecnoloxías cuánticas e intelixencia artificial	201
I1.7	Ignicia proba de concepto	202
I1.8	IA 360	203
I1.9	Servizos PEME Europa	204
I1.10	Vinnovate Galicia.	205
I1.11	Recuperación excelencia Neotec	206
I1.12	Reaval Crecemento – Préstamos avalados para o crecemento das pemes	206
I1.13	Reaval garantías ante terceiros vinculadas a operacións de tráfico ou avais técnicos.	207
I1.14	(Ver ficha C1.4)	192
I2	Atraer e fomentar novos centros de datos e servizos TIC	
I2.1	Investimento para infraestruturas locais – (Infraestruturas abertas e colaborativas)	208
I2.2	Fábrica europea de intelixencia artificial no ámbito de <i>One Health</i>	209

EIXE 3

I3	Facilitar o emprendemento e a consolidación das <i>startups</i> TIC de Galicia	
I3.1	Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica.	210
I3.2	Axudas <i>Startups</i>	211
P1	Crear a escola de capacitación profesional continua das TIC de Galicia e desenvolver plenamente o modelo das microcredenciais profesionais	
P1.1	Formación especializada en tecnoloxías da información para profesionais (<i>upskilling</i>) e futuros profesionais do sector (<i>reskilling</i>) do centro de novas tecnoloxías de Galicia (CNTG)	212
P1.2	Acreditación de experiencia profesional.	213
P1.3	Plan FPGal360	214
P1.4	Apoio a persoas traballadoras afectadas por empresas en crise.	215
P1.5	Accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B e C, E competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas	215
P1.6	Rede galega de dinamización da relación con empresas na formación profesional	216
P1.7	Plan Conecta FP Galicia	216
P1.8	Estadías formativas en empresas ou organismos equiparados.	217
P1.9	Proxectos de formación do profesorado de formación profesional e de ensinanza de réxime especial e formación en alta especialización para o profesorado de FP	218
P1.10	Creación dun centro de formación especializado en novas ocupacións profesionais vencelladas á transición verde e dixital na Cidade das TIC (A Coruña)	219
P1.11	Bonos talento empresa cofinanciados pola unión europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027	220
P1.12	Programa educativo “Que non te Lén, ti Elixes”	221
P1.13	Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE)	222
P1.14	(Ver ficha D1.2)	236
P2	Dotar ao sector dun portal de emprego e talento con alcance tanto local como internacional	
P2.1	Galicia Suma Talento: Plan de formación empresas	223
P2.2	Programa Retorna Cualifica Emprego	224
P2.3	Arraigo sociolaboral	224
P2.4	Programa doutoramentos industriais	225
P2.5	Perfilado competencial emprego intelixente (EMI) e IA aplicada ao mercado laboral	225
P2.6	Programa Galicia Emprega de incentivos á contratación por conta allea	226
P2.7	Programa Investigo	227
P2.8	Programa primeira experiencia profesional.	228
P2.9	Contratación de persoas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil (SNGX) a través da colaboración con organismos intermedios sen ánimo de lucro.	229

OE2. Reforzar o ecosistema industrial a través das TIC

EIXE 4

IF1	Favorecer o desenvolvemento da cidade das tic e conectala con iniciativas prioritarias para o despregamento de tecnoloxías e empresas innovadoras	
IF1.1	Axudas para a atracción de empresas a Galicia.	230
IF1.2	Programa Centros Dixitais – Axudas ao investimento das pemes e grandes Empresas para a creación de centros dixitais de xestión remota.	231
F1.3	(Ver ficha D1.1)	235
IF1.4	(Ver ficha I1.2)	199
IF2	Mellorar a conectividade de banda larga e redes ultrarrápidas en toda Galicia	
IF2.1	Fomentar o desenvolvemento das redes de comunicación para garantir o despregamento tecnolóxico en todo o territorio.	232
IF3	Despregar novas infraestruturas de I+D+i	
IF3.1	Proxecto galego de creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores para a investigación e innovación en solucións de ciberseguridade aplicadas a tecnoloxías para o sector do transporte intelixente, e para a explotación de servizos técnicos de ciberseguridade	233
IF3.2	(Ver ficha IF1.1)	230
IF3.3	(Ver ficha C1.3)	192

EIXE 5

D1	Desenvolver plataformas de transformación dixital para todos os sectores económicos, con especial énfase na IA	
D1.1	Convenio para a creación dun espazo de datos industrial de Galicia e desenvolvemento de casos de uso	235
D1.2	Axudas á transformación dixital das pemes	236
D1.3	Programa REACTIVA-TEC	236
D1.4	(Ver ficha I1.8).	203
D1.5	(Ver ficha C1.4)	192
D1.6	(Ver ficha I1.7).	202
D1.7	(Ver ficha C1.5)	193
D2	Liderado da Xunta de Galicia nas mellores prácticas dixitais e innovación TIC	
D2.1	Promocionar a tecnoloxía desenvolvida en Galicia ao servizo da dixitalización pública	237
D2.2	Desenvolvemento do ecosistema Gobtech Galicia.	238
D2.3	Elaboración da estratexia do dato do sector público autonómico de Galicia	238

EIXE 6

G1	Coordinación e seguimento conxunto para impulsar o crecemento do sector TIC galego como ecosistema integrado multiactor e multisector	
G1.1	Comisións de seguimento sectoriais	239
G1.2	Fortalecemento do diálogo social co sector	240
G1.3	Grupos de traballo cos organismos da Xunta con competencia en materia de política industrial.	240
G2	Avaliación do plan director	
G2.1	Posta en marcha do mapa industrial de Galicia	241
G2.2	Análises bianuais de Impacto do Plan Director	242
G3	Criterios de Intervención	
G3.1	Plan autonómico de impulso e aceleración dos proxectos industriais e proxectos industriais estratéxicos (PIE)	243
G3.2	Discriminación positiva para a incorporación das mulleres na industria	244
G3.3	Medidas extraordinarias en materia de seguridade industrial	245
G3.4	Medidas en materia de seguridade e saúde laboral	246
G4	Comunicación e difusión para visibilizar a cadea de valor TIC galega	
G4.1	Estratexia de comunicación para dar a coñecer os plans directores	248

